

IES PRIMEIRO DE MARZO

BAIONA

CURSO 2022-2023

Xefa do Departamento: Piedad García Ortega

ÍNDICE:

CAPÍTULO	TÍTULO	PÁXINA
I	Introdución e Contextualización.	3
II	Índices das programación didáctica de 2º e 4º de ESO programación didáctica 2º PMAR. programación didáctica de 2º Bacharelato. A Programación didáctica da Formación Profesional Básica. FPB 1º. B Programación didáctica da Formación Profesional Básica. FPB 2º. programación didáctica do Ciclo de Animación Socio-Cultural e Turística.	7
		(En
		cartafoles
		aparte.)
III	Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.	8
IV	Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	15
V	Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	16
VI	Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.	18
VII	Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	18
VIII	Medidas de atención á diversidade.	19
IX	Concreción dos elementos transversais que se traballarán en cada curso.	21
X	Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento de inglés.	22
XI	Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	23
XII	Temporalización	23

I – Introducción e Contextualización.

Departamento.

O Departamento de Inglés conta este curso con cinco profesores: Piedad García Ortega, Xefa do Dpto. de Inglés, Ernesto Rodríguez Bolívar e Carmen Iglesias Falque que tamén ocupan unha praza orgánica no Departamento. Carmen Iglesias será por terceiro segundo ano a Xefa de Estudos. Ernesto tamén impartirá seis horas de Educación Física, A cuarta profesora é Begoña Touceda , a quinta Sara Ruibal, funcionarias en prácticas. A data de hoxe, este ano imos contar cun Profesor Auxiliar de Conversa de Filipinas que foi adxudicado a finais de xuño A xefa do departamento estivo todo o verano en contacto con el, e xa lle concederon a VISA. Esperamos recibilo en outubro, do contrario teremos que falar coa Consellería para intentar conseguir outro/a , pero entendemos que a situación é moi complicada e que lamentablemente poderíamos non contar con esta axuda tampouco este ano.

Contorna Socio-cultural.

Como todos os anos, a maioría do alumnado matriculado na ESO procede dos centros de primaria adscritos pola Consellería ao noso centro: os colexios de Fontes-Baiña, Belesar e Sabarís, en Baiona, e os dous CEIPs de Santa María de Oia. Todos estes centros teñen unha compoñente máis rural e centrada na pesca que vilega, aínda que algúns alumnos/as que viven en Baiona teñen contacto co mundo do turismo xa que a vila de Baiona é un concello de "Excelencia Turística" con gran demanda de persoal na época estival e precisan do inglés para facerse entender con visitantes estranxeiros.

O nivel do alumnado historicamente non é moi alto aínda que hai excepcións, como en todos os centros. No noso caso, hai bastante alumnado da propia vila de Baiona que acode a academias na localidade e amósase cada vez máis receptivo ao idioma inglés. Os pais e nais, ao mesmo tempo, están tamén bastante concienciados do valor que supón saber un idioma estranxeiro e animan aos seus fillos a estudalo con máis ganas. Gran parte desa implicación incide na alta estima que reciben as nosas Seccións Bilingües en Paisaxe e Sustentabilidade en 2ºESO, Bioloxía e Xeoloxía en e 3º. Este ano non puidemos formar Sección Bilingües en Bioloxía en 4º da ESO e Cultura Científica en 1º de Bacharelato.

Grupos, clases e número de alumnos.

Hai dúas **SECCIÓNS BILINGÜES** que son coordinadas polos seguintes profesores:

2ºESO → Sara Ruibal

3ºESO → Ernesto Rodríguez Bolívar

Este ano desdobrearemos só nos dous cursos con Seccións Bilingües , aínda que están configurados como dous, recibirán clase de tres profesores ó mesmo tempo. As vantaxes son que teremos grupos menos numerosos e máis clases de inglés para as Seccións Bilingües, pero isto supón que os profesores de inglés acumulamos moitos niveis.

Pasamos a describir agora a variedade dos grupos aos que impartimos clase e o número de alumnos correspondentes.

En 1ºESO temos dous grupos , e un total de 47 alumnos . Este ano contarán con catro horas semanais.

En 2ºESO temos tres grupos , e un total de 54 . Deses, sae un grupo de Sección Bilingüe con 18 alumnos. E logo contamos cun curso de **2º PDC** con seis estudantes

En 3ºESO temos dous grupos de referencia, un de Sección Bilingüe de 14 estudantes e outro de 3º ESO PDC. O número total de alumnos é de 50.

En 4º ESO temos dous grupos de alumnos , e un total de 53 alumnos.

En 1ºBacharelato hai tres grupos, e un total de 71 alumnos.

Ademais, quedan por contabilizar os alumnos de **2ºBacharelato** con 72 alumnos, divididos en tres grupos.

No **Ciclo Superior de Animación Socio-Cultural e Turística** temos un **1º Curso**, pero aínda non temos datos do número de estudantes matriculados, xa que o proceso remata despois de comezar as clases. A data de hoxe hai 13 estudantes matriculados.

Finalmente este ano tamén haberá os **dous cursos de Formación Profesional Básica** de Actividades domésticas e limpeza de edificios con 16 alumnos en 2º e 12 en 1º. O proceso de matrícula aínda non rematou, de maneira que estes números non son definitivos.

Os grupos de **Sección Bilingüe** - Paisaxe e Sustentabilidade e Ciencias da Natureza e Bioloxía e Xeoloxía- reciben ademais dúas horas voluntarias de inglés fóra do horario lectivo, os xoves pola tarde de 15:20 a 17:00.

Outros materiais e recursos didácticos do Departamento, incluídos os libros de texto.

Respecto aos materiais e recursos didácticos queremos agradecer a colaboración das editoriais que nalgún intre do pasado colaboraron con material para este departamento (libros dixitais, libros de lectura,...). As mesmas proporcionanos material que precisamos en moitas ocasións durante o curso.

De todos os xeitos, hoxe en día contamos con pantallas interactivas e portátiles con acceso á Internet en case todas as aulas que, grazas aos novos libros dixitais de Burlington, Oxford University Press e Macmillan, convertéronse en ferramentas indispensables para o ensino do inglés. A

velocidade de conexión segue a ser, desgraciadamente, o mal co que temos que convivir no noso día a día. (as megas que temos non dan para moito se se quere ver un vídeo de Youtube.)

Ademais...

- Contamos con material bibliográfico en inglés para a materia de Ciencias Naturais. Trátanse de libros específicos e moi atractivos para desenvolver a programación e serán utilizados tanto polos profesores de CCNN como polos profesores de inglés e os alumnos.
- Pantallas intelixentes en case todas as clases. A aula 14 servía como referencia para as clases dos grupos Bilingües de Inglés.
- Temos una dotación de dicionarios para todos os alumnos/as; ademais, hai cortiza ao final de todas as aulas para poder amosar traballos feitos polo alumnado. Tamén está en proxecto unha pequena biblioteca de aula para uso nas clases ou mesmo como futuro préstamo.
- Co presuposto do Departamento e da nosa marabillosa Biblioteca do centro imos aumentando a dotación de libros de lectura para o alumnado, elixindo títulos atractivos e con DVD para que escoiten á vez que len. Este curso, intentaremos aproveitar o PLANB para encargar novos libros.
- Outro material (DVDs, libros, prensa en lingua inglesa, fotografías, revistas, ...) é propiedade do profesorado do Departamento, que o utiliza nas clases co fin de ampliar os coñecementos culturais do alumnado e nalgúns casos tamén como reforzo.
- A Videoteca do centro ten una dotación de películas en V.O. en inglés que podemos utilizar no Departamento. Os últimos títulos adquiridos en debuxos animados son : The Croocs, Ice Age 4 e Epic. Neste curso proporemos adquirir algún novos títulos en V.O.S.: "My Sister's Keeper" (A Decisión de Anne), "Elysium", "Minority Report", "Pride" e algunha outra; estando todas elas relacionadas ben coa materia de Bioloxía/Xeoloxía, ben con costumes ou acontecementos de países de fala inglesa. Tamén aproveitamos para ver filmes dos libros que leron.
- Libros de texto de Ciencias da Natureza e Paisaxismo en inglés para a Sección Bilingüe cedidos pola Editorial Macmillan, libros para consulta de varias editoriais, material fotocopiado Cadernos de Traballo, manuais, pósters para uso dos departamentos de Bioloxía e Inglés.

- CDs que conteñen os textos dos exercicios de "listening" dos libros de texto e dalgúns "readers". Contamos con varios reprodutores de CDs no Dpto.
- Televisor e vídeo compartido co Departamento de Francés.
- O centro ten dúas aulas de Informática que podemos utilizar previa solicitude sempre que as aulas estean libres. Teñen prioridade os departamentos de Tecnoloxía e Animación Sociocultural.
- Outros materiais de "listening" de nivel de principiante, elemental e pre-intermedio, e de prácticas orais e exercicios varios.
- Vídeos didácticos de nivel de iniciación, elemental e pre-intermedio específicos da área de inglés.
- Material de oficina para facer carteis e murais principalmente nas clases de reforzo á Sección Bilingüe.
- Aínda queda unha cantidade da dotación que recibimos para Seccións Bilingües e para Plan de mellora de linguas estranxeiras. Non se gastou na súa totalidade , xa que preferimos non precipitarnos á hora de mercar e poder pensar con calma que material realmente necesitamos e imos empregar. Ata agora , mercamos principalmente xogos que xa están rexistrados no Xade e gardados no departamento de inglés. A última proposta do departamento foi mercar bos micrófonos e equipos para gravar aos estudante. El instituto tamén aportaría algo, de maneira que fosen de uso común, priorizando o noso departamento. Seguiremos buscando. Como todos os anos, tamén recibiremos unha dotación de 200 euros para o Departamento de Inglés. Este ano mercamos cadernos do profesor para tódolos membros do departamento.

MATERIAL OBRIGATORIO PARA O ALUMNADO PARA O CURSO 2022-23

	LIBROS DE TEXTO
1ºESO	On Track 1 (Student's Book + workbook) OUP

2ºESO	NEW ACTION 2 (Student's Book + workbook) Burlington Books
3ºESO	On Track 3 (Student's Book + workbook) OUP
3ºPDC	On Track 3 (workbook) OUP NEW ACTION 3 Caderno Basics 3 (apoio para o profesor)
4ºESO	NEW ACTION 4 (Student's Book + workbook) Burlington Books
FPBásica 1º	ENGLISH : COMUNICACIÓN Y SOCIEDAD 1. Macmillan Education. (Student´s Book and Workbook)
FPBásica 2º	COMUNICACIÓN Y SOCIEDAD 2. Macmillan Education. (só de consulta)
1ºBACH.	Outlook 1 (Student's Book + workbook). Burlington Books.
2ºBACH.	INITIATIVE 2 (Student's Book + workbook). Macmillan Education.
ANISOCTUR	(Trabállase principalmente con fotocopias e outro material vario do departamento.)

II - Índices das programacións didácticas por estudos.

Programación didáctica da ESO.	(En cartafoles aparte.)
Programación didáctica da PMAR.	
Programación didáctica do Bacharelato.	

A	Programación didáctica da Formación Profesional Básica. FPB 1º.	
B	Programación didáctica da Formación Profesional Básica. FPB 2º.	
Programación didáctica do Ciclo de Animación Socio-Cultural e Turística.		

III - Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación cos obxectivos e as competencias clave, e indicación do Grao Mínimo de consecución para superar a materia.

(Os contidos e os estándares están no cartafol da ESO, do Bacharelato, do 3ºPMAR, da FP Básica e do Ciclo ANI.SO.C.TUR.)

Resumo da ESO.

As cualificacións na ESO seguirán estas pautas:

- 10% Libro de lectura
- 10% Listening
- 5% Expresión oral
- 5% Participación, interese, iniciativa, entrega de traballos
- 70% Expresión escrita: gramática, vocabulario, redaccións, readings ...

Como no terceiro trimestre non hai libro de lectura, o último apartado pasa de 70% a 80 %.

Para poder aplicar a media entre todos os aspectos que se avalían o alumno/a deberá obter un mínimo de 30% da nota. Se non saca ese mínimo de 30% en cada apartado, non aprobará e polo tanto quedará avaliado cun insuficiente.

A avaliación é continua ,e acumulable, polo tanto os alumnos serán avaliados de tódolos contidos vistos dende o comezo do curso.

Será obrigatorio realizar tanto as probas orais como as escritas. No caso de que se negara, no participara ou non as realizara, quedará avaliado cun insuficiente.

A cualificación mínima global (suma de tódolos apartados) para aprobar cada avaliación, así como a avaliación final de curso, será de 5 puntos sobre un total de 10.

Para o cálculo da nota final na convocatoria ordinaria, aplicaranse os seguintes cálculos: a nota da primeira avaliación vale un 20%, a nota da segunda avaliación vale un 30% e a nota de la terceira avaliación vale un 40%. No caso de suspender a materia na primeira convocatoria de xuño, o estudante deberá presentarse na convocatoria extraordinaria a un exame que suporá o 80% de la nota e 20 % dos traballos feitos durante este tempo. Os estudantes que aprobaron na convocatoria ordinaria poderán mellorar ata 1 punto. Este 10% restante será para o Proxecto Interdisciplinar.

Avaliación e promoción na ESO.

a) Procedementos e sistemas de avaliación. (Ver cartafol de cada etapa.)

b) Criterios de promoción na ESO.

A avaliación nesta materia é continua e acumulativa ó longo do curso: integradora porque en calquera momento do curso o alumnado debe amosar que ten acadados os obxectivos e que domina toda a materia explicada ata ese momento; continua porque a nota final reflectirá a situación acadada polo alumno/a no mes de xuño (ou setembro se é o caso), independentemente dos resultados que tivera nas outras avaliacións, e formativa, porque axudará ao alumno na súa realización como persoa cuns valores positivos cara á sociedade na que se integre.

O profesor/a servirse dos seguintes procedementos para avaliar ó alumno en todos os cursos de ESO:

- Chamadas en clase: diálogos, preguntas,...
- Control das tarefas feitas na casa: redaccións, Workbook,...
- Entrega dos traballos requeridos, presentación dos mesmos
- Exames de avaliación (2 ou 3 exames por trimestre)
- Exame dunha lectura en dous trimestres do curso
- Exposicións orais
- Participación nas clases co Profesor auxiliar de conversación se houbese.
- Actitude fronte ó traballo: participación, interese, iniciativa, traballo en cooperación. Terase en conta a actitude do alumno/a á hora de establecer a nota, tanto para subila coma para baixala.

O alumno será promovido ao curso seguinte cando se superen os obxectivos das materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirá curso con avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, de forma simultánea. Isto sucederá sempre que a Xunta de Avaliación así o considere.

Co fin de facilitarlle ao alumnado a recuperación das materias con avaliación negativa, organizaranse probas extraordinarias en cada un dos cursos.

O alumno/a poderá repetir o mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa.

Resumo do Ciclo ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL E TURÍSTICA.

Criterios de cualificación do alumnado na materia de inglés no Ciclo ANI.SO.C.TUR.:

	1º e 2º Trimestres	3º Trimestre
Libro de Lectura	10%	--
Listening	10%	10%
Speaking	20%	20%
Writing	10%	10%
Attitude	10%	10%
Grammar & Vocabulary	30%	35%
Reading Texts	10%	15%

Para poder aplicar a media entre todos os aspectos que se avalían o alumno/a deberá obter un mínimo de 30% da nota. Se non saca ese mínimo de 30% en cada apartado, non aprobará e polo tanto quedará avaliado cun insuficiente.

A avaliación é continua e acumulable, polo tanto os alumnos serán avaliados de tódolos contidos vistos dende o comezo do curso.

Será obrigatorio realizar tanto as probas orais como as escritas. No caso de que se negara, no participara ou non as realizara, quedará avaliado cun insuficiente.

A cualificación mínima global (suma de tódolos apartados) para aprobar cada avaliación, así como a avaliación final de curso, será de 5 puntos sobre un total de 10.

Para o cálculo da nota final na convocatoria ordinaria, aplicaranse os seguintes cálculos: a nota da primeira avaliación vale un 20%, a nota da segunda avaliación vale un 30% e a nota de la terceira avaliación vale un 50%. No caso de suspender a materia en xuño, o estudante deberá presentarse na convocatoria extraordinaria a un exame que suporá o 100% de la nota.

Resumo de 2º PMAR e 3º PDC.

Para este curso de 2º PMAR e 3º PDC calcularase a nota da avaliación segundo uns baremos. As cualificacións seguirán estas pautas:

- 10% Libro de lectura (No caso de non haber libro de lectura nun trimestre, ese 10% pasaría a engrosar o 40% de expresión escrita, gramática, etc.)
- 10% Listening
- 10% Expresión oral
- 40% Expresión escrita: gramática, vocabulario, redaccións
- 30% Participación, interese, iniciativa e espírito emprendedor, esforzo, entrega de traballos, comunicación na lingua inglesa...

Como no terceiro trimestre non hai libro de lectura, o cuarto apartado ado pasa de 40% a 50 %.

Para poder aplicar a media entre todos os aspectos que se avalían o alumno/a deberá obter un mínimo de 30% da nota. Se non saca ese mínimo 30% en cada apartado, non aprobará e polo tanto quedará avaliado cun insuficiente.

A avaliación é continua, e acumulable, polo tanto os alumnos serán avaliados de tódolos contidos vistos dende o comezo do curso.

Será obrigatorio realizar tanto as probas orais como as escritas. No caso de que se negara, no participara ou non as realizara, quedará avaliado cun insuficiente.

A cualificación mínima global (suma de tódolos apartados) para aprobar cada avaliación, así como a avaliación final de curso, será de 5 puntos sobre un total de 10.

Para o cálculo da nota final na convocatoria ordinaria, aplicaranse os seguintes cálculos: a nota da primeira avaliación vale un 20%, a nota da segunda avaliación vale un 30% e a nota de la terceira avaliación vale un 40%. No caso de suspender a materia na primeira convocatoria de xuño, o estudante deberá presentarse na convocatoria extraordinaria a un exame que suporá o 80% de la nota e 20 % dos traballos feitos durante este tempo. Os estudantes que aprobaron na convocatoria ordinaria poderán mellorar ata 1 punto. Este 10% restante será para o Proxecto Interdisciplinar.

Resumo do BACHARELATO.

En **1º e 2º Bacharelato** a cualificación será o resultado da media aritmética dos seguintes aspectos sempre que obteña un mínimo dun 30% en cada un destes:

1º BACHARELATO	1º e 2º trimestre	3º trimestre
Reader	10%	-----
Listening	10%	10%
Speaking and Phonetics	5% + 5%	5 + 5%
Writing	20%	20%
Comprensión e expresión escrita (grammar, vocabulary, reading texts, true and false, synonyms...)	50 %	60%

2º BACHARELATO	1º, 2º e 3º trimestre
Listening	10%

Speaking and Phonetics	5 % + 5 %
Writing	20%
Comprensión e expresión escrita (grammar, vocabulary, reading texts, true and false, synonyms ...)	60%

Para poder aplicar a media entre todos os aspectos que se avalían o alumno/a deberá obter un mínimo de 30% da nota. Se non saca ese mínimo de 30% en cada apartado, non aprobará e polo tanto quedará avaliado cun insuficiente.

A avaliación é continua ,e acumulable, polo tanto os alumnos serán avaliados de tódolos contidos vistos dende o comezo do curso.

Será obrigatorio realizar tanto as probas orais como as escritas. No caso de que se negara, no participara ou non as realizara, quedará avaliado cun insuficiente.

A cualificación mínima global (suma de tódolos apartados) para aprobar cada avaliación, así como a avaliación final de curso, será de 5 puntos sobre un total de 10.

Para o cálculo da nota final na convocatoria ordinaria, aplicaranse os seguintes cálculos: a nota da primeira avaliación vale un 20%, a nota da segunda avaliación vale un 30% e a nota de la terceira avaliación vale un 50%. No caso de suspender a materia en xuño, o estudante deberá presentarse na convocatoria extraordinaria a un exame que suporá o 100% de la nota.

Criterios de promoción no Bacharelato.

Os que marca a lei . Agora mesmo, o alumnado de 1º Bacharelato, estará afectado pola LOMLOE, co cal só poderá pasar a 2º Bacharelato con **dúas materias negativamente avaliadas, como máximo.**

1º Bacharelato

Para aprobar deberá ter aprobada a materia, ben en xuño ou ben en setembro.

2º Bacharelato

Para promocionar na convocatoria ordinaria, deberá ter aprobadas todas as materias. Na convocatoria extraordinaria, poderá aprobar cunha materia suspensa, sempre que se presente a tódolos exames.

A Xunta de Avaliación do curso terá en conta as circunstancias persoais de cada alumno no caso de que quedase sen promocionar. O noso Departamento terá en conta a actitude do alumno en cuestión e valorará o esforzo continuado, os traballos presentados, a normal asistencia a clase e o interese demostrado pola materia de inglés.

Para os alumnos que non asistan a clase, aplicaranse as normas de convivencia , que exclúen a perda de avaliación continua en bacharelato . De maneira que segundo a lexislación vixente , cando un alumno acumule unha porcentaxe de faltas sen xustificar haberá que aplicar o protocolo de absentismo escolar.

Resumo FP Básica

Calcularase a nota da avaliación segundo o seguintes baremos:

40% Vocabulario e gramática

10% Oral e Listening

10 % Reading

10% Writing

30% Boa actitude, colaborando e cooperando nas clases, sen interrompir e molestar.

Tamén é necesario que traian sempre todo o material e que fagan os deberes.

Para poder aplicar a media entre todos os aspectos que se avalían o alumno/a deberá obter un mínimo de 30% da nota. Se non saca ese mínimo de 30% en cada apartado, non aprobará e polo tanto quedará avaliado cun insuficiente.

A avaliación é continua, polo que os alumnos serán avaliados de tódolos contidos vistos dende o comezo do curso.

Será obrigatorio realizar tanto as probas orais como as escritas. No caso de que se negara, no participara ou non as realizara, quedará avaliado cun insuficiente.

A cualificación mínima global (suma de tódolos apartados) para aprobar cada avaliación, así como a avaliación final de curso, será de 5 puntos sobre un total de 10.

OBSERVACIÓNS

No caso de que algún alumno fose sorprendido realizando algunha actividade non regulamentaria durante un exame (por exemplo colaborar cun compañeiro, usar o móbil, copiar e /ou usar calquera tipo de material non autorizado polo profesor) será cualificado como suspenso en dita proba, na avaliación ou nun curso completo a criterio do profesor (Lei Orgánica 8/2013 da autoridade do profesorado). Todo isto sen prexuízo da aplicación da sanción prevista polo Regulamento de Réxime Interno do Centro.

Na avaliación extraordinaria, debido a falta de tempo non se poderá avaliar do listening e speaking. Estas porcentaxes pasan a vocabulario e gramática.

IV - Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

A- Indicadores de logro do proceso de ensino:

1. O nivel de dificultade foi axeitado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
3. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
4. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
6. Adoptáronse medidas curriculares axeitadas para atender ao alumnado con NEE.
7. Adoptáronse medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado con NEE.
8. Atendeuse axeitadamente á diversidade do alumnado.
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
10. Dáse un peso real á observación do traballo da aula.
11. Valorouse o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

B- Indicadores de logro da práctica docente:

1. Como norma xeral, danse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.

7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorpóranse as TICs aos procesos de ensino-aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, ...
13. Dáselle ao alumando a posibilidade de visualizar e comentar os sus acertos e erros.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, ...

V - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

A recuperación da materia de Inglés pendente do curso anterior realizarase da seguinte forma:

- Por avaliación continua e acumulativa, segundo o plan de traballo establecido polo Departamento de Inglés: se o alumno/a aproba as dúas primeiras avaliacións do curso actual, automaticamente quedaríalle aprobada a materia pendente do curso anterior.
- Traballamos individualmente cos alumnos que teñen dificultades, mesmo na hora de recreo, resolvendo dúbidas e corrixindo os exercicios de reforzo que se lles propoñen. Normalmente, facilitámoslles un lote de fotocopias ou recomendamos o uso do “Workbook” do curso anterior para facer prácticas de exercicios. Estes exercicios serán parte importante para a avaliación positiva en caso de non obter un aprobado nas probas.
- En cada trimestre os alumnos tamén terán unha proba que recollerá os obxectivos e competencias mínimas esixibles.
- No caso de suspender as probas e non superar a materia mediante a avaliación continua, o alumnado terá que presentarse a un exame final global extraordinario no mes de xuño.
- No caso de Bacharelato sí haberá unha convocatoria para pendentes no mes de maio.
- O Departamento de inglés informará aos pais/nais/titores de dito procedemento.

Actividades de avaliación

Os exames de pendentes poderán constar de:

A) Unha proba de gramática e comprensión e expresión escrita

Completar ocos

Elixir a resposta correcta

Tradución directa e inversa

Facer preguntas para unhas respostas dadas /respostar a preguntas

Como expresar en inglés unhas mensaxes

Composición dun parágrafo narrativo-descriptivo, aplicando as estruturas e o vocabulario explícitos nos contidos.

Preguntas de comprensión dun texto escrito

B) Unha proba de comprensión oral: preguntas de comprensión.

Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.

- Evolución positiva nas clases de inglés no nivel que estás cursando este ano de xeito que se o alumno aproba a primeira e a segunda avaliación quedaralle aprobada a materia do curso anterior.
- Grao de interese demostrado mediante consultas ao/á profesor/a para resolver dúbidas.
- Resultado dos exames orais e escritos, que deberán reflectir:
 - 1. A superación dos erros de base.
 - 2. A asimilación dos contidos traballados:
 - Que coñecen o vocabulario e as estruturas dos temas que se traballan no libro de texto.
 - Que o seu nivel de comprensión oral e escrita e de expresión escrita é o axeitado a este nivel.

VI -Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

No IES Primeiro de marzo de Baiona e no caso dos estudos de bacharelato, os procedementos para acreditar os coñecementos da materia de inglés serán as probas obxectivas (exames) por avaliación nas cales se avaliarán os coñecementos seguindo as porcentaxes reflectidas enriba. A avaliación incluírá gramática, comprensión lectora e vocabulario. Tamén haberá unha audición (listening) en cada proba a razón dun 15% xunto cunha redacción en cada exame. Tamén haberá unha pregunta de fonética e unha proba oral que computará outro 10% por avaliación. E logo, nos dous primeiros trimestres, haberá un exame de lectura en cada un, que computará un 10% en cada un deses trimestres.

No caso das probas de gramática, comprensión lectora e vocabulario e por motivos organizativos de horario, estas poderán repartirse en dúas ou máis sesións lectivas.

Debido á grande importancia da Proba de Acceso á Universidade (ABAU) que se celebrará, imaxinamos, a principios de xuño e finais e a principios de xullo, faremos simulacros da ABAU cunha frecuencia trimestral.

VII - Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Como avaliación inicial dispoñemos de varias ferramentas. Habitualmente, na materia de inglés adoitamos facerlles unha **proba inicial** ao alumnado, non tanto para "colocalos" segundo o seu nivel, que sería o ideal pero que resulta case imposible levar a cabo nunha institución tan inmovilista como as ensinanzas regradas (Primaria, ESO, Bacharelato,...) en Galicia/España.

O que si facemos con esa proba inicial é tela moi en conta para coñecer o nivel de todo un grupo e saber de onde arrancar ao inicio de curso. Tamén serve para identificar posibles eivas na materia en determinados alumnos.

Coincidindo co primeiro mes de clase, normalmente o Departamento de Orientación **reúne a todo o profesorado** de cada grupo de alumnos do IES ben para comunicarnos asuntos relativos a algún alumno de características especiais ou ben para escoitar cales son as primeiras impresións, percepcións ou comentarios do profesorado acerca dos nosos grupos. De aí obtemos información moi precisa e valiosa para saber o que temos que facer co material humano dentro e fóra das aulas.

Ademais desa reunión, o despacho de Orientación acolle **reunións cada quince días cos titores/as** para buscar solucións individuais e /ou grupais que axuden na mellora dos resultados académicos, anímicos e sociais.

A raíz desas reunións, os titores, despois de escoitar ao Dpto de Orientación, levan a cabo os cambios e as conversacións pertinentes para que se produza, como consecuencia, outro cambio a mellor no rapaz/a.

VIII - Medidas de atención á diversidade.

Resumo:

Este curso 2022-2023 seguimos adoptando medidas de atención á diversidade para alumnos con dificultades de aprendizaxe en 2º PMAR e 3º PDC. Non hai ACIs nin Reforzos especiais na materia de inglés na ESO: o reforzo faise na propia aula.

3ºPDC tamén adapta a metodoloxía da ESO e o alumnado está escollido segundo refire a LOMLOE para permitirlle, a través dunha organización de contidos mínimos e de actividades prácticas, acceder a cursar o curso de 4º PDC.

Ademais, levamos con **Seccións Bilingües** nas materias de Bioloxía e Ciencias Naturais desde hai once anos na **ESO** e en **1ºBacharelato**. Neste curso podemos dicir que xa é un programa moi maduro tanto no centro educativo como na contorna de Baiona. Este programa atende a alumnos con capacidade e boa actitude, que os motiva e ao mesmo tempo lles esixe traballo e compromiso. Pensamos que é unha oportunidade para progresar na aprendizaxe dun idioma, xa que por un lado o grupo de alumnos participantes na SS BB ten a vontade de aprender e por outro danse as circunstancias para favorecer esta aprendizaxe: máis horas de exposición ao idioma, grupo reducido de alumnos e máis homoxéneo, uso do idioma como vehículo para aprender, entre outras. A coordinación entre os dous profesores que atenden cada unha das SS.BBs é fundamental para o éxito do programa. Hai ilusión e moito traballo.

Reforzo de clases de inglés en todas as Seccións Bilingües nas tardes dos xoves de 15:20 a 17:00.

Nestas clases trátase de dar apoio aos alumnos para comprender mellor o vocabulario e os textos que manexan nas clases de Paisaxe e Sustentabilidade e Bioloxía en inglés. A base de xogos e actividades moi variadas os alumnos van familiarizándose cun vocabulario específico que non é o habitual nas clases de idioma do seu nivel.

Atención á diversidade **na ESO:**

On Track ten unha metodoloxía ecléctica, xa que se esperan varios estilos de aprendizaxe por parte dos alumnos/as e, así mesmo, diversos estilos de ensino por parte dos profesores/as. Por esa razón, estas materiais prestan máis atención á diversidade.

Como punto de partida, tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

A capacidade para aprender a aprender

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e para retelas sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo.

A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, pois depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que tivese até ese momento e, por outro, do proceso de aprendizaxe seguido. Isto influirá notabelmente, tanto no nivel de motivacións individuais coma na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Os estilos de aprendizaxe

Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, tivéronse en conta, en todas as unidades, os distintos modos de aprendizaxe.

Tamén se prestou unha atención especial á “modalidade sensorial preferente” dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), é dicir, ás posíbeis formas de levar á práctica o aprendido.

Os intereses dos alumnos/as

O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros, dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso, incluimos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control, tanto no *Student's Book* coma no *Workbook*.

Nos libros inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis intensamente a gramática e o vocabulario, unha sección de comprensión escrita, exercicios de expresión oral e actividades para que os alumnos/as máis adiantados e os alumnos/as con maior dificultade practiquen cada punto nun nivel máis axeitado. Por último, tamén se inclúen páxinas de repaso en diferentes niveis que permiten atender á diversidade. O aspecto comunicativo é un compoñente fundamental.

O *Teacher's Manual* ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e de ampliación.

O *Teacher's All-in-One Pack* ofrece un exame de diagnóstico que se recomenda facer ao comezo do curso para ver o nivel dos alumnos/as, así como exercicios de repaso.

A táboa coas medidas de atención á diversidade achégase ó final.

IX - Concreción dos elementos transversais que se traballarán en cada curso.

Resumo da ESO (noutros cursos están explicados nos documentos pertinentes):

Dentro das posibilidades que ofrece o ensino dunha lingua estranxeira New Action ofrece, a través do seu contido, a selección dos seus temas, textos e situacións de interacción entre alumnos, oportunidades para introducir aspectos dos elementos transversais ao longo do proxecto. Os elementos transversais que se desenvolven a continuación aprécianse de maneira integrada nos textos, ilustracións e actividades de New Action (ver a secuencia das unidades e as rúbricas de avaliación por estándares de aprendizaxe).

- Na Ensinanza Secundaria Obrigatoria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.
- As Administracións educativas promoverán o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación e incorporarán elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade.

- Adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como da ética empresarial.
- As Administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil.
- Tamén no ámbito da educación e a seguridade vial.

X - Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento de inglés.

- Colaboración do Departamento no programa de lectura ***Hora de Ler***, coordinado polas profesoras responsables da Biblioteca, Dona Luísa Domínguez e Dona Cruz Domínguez.
- Participación activa do alumnado de 3ºESO no ***Proxecto Ríos***, liderado polo profesor do Dpto. de Bioloxía, Marcos Lago.
- Participación activa do alumnado de 2ºESO no ***Proxecto Proxecta Paisaxe***, tamén levado a cabo polo profesor do Dpto. de Bioloxía, Marcos Lago.
- Ademais o departamento colaborará naquelas actividades que se estean a realizar no centro e que requiran ou permitan a nosa colaboración: **O Magosto, O Samaín, O Antroido, o Día do Libro** e a celebración do **Día das Letras Galegas**, que xa son tradición no Instituto.
- Outras actividades co axuda do asistente de lingua
- Actividades para SS.BB

XI - Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Sendo como é a educación un elemento vivo, cambiante e permeable ao cambio, debemos deixar unha porta aberta a calquera tipo de modificación que axude ao proceso de aprendizaxe por parte do alumnado dos coñecementos, procedementos e xeitos de aprender un idioma. Polo tanto, e como o Departamento se reúne semanalmente, estaremos moi atentos a calquera indicio que nos chegue do alumnado (exames, exercicios, comentarios en clase, ...) dos pais/nais nas titorías ou do entorno escolar (boletíns trimestrais ou outros) para adaptar, se for necesario, as nosas clases a novos escenarios.

Nas nosas reunións, o profesorado, organizado por cursos, pon en común estratexias, exercicios e experiencias para aprender os uns dos outros e así avanzar todos ao unísono en cada grao ou etapa.

Tamén se fan constar comentarios, opinións, cambios, etc. no libro de actas do Departamento.

XII – Temporalización.

A continuación, mencionamos a temporalización para cada nivel , coas unidades previstas para cada trimestre. De todas formas, faranse as modificacións oportunas en cada grupo, dependendo dos logros acadados ó longo do ano e do nivel do grupo, xa que nalgúns grupos haberá que revisar con máis detalle, e noutros, como en SS BB non será necesario pararse en certos contidos.

O inglés, á ser unha materia continua, acumulativa e integradora , sempre comeza a introdución e as dúas primeiras unidades do libro facendo un repaso dos contidos mínimos esixibles, de maneira que os contidos e competencias que non se traballaron no terceiro trimestre están incluídos no libro actual.

En 1º da ESO é prioritario que acaden os obxectivos básicos para unha boa expresión oral e escrita. De maneira que intentaremos afondar máis nas primeiras unidades. No resto dos grupos , como as primeiras unidades volven a ser de repaso, no será necesario dedicarlles tanto tempo.

Distribución de unidades para a ESO:

1º trimestre: introduction, 1,2 and 3

2º trimestre: 4, 5 e 6

3º trimestre: 7, 8 e 9

Distribución de unidades para 1º de Bacharelato :

1º trimestre: Introduction, 1, 2 e 3

2º trimestre: 4, 5, e 6

3º trimestre: 7, 8 e 9

En 2º de Bacharelato, a distribución de unidades será:

1º Trimestre: revision, unit 1 and unit 2.

Nestas unidades faremos un repaso rápido dos tempos verbais incluídos na review e unidade 1 e 2 de maneira que poidamos centrarnos máis tempo nos novos contidos que non se puideron estudar.

- No 2º Trimestre: unit 3, unit 4

- No 3º Trimestre: unit 5, unit 6

Nome do Centro: IES PRIMEIRO DE MARZO, BAIONA (PONT.)

Área de Inglés

Curso escolar 2022/23

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Xefa do Departamento: PIEDAD GARCÍA ORTEGA

ÍNDICE DOS CONTIDOS

NEW ACTION ESO 2

1. Contextualización (**Ver Introducción e Contextualización do documento principal.**)
2. Introducción e metodoloxía.
3. Competencias clave:
 - a) As competencias clave e a súa descrición
 - b) Rúbrica de avaliación por competencias clave
4. Obxectivos da ESO:
5. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación cos obxectivos e as competencias clave, e indicación do Grao Mínimo de consecución para superar a materia:
6. Rúbrica de avaliación por estándares de aprendizaxe:
7. Elementos transversais:
8. Secuenciación das unidades didácticas:
 - a) Obxectivos
 - b) Contidos didácticos
 - c) Competencias clave
 - d) Temas interdisciplinares
9. Atención á diversidade
10. Avaliación e promoción
 - a) Procedementos e sistemas de avaliación
 - b) Criterios de promoción (**Ver documento principal**)
11. Actividades complementarias e extraescolares (**Ver documento principal**)
12. Outros materiais e recursos didácticos (**Ver documento principal**)

1. Contextualización (Ver documento principal)

- a) Variábel sociocultural
- b) Características do centro
- c) Variábel idade
- d) Composición do departamento didáctico
- e) Número de grupos
- f) Reunións de departamento

2. Introducción e metodoloxía

Benvido/a NEW ACTION ESO 2

Descrición do curso

Burlington New Action! ESO 2 motivará o alumnado para aprender inglés proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. É un método ben estruturado e de uso sinxelo que lle facilitará a adquisición das competencias clave recollidas na LOMCE. Está enfocado ao desenvolvemento das destrezas de vocabulario, gramática, lectura e estratexias de comunicación. O método ofrece numerosas ocasións para ampliar os coñecementos sobre temas socioculturais e interdisciplinares e tamén inclúe exercicios adicionais para os alumnos/as que rematan antes, para os que posúen un maior nivel de coñecementos e para as clases que necesitan atender á diversidade. *New Action! ESO 2* é compatíbel cos niveis **A1/A2** do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

No proceso de aprendizaxe dunha lingua estranxeira, o alumnado terá numerosas oportunidades para desenvolver as súas competencias clave en diversas áreas. *New Action! ESO 2* facilita a adquisición das competencias clave tales como a competencia para aprender a aprender, competencia dixital, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, e conciencia e expresións culturais.

O *Workbook* de *New Action! ESO 2* inclúe unha sección de consulta de vocabulario *Vocabulary Reference* cun glosario bilingüe que contén o vocabulario e a linguaxe funcional de cada unidade, unha sección *Language Resource* cun apéndice gramatical cuxas explicacións están en lingua propia e os exemplos nos dous idiomas e cunha lista de verbos irregulares, unha sección *Writing Resource* cunha guía de escritura e páxinas para que practiquen a expresión escrita, e unha sección *Learning Competences* con táboas para que os alumnos se autoavalíen. Tamén inclúe unha sección a toda cor chamada *Language Builder* para que traballen e consoliden de forma divertida o vocabulario presentado no *Student's Book*.

Con este método preséntase un novo recurso lingüístico chamado *IS, Interactive Student*, que inclúe diversas ferramentas interactivas para axudar aos alumnos/as na súa aprendizaxe: *Interactive Wordlist*, cun glosario interactivo, exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario; *Interactive Grammar*, que contén exercicios gramaticais con autocorrección; *Interactive Vocabulary practice*: exercicios de vocabulario con autocorrección; *Dialogue Builders*, desde onde se practica a linguaxe funcional mediante diálogos; *Video*, práctica de comprensión oral gramática, vocabulario e linguaxe funcional; e *Techno Help*, que ofrece axuda e recursos para realizar as actividades *Techno Option*. A través do sistema de xestión da aprendizaxe (LMS), o profesor/a pode levar un seguimento do traballo realizado por cada alumno/a con *IS, Interactive Student*. Ademais, na páxina web de Burlington Books (www.burlingtonbooks.es/newaction2), os alumnos/as teñen o apartado *Student's Zone* onde se atopan as gravacións en formato mp3 dos textos do *Student's Book*, así como os ditados do *Workbook*.

Tamén se presenta con este método unha nova aplicación para móbiles, o *Word app*, glosario interactivo con exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario.

New Action! ESO 2 ofrécelle ao profesorado, o *Teacher's Manual* (que contén as páxinas do *Student's Book* intercaladas), con ampla información sociocultural e interdisciplinar; o *Teacher's All-in-One Pack* con material adicional fotocopiábel para atender aos diferentes niveis de capacidade dos alumnos/as; os *Digital Teacher's Resources*, incluídos na *Teacher's Zone* de www.burlingtonbooks.es, onde se ofrece unha ampla variedade de recursos dixitais: *Interactive Whiteboard Digital Materials* coas versións interactivas do *Student's Book*, o *Workbook* e o *Language Builder*; *Test Factory and Other Editable Resources*, *Burlington ESO Grammar Factory* e *Burlington ESO Culture Bank*. As novas funcións do encerado interactivo son: animacións gramaticais (*Grammar Animations*), listas de palabras traducidas á lingua propia que se poden escoitar e seleccionar para xerar ditados (*Wordlists and Dictations*), presentacións de diapositivas sobre temas culturais e de diferentes áreas curriculares (*Slideshows*), xogos para facer en equipo (*Team Games*), presentación do vocabulario, tradución e pronuncia para practicar e repasar o vocabulario de cada unidade (*Vocabulary Activities*), exercicios de vocabulario e de gramática adicionais e interactivos de reforzo para cada unidade (*Extra Practice*), nove capítulos nos que se practica, en cada un deles, a comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional, e totalmente integrados en cada unidade (*Communication Videos*), nove episodios para a adquisición e ampliación de coñecementos culturais integrados e referentes a cada unidade do libro (*Culture Videos*) e actividades con fichas (*Flashcard Activities*).

New Action! ESO 2 é un curso claramente estruturado que se centra no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achega o mundo real á aula da ESO para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural.

Compoñentes do curso

PARA O ESTUDANTE:

Student's Book

- Unha unidade introdutoria para repasar o vocabulario, a gramática, as estratexias de escritura e a linguaxe da clase básicas.
- Nove unidades didácticas claramente estruturadas.
- Tres seccións de repaso con exercicios de vocabulario e de gramática acumulativos e tres *Project New Action!* que inclúen a tarefa *Techno Option*.
- Contido cultural e interdisciplinar integrado nas actividades da unidade.
- Aprendizaxe intensiva de vocabulario e constante reciclaxe.
- Exercicios de comprensión e de expresión orais frecuentes.
- Unha páxina *English in Action!* en cada unidade, que se centra no inglés funcional que se produce en situacións comunicativas reais.
- Unha revista cultural e interdisciplinar totalmente opcional (*Culture Magazine*).
- Un apéndice de ortografía.
- Un apéndice de pronuncia con exercicios adicionais (*Pronunciation Appendix*).

- Un apéndice para traballar en parellas (*Pairwork Appendix*).
- Lista de verbos irregulares.

Workbook

- Unha unidade de introdución e nove unidades con exercicios graduados de vocabulario e de gramática, textos de lectura, exercicios de comprensión oral, diálogos para completar, práctica adicional de escritura, *Check Your Progress* e *Self-Evaluation*.
- Un glosario e unha lista de linguaxe funcional coa súa transcripción fonética e traducidos á lingua propia.
- Un apéndice gramatical coas explicacións en lingua propia e exemplos bilingües.
- Unha lista de verbos irregulares traducidos á lingua propia.
- Unha guía de escritura con pautas paso a paso que facilitarán a autocorrección.
- Páxinas *Writing Plan* para completar cos exercicios de expresión escrita propostos no *Student's Book*.
- Páxinas *Project Plan* e tarefas adicionais para a elaboración do cartafol.
- Cadros de autoavaliación do estudante, na sección *Learning Competences*.

Language Builder (combinado co Workbook)

- Vocabulario e linguaxe funcional clasificados por temas.
- Divertidas actividades para revisar e consolidar o vocabulario.

IS Interactive Student

- *Interactive Wordlist*: glosario interactivo, exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario.
- *Interactive Grammar*: exercicios gramaticais con autocorrección.
- *Interactive Vocabulary practice*: exercicios de vocabulario con autocorrección.
Os estilos de aprendizaxe

Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Algúns poden reaccionar moi rapidamente e, con todo, necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar a conciencia e aprender máis amodo, obtendo o mesmo resultado. Este factor foi tido en conta dun xeito sistemático. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, incluíronse no *Student's Book* breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para poñer en práctica a gramática aprendida. Isto complementase co apéndice gramatical do

Workbook, que lles axuda a aprender e repasar o presentado, paso a paso, en especial a aqueles que non usen tanto o estilo sintético ao aprender. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, tivéronse en conta, en todas as unidades, os distintos modos de aprendizaxe.

Tamén se prestou unha atención especial á “modalidade sensorial preferente” dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), é dicir, ás posíbeis formas de levar á práctica o aprendido.

Os intereses dos alumnos/as

O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros, dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso, incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control, tanto no *Student's Book* coma no *Workbook*. Ao final do *Student's Book* incluímos un apéndice con regras de ortografía, un apéndice de pronuncia con exercicios e unha lista de verbos irregulares; e ao final do *Workbook* un glosario, así como un apéndice gramatical con exercicios adicionais e unha guía de escritura na lingua materna dos alumnos/as, para os que necesiten apoiarse máis na presentación teórica.

No *Workbook* inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis intensamente a gramática e o vocabulario, ademais dun ditado, unha sección de comprensión escrita, un exercicio de tradución directa, un exercicio de expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis adiantados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Por último, tamén se inclúen dúas páxinas de repaso por unidade (*Check Your Progress*), que permiten atender á diversidade. Ao final deste compoñente atópase o pequeno caderno *Language Builder*, que proporciona xogos e divertidas actividades para consolidar o vocabulario. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na web www.burlingtonbooks.es/newaction2 as gravacións en formato mp3 dos textos do *Student's Book*, así como os ditados do *Workbook*.

Presentamos con este método un novo recurso lingüístico chamado *IS, Interactive Student*, que inclúe diversas ferramentas interactivas para facilitar a aprendizaxe dos alumnos/as: *Interactive Wordlist*, cun glosario interactivo, exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario; *Interactive Vocabulary practice* e *Interactive Grammar*, que contén exercicios gramaticais e de vocabulario con autocorrección; *Dialogue Builders*, desde onde se practica a linguaxe funcional mediante diálogos; *Techno Help*, que ofrece axuda e recursos para realizar as actividades *Techno Option*; e vídeos culturais e de comunicación que permite que o alumno os visualice na casa. A través do sistema de xestión da aprendizaxe (LMS), o profesor/a pode levar un seguimento do traballo realizado por cada alumno/a en *IC, Interactive Classroom*, e así poder avaliar o progreso dos alumnos/as en xeral e as necesidades específicas dalgún alumno/a en particular.

O *Teacher's Manual* ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e de ampliación, outras de ditado, comprensión oral, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinar adicional, ademais de continuas suxestións ao profesor/a sobre como dividir a súa axuda

segundo as distintas necesidades da clase.

O *Teacher's All-in-One Pack* ofrece un exame de diagnóstico que se recomenda facer ao comezo do curso para ver o nivel dos alumnos/as, así como exercicios de repaso para que revisen os puntos nos que atoparon maior dificultade. Ademais ofrece nove exames (un por unidade) en tres niveis de dificultade, tres exames trimestrais en dous niveis de dificultade, dous finais en dous niveis de dificultade e tres exames de competencias clave, para poder elixir o máis adecuado, segundo a capacidade de cada alumno/a. Tamén proporciona un exercicio adicional por unidade de expresión oral, para realizar en parella ou en grupo e outro de comprensión oral. E ademais, inclúe follas de traballo, que se dividiron do seguinte modo:

- *Extra Practice*: proporcionan práctica adicional co mesmo nivel que o presentado na unidade.
- *Extension*: enfocadas a que os alumnos/as máis adiantados poidan ampliar os coñecementos adquiridos dun xeito máis significativo e motivador.

Tamén proporciona un test con actividades de comprensión e de expresión oral por unidade e trimestre e outro final, todo iso nun mesmo nivel de dificultade.

Todos os tests deste compoñente están dispoñíbeis en formato Word no ***Test Factory and Other Editable Resources***, co fin de poder editalos e facer cambios atendendo ás necesidades da aula.

O profesor/a tamén dispón do *IC, Interactive Classroom e Test Factory* en *pendrive*, que inclúe: *Interactive Whiteboard Materials*, coas versións dixitais totalmente interactivas do *Student's Book*, o *Workbook* e o *Language Builder* para facilitar as clases e a corrección; *Test Factory and Other Resources*, con todo o material do *Teacher's All-in-One Pack* en formato editábel. Tamén ten dispoñíbel, en www.burlingtonbooks.com/newaction2, *Burlington ESO Grammar Factory*, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente; e *Burlington ESO Culture Bank*, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos estudantes. As novas funcións do encerado interactivo son: animacións gramaticais (*Grammar Animations*), listas de palabras traducidas á lingua propia, que se poden escoitar e seleccionar para xerar ditados (*Wordlists and Dictations*), presentación do vocabulario da unidade (*Vocabulary Presentation*), tradución e pronuncia para practicar e repasar o vocabulario presentacións de diapositivas sobre temas culturais e de diferentes áreas curriculares (*Slideshows*), exercicios de vocabulario e de gramática adicionais interactivos, de reforzo da unidade (*Extra Practice*), xogos para facer en equipo (*Team Games*), práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional (*Culture Videos*) e actividades con fichas (*Flashcard Activities*).

Para as clases que non dispoñan de encerado interactivo, o vídeo integrado en *New Action! ESO 2* está tamén dispoñíbel en formato DVD.

10. Avaliación e promoción

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o éxito dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos no punto 5 desta programación, de acordo co real decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- **Continua**, xa que cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, establececeranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, axiña que se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.
- **Formativa**, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe.
- **Integradora**, debendo terse en conta desde todas e cada unha das materias a consecución dos obxectivos estabelecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de modo diferenciado a avaliación da materia de inglés, tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis específicos da mesma.

O alumno será promovido ao curso seguinte cando se superen os obxectivos das materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirá curso con avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, de forma simultánea.

Co fin de facilitarlle ao alumnado a recuperación das materias con avaliación negativa, organizaranse probas extraordinarias en cada un dos cursos.

O alumno/a poderá repetir o mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa.

a) Procedementos e sistemas de avaliación

- **Procedementos** (*)

- **Sistemas de avaliación**

É necesario levar a cabo varios tipos de avaliación: individual, formativa, sumativa, autoavaliación, etc. Para a avaliación formativa e sumativa incluimos dúas follas fotocopiábeis ao final desta sección. Para as demais avaliacións, incluimos no *Workbook* a

sección *Learning Competences* para que os alumnos/as se autoavalíen: *Student Learning Record*, *My English Experience*, *English and Me*, *My Strategies for Progress* e *Self-Evaluation*.

A **avaliación individual** permite pescudar os coñecementos de inglés que teñen os alumnos/as. Faise un test de diagnóstico ao comezo do curso e utilízanse as follas de autoavaliación para seguir o progreso de cada un deles na lingua, o modo en que aprendeu, a súa experiencia anterior, etc.

Se se teñen demasiados alumnos/as, en lugar de recoller as follas *English and Me* (páxina 154 do *Workbook*) e de delas unha por unha, pódeseles pedir que comparen as súas respostas en pequenos grupos, para posteriormente preguntar por elas a man alzada. Desta maneira poderemos ter unha visión xeral da clase.

A avaliación dos coñecementos previos pódese realizar antes de comezar cada unidade, pedíndolle ao alumnado que adiviñe de que trata cada unha a partir do título e mirando os obxectivos primordiais detallados ao principio de cada unidade, aos que se poden remitir cando vaian repasar para un exame.

Tamén se debe avaliar o progreso dos alumnos/as nun período de tempo, é dicir, facer unha **avaliación formativa**. Se un alumno/a que ten un nivel baixo ve como progresa e que o seu esforzo é tido en conta a pesar de non chegar ao aprobado, sentirase máis motivado para continuar traballando e tratar de conseguilo. Isto faise aínda máis patente na clases heteroxéneas, onde os alumnos/as de máis baixo nivel sempre obteñen notas baixas, especialmente se son comparados constantemente con alumnos/as máis avantaxados. Se a nota final inclúe un compoñente de progreso, será un factor especialmente motivador.

As **ferramentas de avaliación formativa** poden ser as tarefas, a participación, o comportamento e a actitude en xeral, o traballo en parellas e en grupos, o caderno, o progreso en *listening*, *speaking*, *reading* e *writing*. Recoméndase comparar os resultados da avaliación formativa coa autoavaliación que os alumnos/as fixeron nas follas de *English and Me*, antes de cubrir a folla de avaliación **sumativa** de cada un, para rexistrar como progresaron durante o ano.

Tamén podemos facer uso do test de cada unidade (incluídos no *Teacher's All-in-One Pack*) para observar como progresan entre unha unidade e a seguinte e tamén para avaliar a súa actitude cara á lingua. Sempre se debe dicir canto e de que modo vai contar nas súas notas cada criterio de avaliación.

Para recoller as notas que obteñen en cada unidade, e ademais avaliar a súa actitude cara á lingua e así ver a súa evolución, pódese utilizar a folla de avaliación formativa, ao final desta sección.

A **autoavaliación** é un bo modo de que o alumno/a sexa consciente, tanto do seu progreso coma das súas carencias ou necesidades, contribuíndo así a desenvolver a súa autonomía e a responsabilidade da súa aprendizaxe. No *Workbook* de Burlington *New Action! ESO 2* incluímos exercicios para que poña en práctica as destrezas de escritura (sección de *Writing*), para que traduza do inglés á súa propia lingua e escriba un diálogo en inglés a partir dun

guión en lingua propia (sección *Check Your Progress*), e para que teña a oportunidade de avaliar o seu progreso (*Self-Evaluation*). Tamén é aconsellábel que se autoavalíe noutros aspectos importantes da súa aprendizaxe coma os proxectos, as actividades de *listening*, o seu grao de cumprimento das normas e calquera outro aspecto que se considere importante.

Con alumnos/as desta idade, as follas de avaliación deben ser planificadas con coidado e discutidas na clase antes de que as cubran, pois deben saber por que e como facelas de forma correcta, é dicir, trátase de que sexan responsábeis e sinceros. Tamén hai que tratar de evitar darlles follas de autoavaliación con excesiva frecuencia ou que estas sexan demasiado longas, pois senón os alumnos/as cansarán rapidamente.

O seu interese pola autoavaliación decaerá se non lle ven utilidade. É necesario que aprendan a reflexionar e saquen conclusións da súa propia valoración, pero non a realizarán seriamente se non é tida en conta polo profesor/a. É este quen ten a última palabra sobre a nota, pero pode pactar con eles unha forma de incluír a súa propia valoración na avaliación global. Se conseguimos que a tomen en serio, a autoavaliación pode ser un elemento moi motivador.

Hoxe en día téndese cada vez máis a animar ao alumnado a preparar un *portfolio* do seu traballo, un documento no que se recollen o seu estilo de aprendizaxe, os seus obxectivos para mellorar, as probas dos seus progresos e un rexistro dos seus contactos con falantes nativos ou os seus intercambios culturais. Con este fin, o noso proxecto tomou como referencia un documento promovido polo Consello de Europa chamado *Portfolio Europeo das Linguas*, no que os alumnos/as poden rexistrar as súas experiencias de aprendizaxe da lingua e cultura inglesas e reflexionar sobre elas. O marco de referencia europeo proporciona unha base común para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación de linguas en toda Europa, e sobre todo, mellorará a capacidade de autoavaliación do alumnado.

O alumno/a, de forma autónoma, poderá non só repasar ou reforzar os coñecementos que vaia adquirindo en cada unidade a través das actividades da web www.burlingtonbooks.es/newaction2, senón tamén mellorar a súa comprensión oral cos textos, diálogos e cancións incluídos na mesma, así como practicar a expresión oral. Con iso, tamén se pretende que teña a posibilidade de estar en contacto coa lingua inglesa en calquera momento e que non se vexa limitado ás horas escolares para a súa aprendizaxe.


Os proxectos incluídos nas tres unidades de repaso, que hai despois das unidades 3, 6 e 9, están pensados para que o alumnado poña en práctica os contidos e as estruturas gramaticais que aprendeu até ese momento. No *Workbook* atopará unha detallada explicación dos pasos a seguir e material de apoio. No entanto, o profesorado pode optar por non encomendarlles estes proxectos, sen que por iso se produza ningún desequilibrio na adquisición dos contidos programados para este nivel.

Finalmente, os alumnos/as poderán ampliar os aspectos socioculturais e interdisciplinares con diferentes tipos de contidos integrados ao longo de cada unidade. O propósito destas seccións é fomentar o interese por coñecer diversos aspectos de países de fala inglesa e doutras linguas, e contrastalos cos propios do seu país, así como axudalos a reproducir aspectos da vida cotiá e de grande utilidade, empregando a lingua estranxeira.

Formative Record Sheet

Score: 1 – 10
1 = Insufficient
5 = Sufficient
10 = Outstanding

Name _____
 Class _____
 School Year _____



		Unit ▶	1	2	3	4	5	6	7	8	9
Date											
Communication Skills	Reading										
	Writing										
	Listening										
	Speaking										
Language Skills	Grammar										
	Vocabulary										
	Pronunciation										
	Functional Language										
Attitude	Use of English in Class										
	Homework										
	Behaviour										
	Projects										

Observations

Summative Evaluation

Name _____

Class _____

School Year _____

	Diagnostic Test	Term 1 □□ □□□ <i>(circle level)</i>	Term 2 □□ □□□ <i>(circle level)</i>	Term 3 □□ □□□ <i>(circle level)</i>	Final Exam 1	Final Exam 2	Final Mark
Reading							
Speaking							
Listening							
Grammar							
Vocabulary							
Writing							

Observations

b) Criterios de promoción (Ver documento principal)

11. Actividades complementarias e extraescolares (Ver documento principal)

12. Outros materiais e recursos didácticos (Ver documento principal)

Programación didáctica de 2º PMAR

(2022-2023)

Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento.

TÍTULO	PÁXINA
a) Introducción e contextualización:	1
b) Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave	2
c) Obxectivos para o curso de 2ºPMAR	3
d) Contidos	4
e) Temporalización	5
f) Mínimos esixibles	5
g) Criterios de avaliación	6
h) Criterios de cualificación	8
i) Procedementos de avaliación	9
j) Instrumentos de avaliación	10
k) Tratamento e fomento da lectura	10
l) Tratamento e fomento das TIC	10
m) Plans de traballo para superación de materias pendentes	10
n) Metodoloxía didáctica	12
o) Materiais e recursos didácticos, incluídos os libros de texto	13
p) Programación de Elementos Transversais.	14
q) Medidas de atención á diversidade	14
r) As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar	14

a) Introducción e contextualización:

Por primeira vez no centro, para a impartición dos ámbitos destes programas conformouse un grupo que non supera o número de dez alumnos e alumnas – este ano son seis. Os alumnos e as alumnas que seguen o PMAR teñen un grupo ordinario de referencia co que cursan as materias non pertencentes aos ámbitos (é dicir, todas agás Lingua Galega, Lingua Castelá, Primeira Lingua Estranxeira, Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química). As materias de segundo curso de educación secundaria obrigatoria cúrsaas o alumnado co seu grupo de referencia. O alumnado de PMAR coa materia de inglés pendente de cursos anteriores realizará actividades de reforzo e apoio

que lle permita recuperalas simultaneamente ao desenvolvemento do ámbito do inglés no PMAR. O Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento (PMAR) que, como di o artigo 19 do RD e o artigo 20.3 do decreto 86/2015 de currículo, está dirixido a:

- 1. Alumnado con dificultades de aprendizaxe NON imputables a falta de estudo ou esforzo (preferentemente);
- 2. Ofrécese só ao alumnado que repetiu, polo menos, un curso.

O obxectivo do PMAR, en principio, é garantir que o alumnado dea superado o segundo ciclo da ESO (4ºESO) pola vía ordinaria. Coa implantación de LOMLOE, os estudantes poderán continuar co este modelo de aprendizaxe nos cursos de 3º e 4º de PDC.

b) Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave:

1. Competencia en Comunicación Lingüística (CCL). Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita.

2. Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia y Tecnología (CMCCT). A primeira fala das capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en cómo aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.

3. Competencia dixital (CD). Implica o uso seguro e crítico das TICs para obter, analizar, producir e intercambiar información.

4. Aprender a aprender (CAA). É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenrole a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nela, organizar as súas tarefas e o seu tempo, e traballar dun xeito individual ou cooperativo para acadar un obxectivo.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC). Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.

6. Sentido de la iniciativa y espírito emprendedor (CSIEE). Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC).** Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, das artes plásticas e escénicas ou da literatura.

c) Obxectivos para o curso de 2ºPMAR:

A programación para este tipo de alumnos está baseada en criterios de máxima flexibilidade e absoluta adaptación ás características individuais e colectivas daqueles. Daquela, sen prexuízo das modificacións puntuais que proceda facer en canto se aprecien as peculiaridades e intereses dos concretos alumnos que constitúan os grupos de diversificación, os Obxectivos Xerais de Área para este programa concrétanse nas capacidades que se detallan a continuación e pódense alcanzar ao longo dos dous cursos:

1º escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

2º Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación, de forma comprensíbel e con certo nivel de autonomía.

3º Ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado, co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

4º Escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas, utilizando recursos axeitados de cohesión e de coherencia.

5º Utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

6º Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

7º Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación (TICs), para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.

8º Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.

9º Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e de entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

10º Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e no uso da lingua estranxeira.

d) Contidos:

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixos que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe:

- As habilidades lingüísticas:

-Bloque 1: escoitar, falar e conversar.

-Bloque 2: Ler e escribir.

- Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións:

-Bloque 3: Coñecemento da lingua.

- A dimensión social e cultural da lingua estranxeira:

-Bloque 4: Aspectos socioculturais e conciencia intercultural.

Bloque 1: escoitar, falar e conversar Nesta etapa dáselle unha importancia relevante á comunicación oral, por iso o primeiro bloque céntrase en potenciar no alumnado a capacidade para interactuar nestas situacións, e incídese na importancia de que o modelo lingüístico de referencia oral proveña dun variado número de falantes, co fin de recoller as variacións e os matices. De aí a forte presenza no currículo do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Bloque 2: Ler e escribir. Este bloque incorpora tamén os procedementos necesarios para desenvolver a competencia discursiva no uso escrito.

Bloque 3: Coñecemento da lingua. Permite a elaboración dun sistema conceptual cada vez máis complexo acerca do funcionamento da lingua a través da observación das manifestacións orais e escritas da lingua que se está aprendendo e do seu uso en situacións de comunicación. O punto de partida serán as situacións de uso que favorezan a inferencia de regras de funcionamento da lingua que lle permitan ao alumno/a establecer cales elementos da lingua

estranxeira se comportan coma nas linguas que coñece e qué estratexias lle servirán para progresar na súa aprendizaxe, co fin de adquirir confianza nas súas propias capacidades.

Bloque 4: Aspectos socioculturais e conciencia intercultural Os contidos deste bloque contribúen a que o alumnado coñeza costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países onde se fala a lingua estranxeira.

e) Temporalización:

Intentarase que as nove unidades se dividan equitativamente entre as tres avaliacións, tocando a tres unidades por trimestre e unha unidade por mes. De todos os xeitos, consideramos que é máis importante conseguir que o alumnado estea contento coa materia aprendida e colabore en todo momento coa profesora na materia e se involucre na mesma antes que avanzar sen sentido so polo feito de querer rematar o libro ou cumprir coas indicacións desta programación.

f) Mínimos esixibles

2ºPMAR

Pídese que o/a alumno/a ao final do curso sexa capaz de:

- Saudar e responder ós saúdos segundo a hora. Despedirse.
- Utilizar un vocabulario básico na clase.
- Dar información sobre si mesmo e a súa familia e dos demais: nome; idade, enderezo, mascotas, traballo, gustos e preferencias, habilidades, etc.)
- Expresar gustos e preferencias propias e alleas.
- Falar das súas rutinas, hábitos e habilidades.
- Expresar posesión.
- Describir persoas e obxectos dando información sobre as mesmas.
- Dar e pedir permiso.
- Dar instrucións .
- Falar sobre o que está a suceder.
- Describir e narrar feitos pasados, especificando o lugar e o tempo.

Para conseguilo deberá utilizar:

- Fórmulas de saúdo e despedida.
- Verbos *To be* e *To have (got)*, en presente e pasado simple.
- Presente e Pasado Simple dos verbos regulares e dalgúns irregulares.

- Presente Continuo
- Imperativo
- Adverbios de frecuencia: Usually, never, always,...
- Expresións temporais: At 7 pm.../ Now / On Mondays.../ Yesterday / Last week.../
- Pronomes persoais suxeito.
- LIKE / DON'T LIKE / HATE + sustantivo
- THERE IS / THERE ARE
- Adxectivo calificativo: a súa colocación: Adxectivo + nome
- Adxectivos posesivos e o Caso Posesivo : *My father's car*,..
- Singular e plural dos sustantivos: plurais irregulares máis comúns
- Determinantes: The, A / An, Some
- Cuantificadores; Some / Any
- Sustantivos contables e incontables.
- *Question Words* : What / What time / How old / When / Who
- Preposicións: In, on, under, next to, at
- *Can* para dar e pedir permiso e para expresar habilidade

g) Criterios de avaliación

O alumnado deberá alcanzar unha avaliación positiva en todos os aspectos obxecto de avaliación, de forma que amose un equilibrio entre as diferentes competencias lingüísticas: Reading, Writing, Listening and Speaking. Malia que utilizamos o mesmo libro de texto que 2ºESO, (New Action! 2, da Editorial Burlington Books), os criterios de avaliación non serán os mesmos xa que o tipo de alumnado que integra este grupo ten un nivel moito máis baixo de partida ca 2ºESO. O difícil vai ser conseguir que este grupo de alumnos acade un nivel mínimo para acceder nos vindeiros anos a un 4ºESO ordinario! Diso a LOMCE non creo que teña moita idea.

Á hora de avaliar terase en conta:

O nivel inicial do alumnado e a súa progresión da aprendizaxe.

O interese pola materia e o esforzo (asistencia regular a clase, participación activa ,creativa e continuada, organización do caderno, colaboración co grupo e co profesorado...).

Realización dos deberes.

Chamadas de clase, exercicios, controis e exames, tanto orais como escritos, propostos para cada avaliación.

Na comunicación oral (Speaking - Listening) valorarase :

Esfuerzo do alumnado por utilizar o inglés na interrelación co profesorado e os compañeiros e compañeiras.

Respecto ás intervencións dos demais compañeiros e compañeiras.

A capacidade para entender e facerse entender á marxe dos erros gramaticais que poda cometer.

Esfuerzo por reproducir ou imitar a pronunciación e entoación propias do idioma inglés.

A fluidez e riqueza de vocabulario.

A corrección gramatical.

Nas probas escritas (Writing) atenderase principalmente aos seguintes aspectos:

Superación de erros de base correspondentes a aspectos traballados en niveis inferiores.

Orde e coherencia na composición de frases e parágrafos narrativo-descriptivos, argumentativos e explicativos.

Ortografía e puntuación.

Uso correcto do vocabulario e estruturas traballadas (con efecto acumulativo en cada avaliación)

Presentación dos traballos.

Na lectura (Reading) se valorará:

A capacidade para comprender de forma global e específica.

A capacidade para ler de forma autónoma utilizando eficazmente o dicionario e outros recursos bibliográficos e multimedia ao seu alcance.

En canto á lectura en voz alta valorarase se o alumnado realiza as pausas propias das unidades significativas do discurso e o esforzo por reproducir a pronunciación e entoación propias do idioma inglés.

Os "readers" (ou libros de lectura) avaliaranse positivamente se se comproba que os leron, tomaron notas e adquiriron o vocabulario específico e superan unha proba "ad hoc". En principio, so está pensado que lean un libro ao ano, pero dependerá do nivel e das ganas que lle poñan á materia.

No aspecto sociolingüístico de actitudes e valores o alumnado deberá:

Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe do idioma inglés.

Ser capaz de adecuar a linguaxe a cada situación de comunicación (lingua formal e informal).

Ser capaz de interpretar tamén os aspectos non lingüísticos (xestos, ruidos, normas sociais, etc.) que facilitan a comunicación e comprensión do entorno socio-cultural dos países de fala inglesa.

Servirse dos medios lingüísticos e non lingüísticos para establecer, dende unha actitude de respecto cara á diferenza, similitudes e diferenzas entre a súa cultura e idiomas e o idioma e cultura inglesa.

Utilizar a lingua inglesa como vehículo de comunicación na aula, integrando o novo vocabulario e estruturas traballadas neste curso.

h) Criterios de cualificación

Para este curso de 2ºPMAR calcularase a nota da avaliación segundo uns baremos. As cualificacións seguirán estas pautas:

- 10% Libro de lectura (No caso de non haber libro de lectura nun trimestre, ese 10% pasaría a engrosar o 40% de Expresión escrita, gramática, etc.)
- 10% Listening
- 10% Expresión oral
- 30% Participación, interese, iniciativa, e espírito emprendedor, entrega de traballos, esforzo por comunicarse na lingua inglesa, boa actitude ...
- 40% Expresión escrita: gramática, vocabulario, redaccións (50 % se non hai libro de lectura)

Para poder aplicar a media entre todos os aspectos que se avalían o alumno/a deberá obter un mínimo de 30% da nota. Se non saca ese mínimo 30% en cada apartado, non aprobará.

i) Procedementos de avaliación

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o éxito dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de

aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos no punto 5 da programación de 2ºESO, de acordo co Real Decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- **Continua**, xa que cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, axiña que se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.
- **Formativa**, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe.
- **Integradora**, debendo terse en conta desde todas e cada unha das materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de modo diferenciado a avaliación da materia de inglés, tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis específicos da mesma.

Promoción do alumnado

O alumno será promovido ao curso seguinte cando se superen os obxectivos das materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirá curso con avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, de forma simultánea.

Co fin de facilitarlle ao alumnado a recuperación das materias con avaliación negativa, organizaranse probas extraordinarias de cada un dos cursos.

O alumno/a poderá repetir o mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa.

O profesor/a servirase dos seguintes procedementos para avaliar o alumno en todos os cursos de ESO, PMAR incluído:

- Chamadas en clase: diálogos, preguntas...
- Control das tarefas feitas na casa
- Entrega dos traballos , presentación dos mesmos
- Exames de avaliación (2 exames por trimestre)
- Exposicións orais
- Participación nas clases co Profesor auxiliar de conversación.
- Actitude fronte ó traballo: participación, interese, iniciativa, traballo en cooperación. Terase en conta a actitude do alumno/a á hora de establecer a nota, tanto para subila coma para baixala.

j) Instrumentos de avaliación

Os mesmos que os procedementos de avaliación.

k) Tratamento e fomento da lectura

Este curso, o alumnado de 2ºPMAR terá unha lectura obrigatoria no 2º Trimestre da cal darán cumprido rendemento ben por medio dunha proba, ben dun traballo (“project”). Nos outros trimestres, dependendo do seu nivel poderían ler unha segunda obra.

O noso centro ten unha biblioteca dinámica que propón regularmente títulos de libros para ler no Club de Lectura durante o curso académico, e o noso Departamento de Inglés participa nestas actividades. Animamos en todo momento ao alumnado de 3ºPMAR a formar parte do mesmo e a engancharse coa lectura.

l) Tratamento e fomento das TIC

O ideal é que o uso das TIC sexa unha forma máis para aprender a lingua inglesa e que forme parte habitual do desenvolvemento cotiá das clases, sen ser unha excepción. Para iso, agora que temos o material TIC na aula (ordenador e pantallas dixitais) debemos usalos cando cómpre, sen estar obrigado a facelo toda a hora de clase, para alternar os procedementos de aprendizaxe; ningún método ou procedemento é ideal ou mellor cós demais; simplemente serve a uns obxectivos precisos, pero non a todos. Dez minutos co vídeo, 10 minutos de preguntas e respostas dos alumnos, 10 minutos de lectura, e outros 20 de exercicios prácticos, fan unha clase. A fórmula cambia cada día. Temos que ter todo accesible para facer da aprendizaxe do idioma algo vivo.

- En todos os cursos de 1º e 2º ESO o alumnado conta coa posibilidade de utilizar cadanseu ordenador, proporcionados pola Xunta, co Programa Abalar. Sería ideal que o curso de 3ºPMAR contase tamén con esa posibilidade.
- O alumnado accede á información online para realizar actividades puntuais: contestar preguntas dun cuestionario, preparar un traballo de investigación sinxelo ou elaborar unha biografía dunha persoa relevante ou de interese.
- Tamén utilizamos *youtube* para cantar cancións en inglés de cando en vez, ou mesmo Karaoke.

m) Plans de traballo para superación de materias pendentes.

A recuperación da materia de Inglés pendente do curso anterior realizarase da seguinte forma:

- Por avaliación continua, segundo o plan de traballo establecido polo Departamento de Inglés: se o alumno/a aproba as dúas primeiras avaliacións do curso actual, automaticamente quedaríalle aprobada a materia pendente do curso anterior.
- Traballamos individualmente cos alumnos que teñen dificultades, mesmo na hora de recreo, resolvendo dúbidas e corrixindo os exercicios de reforzo que se lles proponen. Normalmente, facilitámoslles un lote de fotocopias ou recomendamos o uso do “Workbook” do curso anterior para facer prácticas de

exercicios. Estes exercicios serán parte importante para a avaliación positiva en caso de non obter un aprobado claro nas convocatorias de exames de maio e a extraordinaria de setembro.

•No caso de non superar a materia mediante a avaliación continua, o alumnado terá que presentarse a un exame global no mes de maio. En caso de non aprobado, terá que presentarse de novo na convocatoria de setembro.

Actividades de avaliación

Os exames de pendentos poderán constar de:

A) Unha proba de gramática e comprensión e expresión escrita

Completar ocos

Elixir a resposta correcta

Tradución directa e inversa

Facer preguntas para unhas respostas dadas / respostar a preguntas

Cómo expresar en inglés unhas mensaxes

Composición dun párrafo narrativo-descriptivo, aplicando as estruturas e o vocabulario explícitos nos contidos.

Preguntas de comprensión dun texto escrito

B) Unha proba de comprensión oral: preguntas de comprensión.

Criterios para superar as materias pendentos pola avaliación continua.

- Evolución positiva nas clases de inglés no nivel que estás cursando este ano de xeito que se o alumno aproba a primeira e a segunda avaliación quedaralle aprobada a materia do curso anterior.
- Grao de interese demostrado mediante consultas ao/á profesor/a para resolver dúbidas.
- Resultado dos exames orais e escritos, que deberán reflectir:
 - 1. A superación dos erros de base.
 - 2. A asimilación dos contidos traballados:
 - Que coñecen o vocabulario e as estruturas dos temas que se traballan no libro de texto.
 - Que o seu nivel de comprensión oral e escrita e de expresión escrita é o axeitado a este nivel.

n) **Metodoloxía didáctica**

- Potenciarase a corresponsabilidade do alumnado no proceso de aprendizaxe, e non só no referente á realización das tarefas

propostas polo profesorado senón colaborando na elaboración, selección e conservación dos materiais didácticos (facen carteis, traer cancións, recortar de revistas. gravar da televisión, propor actividades...).

- Na selección de material didáctico, por unha banda poñerese especial coidado en que non contradigamos principios básicos dunha educación en valores non discriminatoria. De producirse esta contradición, someterase o propio material a unha análise crítica construtiva conxuntamente co alumnado (anuncios sexistas, violencia, etc). Preténdese así que os temas transversais se integren no currículo como unha constante e non como feitos illados e anecdóticos a considerar tan só no "Día Internacional de..."; por outra banda, procurarase que sexan motivadores, atractivos e variados, adecuados aos distintos intereses do alumnado.
- Procurarase utilizar o inglés como lingua vehicular na aula ou, polo menos, que o inglés vaia gañando terreo ó uso da lingua materna a medida que avance o curso. O alumnado debe aceptar o uso da lingua inglesa como instrumento de comunicación na clase, e valorar a importancia que ten na aprendizaxe a cooperación coas súas compañeiras e compañeiros no desenvolvemento de actividades comunicativas. Colocarase carteis que axuden a contextualizar a aprendizaxe e facilitar o uso do inglés na aula. É importante que acostumen o oído aos fonemas e entoación propios do idioma inglés se queremos que sexan capaces de comprender e expresarse en inglés. Doutra forma o oído non poderá recoñecer o que non coñece.
- Sempre que se poida abordarase os contidos de xeito interdisciplinar, potenciando o traballo en equipo tanto do alumnado dentro da aula como do profesorado, participando en proxectos interdisciplinares e coordinándose con outros departamentos.

o) Materiais e recursos didácticos, incluídos os libros de texto

Parte do material co que conta o Departamento foi subministrado polas editoriais, ás que queremos agradecer a súa colaboración (ordenador, reprodutores de CDs, libros de lectura,...)

- Pantalla intelixente (SmartBoard) na súa aula, onde se pode consultar e facer exercicios *online*. Malia que a conexión á Internet deixa moitísimo que desexar, polo menos esta existe, polo que se pode conectar *online* para ver vídeos ou novas interesantes aínda que ás veces se corten.
- Ademais, hai unha cortiza ao final de todas as aulas para poder amosar traballos feitos polo alumnado.
- Co presuposto do Departamento e da nosa marabillosa Biblioteca imos aumentando a dotación de libros de lectura para o alumnado, elixindo títulos atractivos e con DVD para que escoiten á vez que len. Inténtase animar aos alumnos para que fagan uso da mesma.
- Outro material (DVDs, cassettes, libros, prensa en lingua inglesa, fotografías, revistas, ...) é propiedade do profesorado do Departamento, que o utiliza nas clases co fin de ampliar os coñecementos culturais do alumnado e nalgúns casos tamén como reforzo.
- A Videoteca do centro ten una dotación de películas en V.O. en inglés que o alumnado pode utilizar para levar á casa por medio do servizo de préstamo. Neste curso proporemos adquirir algún novos títulos en V.O.S.: "My Sister's Keeper" (A Decisión de Anne), "Elysium", "Minority Report", "Pride" e algunha outra; estando todas elas relacionadas ben coa materia de Bioloxía/Xeoloxía, ben con costumes ou acontecementos de países de fala inglesa.
- Outros materiais de "listening" de nivel de principiante e elemental.
- Vídeos didácticos de nivel de iniciación e elemental específicos da área de inglés.

MATERIAL OBRIGATORIO PARA O ALUMNADO DE 2ºPMAR PARA O CURSO 2022-2023

	LIBRO DE TEXTO
2ºPMAR	NEW ACTION 2. (Student's Book. and Workbook) - Burlington Books. (Workbook- Basics)

p) Programación de Elementos Transversais.

- Aproveitaranse as lecturas dos textos do *Textbook* para traballar os temas de xeito interdisciplinar. O ensino dunha lingua estranxeira permite dun xeito natural traballar os contidos lingüísticos utilizando múltiples disciplinas como soporte. Para traballar as competencias orais farase uso de temas transversais e de actualidade, que favorezan a participación do alumnado.
- Ademais das comprensións e expresións oral e escrita, reforzaranse o emprendemento, as TICs e a Educación Cívica e Constitucional.

q) Medidas de atención á diversidade

Este curso 2017-2018 seguimos adoptando medidas de atención á diversidade para alumnos con dificultades de aprendizaxe: PMAR (en 3ºESO). Non hai ACIs nin Reforzos especiais na materia de inglés: o reforzo faise na propia aula.

O **2ºPMAR** tamén adapta a metodoloxía da ESO e o alumnado está escollido segundo refire a LOMCE (art. 27. 2. e 3.) para permitirlle, a través dunha organización de contidos mínimos e de actividades prácticas, acceder a cursar o curso de 4ºESO pola vía ordinaria.

r) As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar

O departamento colaborará naquelas actividades que se estean a realizar no centro e que requiran ou permitan a nosa colaboración: O Magosto, O Samaín, O Antroido, o Día do Libro e a celebración do Día das Letras Galegas, que xa son tradición no Instituto.

Por outra banda, se podemos contar coa Profesora Auxiliar de Conversa, non descartamos realizar algunha actividade durante o tempo que lles vaia impartir docencia.

Nome do Centro: IES PRIMEIRO DE MARZO, BAIONA (PONTEVEDRA)

Área de Inglés

Curso escolar 2022_23

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Xefa do Departamento: PIEDAD GARCÍA ORTEGA

ÍNDICE DOS CONTIDOS

NEW ACTION ESO 4

1. Contextualización (**Ver Introducción e Contextualización do documento principal.**)
2. Introducción e metodoloxía.
3. Competencias clave:
 - a) As competencias clave e a súa descrición
 - b) Rúbrica de avaliación por competencias clave
4. Obxectivos da ESO:
5. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación cos obxectivos e as competencias clave, e indicación do Grao Mínimo de consecución para superar a materia:
6. Rúbrica de avaliación por estándares de aprendizaxe:
7. Elementos transversais:
8. Secuenciación das unidades didácticas:
 - a) Obxectivos
 - b) Contidos didácticos
 - c) Competencias clave
 - d) Temas interdisciplinares
9. Atención á diversidade
10. Avaliación e promoción
 - a) Procedementos e sistemas de avaliación
 - b) Criterios de promoción (**Ver documento principal**)
11. Actividades complementarias e extraescolares (**Ver documento principal**)
12. Outros materiais e recursos didácticos (**Ver documento principal**)

1. Contextualización (Ver documento principal)

- a) Variábel sociocultural
- b) Características do centro
- c) Variábel idade
- d) Composición do departamento didáctico
- e) Número de grupos
- f) Reunións de departamento

2. Introducción e metodoloxía

Benvido/a NEW ACTION ESO 4

Descrición do curso

Burlington New Action! ESO 4 motivará o alumnado para aprender inglés proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. É un método ben estruturado e de uso sinxelo que lle facilitará a adquisición das competencias clave recollidas na LOMCE. Está enfocado ao desenvolvemento das destrezas de vocabulario, gramática, lectura e estratexias de comunicación. O método ofrece numerosas ocasións para ampliar os coñecementos sobre temas socioculturais e interdisciplinares e tamén inclúe exercicios adicionais para os alumnos/as que rematan antes, para os que posúen un maior nivel de coñecementos e para as clases que necesitan atender á diversidade. *New Action! ESO 4* é compatíbel cos niveis A1/A2 /B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

No proceso de aprendizaxe dunha lingua estranxeira, o alumnado terá numerosas oportunidades para desenvolver as súas competencias clave en diversas áreas. *New Action! ESO 4* facilita a adquisición das competencias clave tales como a competencia para aprender a aprender, competencia dixital, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, e conciencia e expresións culturais.

O *Workbook* de *New Action! ESO 4* inclúe unha sección de consulta de vocabulario *Vocabulary Reference* cun glosario bilingüe que contén o vocabulario e a linguaxe funcional de cada unidade, unha sección *Language Resource* cun apéndice gramatical cuxas explicacións están en lingua propia e os exemplos nos dous idiomas e cunha lista de verbos irregulares, unha sección *Writing Resource* cunha guía de escritura e páxinas para que practiquen a expresión escrita, e unha sección *Learning Competences* con táboas para que os alumnos se autoavalíen. Tamén inclúe unha sección a toda cor chamada *Language Builder* para que traballen e consoliden de forma divertida o vocabulario presentado no *Student's Book*.

Con este método preséntase un novo recurso lingüístico chamado *IS, Interactive Student*, que inclúe diversas ferramentas interactivas para axudar aos alumnos/as na súa aprendizaxe: *Interactive Wordlist*, cun glosario interactivo, exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario; *Interactive Grammar*, que contén exercicios gramaticais con autocorrección; *Interactive Vocabulary practice*: exercicios de vocabulario con autocorrección; *Dialogue Builders*, desde onde se practica a linguaxe funcional mediante diálogos; *Vídeo*, práctica de comprensión oral gramática, vocabulario e linguaxe funcional; e *Techno Help*, que ofrece axuda e recursos para realizar as actividades *Techno Option*. A través do sistema de xestión da aprendizaxe (LMS), o profesor/a pode levar un seguimento do traballo realizado por cada alumno/a con *IS, Interactive Student*. Ademais, na páxina web de Burlington Books (www.burlingtonbooks.es/newaction4), os alumnos/as teñen o apartado *Student's Zone* onde se atopan as gravacións en formato mp3 dos textos do *Student's Book*, así como os ditados do *Workbook*.

Tamén se presenta con este método unha nova aplicación para móbiles, o *Word app*, glosario interactivo con exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario.

New Action! ESO 4 ofrécelle ao profesorado, o *Teacher's Manual* (que contén as páxinas do *Student's Book* intercaladas), con ampla información sociocultural e interdisciplinar; o *Teacher's All-in-One Pack* con material adicional fotocopiábel para atender aos diferentes niveis de capacidade dos alumnos/as; os *Digital Teacher's Resources*, incluídos na *Teacher's Zone* de www.burlingtonbooks.es, onde se ofrece unha ampla variedade de recursos dixitais: *Interactive Whiteboard Digital Materials* coas versións interactivas do *Student's Book*, o *Workbook* e o *Language Builder*; *Test Factory and Other Editable Resources*, *Burlington ESO Grammar Factory* e *Burlington ESO Culture Bank*. As novas funcións do encerado interactivo son: animacións gramaticais (*Grammar Animations*), listas de palabras traducidas á lingua propia que se poden escoitar e seleccionar para xerar ditados (*Wordlists and Dictations*), presentacións de diapositivas sobre

temas culturais e de diferentes áreas curriculares (*Slideshows*), xogos para facer en equipo (*Team Games*), presentación do vocabulario, tradución e pronuncia para practicar e repasar o vocabulario de cada unidade (*Vocabulary Activities*), exercicios de vocabulario e de gramática adicionais e interactivos de reforzo para cada unidade (*Extra Practice*), nove capítulos nos que se practica, en cada un deles, a comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional, e totalmente integrados en cada unidade (*Communication Videos*), nove episodios para a adquisición e ampliación de coñecementos culturais integrados e referentes a cada unidade do libro (*Culture Videos*) e actividades con fichas (*Flashcard Activities*).

New Action! ESO 4 é un curso claramente estruturado que se centra no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achega o mundo real á aula da ESO para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural.

Compoñentes do curso

PARA O ESTUDANTE:

Student's Book

- Unha unidade introdutoria para repasar o vocabulario, a gramática, as estratexias de escritura e a linguaxe da clase básicas.
- Nove unidades didácticas claramente estruturadas.
- Tres seccións de repaso con exercicios de vocabulario e de gramática acumulativos e tres *Project New Action!* que inclúen a tarefa *Techno Option*.
- Contido cultural e interdisciplinar integrado nas actividades da unidade.
- Aprendizaxe intensiva de vocabulario e constante reciclaxe.
- Exercicios de comprensión e de expresión orais frecuentes.
- Unha páxina *English in Action!* en cada unidade, que se centra no inglés funcional que se produce en situacións comunicativas reais.
- Unha revista cultural e interdisciplinar totalmente opcional (*Culture Magazine*).
- Un apéndice de ortografía.
- Un apéndice de pronuncia con exercicios adicionais (*Pronunciation Appendix*).
- Un apéndice para traballar en parellas (*Pairwork Appendix*).
- Lista de verbos irregulares.

Workbook

- Unha unidade de introdución e nove unidades con exercicios graduados de vocabulario e de gramática, textos de lectura, exercicios de comprensión oral, diálogos para completar, práctica adicional de escritura, *Check Your Progress* e *Self-Evaluation*.
- Un glosario e unha lista de linguaxe funcional coa súa transcripción fonética e traducidos á lingua propia.
- Un apéndice gramatical coas explicacións en lingua propia e exemplos bilingües.
- Unha lista de verbos irregulares traducidos á lingua propia.
- Unha guía de escritura con pautas paso a paso que facilitarán a autocorrección.
- Páxinas *Writing Plan* para completar cos exercicios de expresión escrita propostos no *Student's Book*.
- Páxinas *Project Plan* e tarefas adicionais para a elaboración do cartafol.
- Cadros de autoavaliación do estudante, na sección *Learning Competences*.

Language Builder (combinado co *Workbook*)

- Vocabulario e linguaxe funcional clasificados por temas.
- Divertidas actividades para revisar e consolidar o vocabulario.

IS Interactive Student

- *Interactive Wordlist*: glosario interactivo, exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario.
- *Interactive Grammar*: exercicios gramaticais con autocorrección.
- *Interactive Vocabulary practice*: exercicios de vocabulario con autocorrección.
- *Dialogue Builders*: práctica da linguaxe funcional mediante diálogos.
- *Techno Help*: axuda e recursos para realizar as actividades *Techno Option*.
- *Videos*

Word app

Glosario interactivo con exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario para móbiles.

Páxina web de *New Action! ESO 4– Student's Zone*

Todas as gravacións dos textos do *Student's Book* (incluídos os da *Culture Magazine*), os exercicios de comprensión oral do *Workbook* coas súas transcripcións e os ditados do *Workbook* en formato mp3.

PARA O PROFESOR/A:

Teacher's Manual

- Unha presentación do curso e os seus compoñentes.
- Unha sección de avaliación.
- Directrices do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
- Notas didácticas claras, concisas e intercaladas coas páxinas do *Student's Book*, onde se destacan sobre un fondo de cor as referencias a outros compoñentes do curso para facilitar a preparación das clases.
- As respostas aos exercicios do *Student's Book*.
- Información sociocultural e interdisciplinar sobre os temas que se tratan no *Student's Book*.
- Actividades de reforzo e de ampliación.
- Transcrición dos exercicios de comprensión oral.
- Actividades opcionais de comprensión oral.

Cadros fotocopiábeis do *Student's Book* para facilitar o traballo na clase (dispoñíbeis tamén na páxina web de Burlington Books: www.burlingtonbooks.es/newaction4).

Teacher's All-in-One Pack

- Unha sección de exames (*Tests*) que consta de:
 - Un exame de diagnóstico (*Diagnostic Test*) e follas de repaso (*Revision Worksheets*).
 - Un exame por unidade (*Unit Tests*) con tres niveis de dificultade.
 - Tres exames trimestrais (*Term Tests*) con dous niveis de dificultade.
 - Dous exames finais (*Final Tests*).
 - Un exame de comprensión oral (*listening*) e expresión oral (*speaking*) por unidade e trimestre, e outro final.
 - Tres exames de competencias clave (*Key Competences Tests*).
 - A clave de respostas.
- Unha sección de atención á diversidade que inclúe:
 - Dúas follas fotocopiábeis por unidade con práctica adicional das estruturas gramaticais e do vocabulario (*Extra Practice*).

- Unha folla fotocopiábel por unidade para ampliar os coñecementos adquiridos (*Extension*).
- A clave de respostas.
- Unha sección de actividades orais adicionais para realizar en parella (*Extra Speaking*) con clave de respostas.
- As gravacións de todos os exercicios de comprensión oral están dispoñíbeis na páxina web de Burlington Books (tamén en CD baixo pedido).

Recursos dixitais para o profesor/a (dispoñíbeis na *Teacher's Zone* de www.burlingtonbooks.es)

- *Interactive Whiteboard Materials*, que inclúen as versións dixitais totalmente interactivas do *Student's Book*, do *Workbook* e do *Language Builder*, para profesores que traballan con encerados interactivos ou que están nunha clase dixital 1x1.
- Sistema de xestión da aprendizaxe (LMS), para levar un seguimento do progreso dos alumnos/as de forma interactiva.
- *Test Factory and Other Resources*, con todo o material do *Teacher's All-in-One Pack* en formato editábel.
- *Burlington ESO Grammar Factory*, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente.
- *Burlington ESO Culture Bank*, con pantallas e preguntas culturais e interdisciplinares.
- Gravacións do *Student's Book*, o *Workbook* e o *Teacher's All-in-One Pack* (dispoñíbeis en CD baixo pedido).
- Clave de respostas do *Workbook* e do *Language Builder*, así como material fotocopiábel do *Student's Book*.

Novidades do IC *Interactive Classroom* :

- *Vocabulary Activities*: presentación do vocabulario, tradución e pronuncia para practicar e repasar o vocabulario de cada unidade.
- *Grammar Animation*: animacións coas que se traballan de xeito divertido e visual as estruturas gramaticais, a orde das palabras e outros puntos gramaticais.
- *Wordlists and Dictations*: listas de palabras traducidas á lingua propia que se poden escoitar e tamén seleccionar para xerar ditados.
- *Slideshows*: presentacións de diapositivas sobre temas culturais
- *Team Games*: xogos para facer en equipo.
- *Flashcard Activities* (só para ESO 1 e 2): actividades de vocabulario a través de fichas e gravacións para reforzar o vocabulario aprendido.
- *Extra Practice*: exercicios de vocabulario e de gramática adicionais e interactivos de reforzo para cada unidade.
- *Communication Videos*, nove capítulos nos que se practica, en cada un deles, a comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional, totalmente integrados en cada unidade.
- *Culture Videos*, nove episodios para a adquisición e ampliación de coñecementos culturais integrados e referentes a cada unidade do libro

Everything English Video

- Nove capítulos filmados en Gran Bretaña para ampliar os seus coñecementos socioculturais, centrados na comprensión oral, a expresión oral e a linguaxe funcional.

Ensinar con *Burlington New Action! ESO 4*

As nove unidades do *Student's Book* preséntanse en seccións de dúas páxinas. Cada unidade comeza coa presentación de vocabulario en contexto, centrado nun grupo léxico e nun exercicio de expresión oral. O novo vocabulario aparecerá ao longo de toda a unidade, tanto en textos coma en exercicios de gramática, de expresión oral e escrita e de comprensión oral, modalidade que ofrece diferentes ocasións para practicalo. Ademais, os exercicios *STOP AND THINK!*, enfocados á reciclaxe de vocabulario, á formación de palabras e outros aspectos relacionados co vocabulario, aparecen en cada unidade para garantir o repaso e o enriquecemento do léxico.

A continuación, hai un exercicio de expresión oral en forma de diálogo de substitución, no que se presenta claramente, practicando o vocabulario útil. Ao longo da unidade preséntanse outras ocasións para practicar a expresión oral. Hai dous textos por unidade interesantes e informativos, especialmente elixidos para motivar o alumnado e ampliar os seus coñecementos xerais. Os exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nas propias unidades, para proporcionar unha forma natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real. Cada unidade inclúe tamén tarefas produtivas frecuentes (*Action!*) e unha enquisa feita na clase ou unha actividade para votar. A gramática preséntase en cadros explicativos completos e practícase en exercicios motivadores e en contextos concretos.

Na sección a dobre páxina *English in Action!* inclúense exercicios de comprensión oral para presentar a linguaxe funcional en contexto, actividades de expresión oral paso a paso, para practicar usando a linguaxe funcional dun xeito auténtico e unha sección de expresión escrita, coidadosamente estruturada e que ofrece a práctica de destrezas básicas para a escritura. As dificultades coa pronuncia destácanse ao longo da unidade e practícanse nun *Pronunciation Appendix* que hai ao final do libro.

Tamén hai tres seccións de repaso (*Review*) no *Student's Book*. Estas inclúen exercicios do vocabulario e da gramática aprendidos nas tres unidades anteriores e un proxecto cunha tarefa *Techno Option*.

Ao final do *Student's Book* atópase a sección de *Culture Magazine*, unha revista cultural e interdisciplinar, que relaciona o inglés con outras materias do currículo escolar (Aprendizaxe integrada de contidos e linguas estranxeiras, AICLE –ou CLIL en inglés–) e que lle presenta ao alumno/a unha gran variedade de aspectos culturais dos países anglófonos e do mundo en xeral.

Por último, hai un apéndice de ortografía, un apéndice de pronuncia e un apéndice para traballar en parellas e unha lista de verbos irregulares que proporcionan a axuda adicional que o alumno/a necesita.

Outros compoñentes tamén son parte integral do método *New Action! ESO 4*

- O libro “dous nun” *New Action! ESO 4 Workbook* e *Language Builder* ofrece apoio práctico para lograr os obxectivos de cada unidade. Os exercicios do *Workbook* están graduados por nivel de dificultade (os de vocabulario e de gramática teñen tres), comezando coas tarefas máis sinxelas e avanzando cara ás máis complicadas. Foron coidadosamente elaborados para que os estudantes poidan repasar e consolidar os coñecementos e as destrezas que acaban de adquirir. Tamén se proporcionan exercicios de autoavaliación en cada unidade, que fan posíbel que os alumnos/as avalíen o seu propio progreso.

Na sección *Vocabulary Reference* do *Workbook* hai un glosario con vocabulario organizado por orde alfabética e por unidade e con linguaxe funcional organizada por tema. Tamén hai unha sección *Language Resource*, que contén un apéndice gramatical e unha lista de verbos irregulares. A sección *Writing Resource* inclúe unha guía de escritura que presenta todos os procesos e estratexias de escritura que se ensinan ao longo do curso, e unhas páxinas *Writing Plan* para que os alumnos/as organicen os seus traballos escritos. A sección *Learning Competences* inclúe un informe para completar sobre a aprendizaxe e evolución do alumnado, así como uns cadros de autoavaliación.

- O *Language Builder* é unha sección a toda cor, destinada a repasar o vocabulario e a linguaxe

funcional aprendidos. Os alumnos/as elaboran listas bilingües de vocabulario e linguaxe funcional, organizadas por temas, e despois utilízanas en divertidas actividades para revisar e consolidar o vocabulario.

- O recurso *IS, Interactive Student* inclúe diversas seccións interactivas para fomentar a aprendizaxe dos alumnos/as: *Interactive Wordlist* (glosario interactivo, práctica ortográfica e actividades de vocabulario), *Interactive Vocabulary practice* (exercicios de vocabulario con autocorrección), *Interactive Grammar* (exercicios de gramática con autocorrección), *Dialogue Builders* (práctica da linguaxe funcional mediante diálogos), *Techno Help* (axuda e recursos para realizar as actividades *Techno Option*), e vídeos integrados nas unidades do libro.
- *Word app*, glosario interactivo con exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario para móbiles.
- Os estudantes tamén dispoñen da *Student's Zone* na páxina web de *New Action! ESO 4*, onde atoparán as gravacións en formato mp3 dos textos do *Student's Book*, e dos exercicios de comprensión oral coas súas transcripcións e os ditados do *Workbook*.
- O *Teacher's Manual*, coas páxinas do *Student's Book* intercaladas, inclúe claras notas didácticas coas referencias a outros compoñentes, destacando sobre un fondo de cor para facilitar a preparación das clases. Para facilitar a tarefa do profesor/a na avaliación, inclúense varias follas fotocopiábeis que seguen as pautas do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (*Common European Framework of Reference for Languages*). Con elas poderán coñecer mellor o historial dos seus alumnos/as, os seus estilos de aprendizaxe e a súa actitude ante o inglés. Este compoñente tamén contén moita información cultural e interdisciplinar sobre os temas tratados no *Student's Book* e actividades extra opcionais que permiten sacarlle o máximo proveito ao material.
- O *Teacher's All-in-One Pack* proporciona abundante material fotocopiábel adicional adaptado aos distintos niveis de inglés dos alumnos/as. Contén exames con diferentes graos de dificultade, tres follas de atención á diversidade por unidade, e actividades extra de expresión oral.

Para facilitar aínda máis a tarefa do profesor/a, existe un revolucionario *IC, Interactive Classroom e Test Factory* en *pendrive*, que inclúe: *Interactive Whiteboard Materials*, coas versións dixitais totalmente interactivas do *Student's Book*, o *Workbook* e o *Language Builder* para facilitar as clases e a corrección; *Test Factory and Other Resources*, con todo o material do *Teacher's All-in-One Pack* en formato editábel. Tamén ten dispoñíbel, en www.burlingtonbooks.com/newaction4, *Burlington ESO Grammar Factory*, para xerar automaticamente exames de práctica gramatical ou para preparalos persoalmente; e *Burlington ESO Culture Bank*, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos estudantes.

- O vídeo *Everything English* inclúe unha entretida historia en nove capítulos, ambientada no Reino Unido e de gran riqueza cultural, que se centra na comprensión e na expresión oral, no vocabulario e na linguaxe funcional. Vai acompañado de actividades de comprensión de contidos, práctica da linguaxe cotiá e actividades de expresión oral baseadas en exames.

Como utilizar os recursos dixitais de *New Action! for ESO 4*

Uso da *Interactive Whiteboard* na clase

O encerado dixital interactivo é unha ferramenta excelente para que os profesores/as melloren a aprendizaxe e a motivación dos alumnos/as. A materia pódese visualizar e explicar dun modo máis claro coa tecnoloxía dos encerados dixitais. O uso do son, combinado cos efectos visuais, fai que os profesores/as poidan presentar os contidos do libro de maneira máis real. Os vídeos, fragmentos de películas e cancións populares pódense utilizar en calquera momento durante a clase, mediante Internet.

Non hai dúbida de que a tecnoloxía dos encerados dixitais capta a atención dos alumnos/as durante máis tempo e involúcralos no proceso de ensino-aprendizaxe dun xeito máis activo. O alumno/a debe contestar e participar na clase constantemente, xa que o encerado dixital proporciona información de maneira inmediata.

Esta ferramenta resulta especialmente útil á hora de comprobar as respostas das actividades. As respostas pódense presentar unha a unha para ofrecer explicacións detalladas, ou ben todas á vez para corrixir os exercicios de modo máis efectivo.

Outra vantaxe importante do encerado dixital é que permite gardar todo o material xerado nunha clase e recuperalo despois para seguir practicando. Pódese acceder a todos os contidos (textos, listas de vocabulario, actividades de gramática, gravacións, vídeos de YouTube, achegas dos alumnos/as e moito máis) cun só “clic”.

Con *New Action! ESO 4* proporcionábase unha gran variedade de material para traballar co encerado dixital. Pódese utilizar de maneiras diferentes para adecuarse ás necesidades dos alumnos/as en cada momento. A continuación explícanse os compoñentes interactivos máis novos dos encerados dixitais:

- **Vocabulary Presentation**, presentación do vocabulario, tradución e pronuncia para practicar e repasar o vocabulario de cada unidade.
- **Grammar Animation**, para traballar os contidos gramaticais con animacións visuais de forma divertida e en contextos reais.
- **Wordlists and Dictations**, para practicar e repasar o vocabulario e a ortografía mediante listas de palabras traducidas á lingua propia, que se poden escoitar e seleccionar para xerar ditados.
- **Flashcard Activities**, para reforzar o vocabulario coa axuda de imaxes e gravacións.
- **Team Games**, para facer un repaso acumulativo do vocabulario e da gramática a través de xogos e competicións na clase.
- **Slideshows**, para obter máis información sobre o tema da unidade, mediante presentacións de diapositivas baseadas en contidos culturais e de diferentes áreas curriculares. Son unha achega extra, interesante para calquera clase e serven para ampliar os coñecementos xerais dos alumnos/as sobre o mundo que os rodea.
- **Extra Practice**, exercicios de vocabulario e de gramática adicionais e interactivos de reforzo para cada unidade.
- **Everything English Video**: nove capítulos nos que se practica, en cada un deles, a comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional, totalmente integrados en cada unidade.

I. Uso de New Action! INTERACTIVE

A función *INTERACTIVE* ofrece ferramentas adicionais para que o alumnado as utilice desde a casa (ou nas aulas 1x1).

Todos os exercicios e actividades de *New Action! Interactive* quedan rexistrados no sistema de xestión da aprendizaxe (LMS), de modo que o profesor/a pode levar un seguimento do progreso de cada alumno/a e

avaliado.

As ferramentas da función *INTERACTIVE* son:

- **Interactive Wordlist:** glosario interactivo con gravacións e traducións, exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario. Céntrase na adquisición de vocabulario, a comprensión e a ortografía.
- **Interactive Grammar:** exercicios gramaticais con autocorrección para practicar e repasar a gramática de cada unidade.
- **Interactive Vocabulary practice:** exercicios de vocabulario con autocorrección.
- **Dialogue Builders:** práctica da linguaxe funcional mediante diálogos.
- **Techno Help:** axuda e recursos para realizar as actividades *Techno Option* do *Student's Book*.
- **Videos:** práctica de comprensión oral gramática, vocabulario e linguaxe funcional

Avaliación das competencias lingüísticas e de aprendizaxe dos alumnos/as de 4º da ESO, aprendizaxe cooperativo e Marco Común Europeo

Aprender unha nova lingua é, seguramente, un dos retos máis difíciles aos que se enfrontan os estudantes ao longo da súa vida académica, sobre todo porque supón mergullarse de forma activa nunha cultura e nunha visión da vida moi diferentes da súa. A medida que aprenden un idioma, desenvolven unha serie de competencias clave da aprendizaxe. Ademais de adquirir a Competencia en comunicación lingüística, estas unidades tamén levan á adquisición doutras competencias:

- A Competencia conciencia e expresións culturais e a Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a través dos textos e dos temas elixidos.
- A Competencia dixital, mediante as actividades de Internet e os materiais dixitais.
- As Competencias sociais e cívicas a partir das interaccións e as dinámicas da clase, que desenvolven a aprendizaxe colaborativa.
- O Sentido de iniciativa e espírito emprendedor desenvólvese ao longo de todo o proceso da aprendizaxe do idioma á través das actividades de expresión e interacción oral e escrita, nas que o alumno ha de tomar decisións sobre que dicir e como facelo, e con que medios.

O obxectivo primordial de *New Action!* é facilitar o proceso de aprendizaxe e servir de ponte para que os alumnos/as coñezan os lugares nos que se fala inglés e a forma en que o utiliza a xuventude nativa da súa mesma idade.

Durante o proceso de adquisición da lingua inglesa é habitual que os alumnos/as mostren claras preferencias por determinadas áreas da aprendizaxe. Por exemplo, quizais lles interese máis aprender o inglés que fala a xuventude hoxe en día que as regras gramaticais. Ou tamén, poida que teñan máis facilidade para unhas destrezas de aprendizaxe que para outras.

Por estas razóns, o método *New Action!* ofrécelles un amplo abanico de actividades coas que desenvolver os seus intereses e demostrar os seus puntos fortes, á vez que practican en profundidade todas as áreas da aprendizaxe de linguas. Dada a diversidade de tipos de estudante, é de vital importancia que o profesorado coñeza canto antes as preferencias e os puntos fortes e débiles de cada quen. Para axudar nesta tarefa, ofrecemos unhas follas fotocopiábeis moi útiles para preparar o perfil de cada alumno/a e rexistrar tanto a avaliación continua do seu progreso como a avaliación sumativa ou final (ver punto 10 desta programación).

Preparación dos “portfolios” de traballo e avaliación individual dos alumnos/as

Actualmente téndese a fomentar que os alumnos/as –coa axuda dos seus profesores/as– preparen un cartafol cos seus traballos que inclúa referencias aos seus estilos de aprendizaxe, obxectivos de mellora, progresos e un rexistro dos contactos mantidos con falantes nativos ou dos intercambios culturais con comunidades de fala inglesa. Quizais o exemplo máis ambicioso deste tipo de cartafol sexa o chamado **Portfolio Europeo das Linguas** (*European Language Portfolio*, ELP), cuxo fin é animar a todos a aprender máis linguas e a continuar aprendéndoo ao longo de toda a vida, facilitar a mobilidade en Europa e favorecer o entendemento e a tolerancia entre as cidades europeas. Descríbeo o Marco Común Europeo e componse de tres elementos básicos:

- Un *Pasaporte de linguas* no que o alumno/a rexistra as cualificacións que vai obtendo e o seu progreso no idioma, mediante unha escala de autoavaliación recoñecida internacionalmente.
- Unha *Biografía lingüística* na que reflexiona sobre o que sabe facer, no idioma que está a aprender, e se

autoavalía de forma realista.

- Un *Dossier* que contén exemplos de traballos realizados no centro educativo en varios formatos (gravacións de audio / vídeo, tarefas escritas e informes de visita), ademais da documentación que acredite a información contida no *Pasaporte* e a *Biografía*.

Esta iniciativa nace da convicción de que os estudantes de linguas deben facerse responsábeis da súa aprendizaxe e adoptar unha actitude o máis activa posíbel á hora de establecer obxectivos e de traballar para alcanzalos. As follas de avaliación que os alumnos/as deben cubrir, nas páxinas 152-157 do *Workbook*, baséanse na devandita convicción. Así, hai varias follas de avaliación que reflicten as recomendacións do Marco Común Europeo, que son: *Student Learning Record* (páx. 152 do *Workbook*), *My English Experience*, (páx. 153 do *Workbook*), *English and Me* (páx. 154 do *Workbook*) e *My Strategies for Progress* (páx. 155 do *Workbook*). Ademais, no *Workbook* proporciónanse cadros de autoavaliación (páxs. 156-157). Estas páxinas conteñen oportunidades para que os estudantes describan os seus contactos coa lingua inglesa, os seus logros, e fixen obxectivos personalizados para o curso entrante. Este último punto é, probabelmente, o máis importante, pois esíxelles un esforzo para seleccionar e empregar as estratexias máis adecuadas para mellorar. Moitos dos criterios de autoavaliación incluídos na folla *English and Me*, na páxina 154 do *Workbook*, son moi similares aos do Portfolio Europeo das Linguas e facilitan, a profesores/as e alumnos/as, a tarefa de preparar un cartafol desta natureza.

Os cadros *Student Learning Record* (páx. 152) e *My English Experience* (páx. 153) deben ser cubertos ao comezo do curso; o situado na parte inferior da páxina 125 e as follas *English and Me* e *My Strategies for Progress* (páxs. 154 e 155), ao final de cada trimestre; e os de autoavaliación das páxinas 156 e 157, ao rematar a unidade correspondente.

Os alumnos/as deben gardar, nun cartafol á parte, todas as follas de autoavaliación e algunhas mostras dos traballos que vaian facendo durante o curso e amosarllas periodicamente ao profesor/a. Recoméndase dedicar unha parte do tempo da clase a cubrir esas follas de autoavaliación e a reflexionar sobre a propia aprendizaxe.

Perfil individual do estudante

Burlington New Action! ESO 4 ofrece dúas importantes ferramentas para determinar os coñecementos previos de inglés dos alumnos/as:

- un exame de diagnóstico para o comezo do curso, co fin de avaliar os seus coñecementos previos (páxs. 2-4 do *Teacher's All-in-One Pack*);
- os cadros de autoavaliación (páxs. 152-157 do *Workbook*), que se poden utilizar como punto de partida do cartafol de cada alumno/a.

Unha lectura atenta dos resultados das devanditas ferramentas de avaliación proporcionaralles aos profesores/as información esencial sobre os seus alumnos/as e fará que os mesmos se sintan máis valorados no seu novo contorno. É importante facerlles ver que os criterios de autoavaliación aplicados en *English and Me* (páx. 154 do *Workbook*) resaltan o positivo da súa aprendizaxe, destacando o que conseguiron por encima do que non. Utilizando esta folla de avaliación, todos eles terán comentarios positivos que facer e verán os seus progresos durante o curso. Débenselles lembrar constantemente as estratexias que cada un escolleu como favoritas ao principio de curso, para que melloren nas áreas lingüísticas que máis lles gustan (*My Strategies for Progress*, páxina 155 do *Workbook*).

A avaliación formativa e sumativa

A folla de avaliación continua ou formativa (*Formative Record Sheet*), na páx. XIV do *Teacher's Manual* e incluída no capítulo 10 desta programación, permite que o profesorado anote as cualificacións obtidas polos alumnos/as nas diferentes áreas tratadas en cada unidade e reflicte as actitudes de cada un deles cara ao idioma. Recoméndase contrastar o resultado desta folla cos da autoavaliación levada a cabo polos propios

alumnos/as na folla *English and Me* (páx. 154 do *Workbook*) antes de calcular a puntuación final na folla de avaliación sumativa (*Summative Evaluation*, na páx. XV do *Teacher's Manual* e incluída no punto 10 desta programación), que é a que describe o progreso global do curso. A razón é evitar as posíbeis discrepancias entre o que os alumnos/as fixeron baixo a presión das probas e o que realmente poden facer nas situacións normais e distendidas da clase.

A partir da folla *Summative Evaluation*, o profesor/a poderá calcular unha nota numérica para cada alumno/a. Con todo, o factor máis importante para medir o desenvolvemento dos alumnos/as é o progreso individual que consigan desde o inicio do curso até o final de cada trimestre.

Nesta nova etapa, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado é continua e a decisión do profesor/a de promover ao alumno/a será adoptada atendendo á consecución das competencias clave e aos obxectivos da etapa.

3. Competencias clave

a) As competencias clave e a súa descrición

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e describíense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, por tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilitará a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que

inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

– O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

– O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

– O compoñente persoal intervéñ na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida. A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos. Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

3. Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

4. Aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

5. Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de

comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuindo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

7. Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

b) Rúbrica de avaliación por competencias clave

A continuación, inclúese un modelo a modo de rúbrica, para poder avaliar as competencias que se van adquirindo en cada unidade e, na última, de avaliación global, as competencias que se adquiriron ao longo do curso.

Cada competencia desagregouse en distintos indicadores, que permitirán unha avaliación moito máis detallada da mesma.

Os instrumentos para avaliar que se especificaron son os máis xerais, pero cada profesor/a pode ter as súas propias necesidades e adaptará o modelo segundo conveña.

No apartado para indicar a cualificación, enténdese que as abreviaturas corresponden a: IN (Insuficiente); SU (Suficiente); BE (Ben); NT (Notábel); SB (Sobresaliente).

UNIDADE 1: *CURIOUS PLACES*

Competencias	Instrumentos para avaliar						Cualificación				
	Traballo na clase	Proba escrita	Proba oral	Workbook	Portfolio	Outros	IN	SU	BE	NT	SB
1. Comunicación lingüística											
Estabelece vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, e achégase a novas culturas, que adquiren consideración e respecto.											
Usa a comunicación lingüística como motor da resolución pacífica de conflitos.											
Expresa e comprende as mensaxes orais en situacións comunicativas diversas e adapta a comunicación ao contexto.											
Produce textos orais adecuados a cada situación, utilizando códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas, así como regras propias do intercambio comunicativo.											
Busca, recompila e procesa información para comprender, componse e utilizar distintos tipos de textos, con intencións comunicativas ou creativas diversas.											
Usa a lectura como fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber.											
Expresa e interpreta diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais.											
Ten conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e da intención comunicativa.											
Le, escoita, analiza e ten en conta opinións distintas á propia.											
Expresa adecuadamente as propias ideas e emocións, e acepta e realiza críticas con espírito construtivo.											
Enriquece as relacións sociais e desenvólvese en contextos distintos ao propio, comunicándose nunha lingua estranxeira, polo menos.											
Accede a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.											
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía											
Produce e interpreta distintos tipos de información, amplía o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e resolve problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.											
Interpreta e expresa con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.											
Aplica a información a unha maior variedade de situacións e contextos, segue cadeas argumentais, identificando as ideas fundamentais, e estima e axuíza a lóxica e a validez de argumentacións e informacións.											

Identifica a validez dos razoamentos e valora o grao de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos correctos.												
Identifica situacións que precisan elementos e razoamentos matemáticos, aplica estratexias de resolución de problemas e selecciona as técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñíbel.												
Utiliza elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, resolve problemas provenientes da vida cotiá e toma decisións.												
Comprende sucesos, predí consecuencias e mellora e preserva as condicións de vida propia e dos demais; ademais, desenvólvese adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal en diversos ámbitos da vida e do coñecemento.												
Aplica os conceptos e principios básicos que permiten a análise dos fenómenos desde os diferentes campos de coñecemento científico.												
Percibe de forma adecuada o espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana e interactúa co espazo circundante.												
Demuestra espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsábel na vida cotiá.												
Argumenta racionalmente as consecuencias duns ou outros modos de vida, e adopta unha disposición a unha vida física e mental saudábel, nun contorno natural e social tamén saudábel.												
Identifica preguntas ou problemas e obtén conclusións baseadas en probas para comprender e tomar decisións sobre o mundo físico e sobre os cambios que produce a actividade humana.												
Aplica algunhas nocións, conceptos científicos e técnicos, e teorías científicas básicas previamente comprendidas, e pon en práctica os procesos e actitudes propios da análise sistemática e de indagación científica.												
Recoñece a natureza, fortalezas e límites da actividade investigadora, como construción social do coñecemento ao longo da historia.												
Planifica e manexa solucións técnicas, seguindo criterios de economía e eficacia, para satisfacer as necesidades da vida cotiá e do mundo laboral.												
Diferencia e valora o coñecemento científico, xunto con outras formas de coñecemento, e utiliza valores e criterios éticos asociados á ciencia e ao desenvolvemento tecnolóxico.												
Usa de forma responsábel os recursos naturais, coida o ambiente, fai un consumo racional e responsábel, e protexe a saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.												
3. Competencia dixital												
Busca, obtén, procesa e comunica información para transformala en coñecemento.												
Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.												
Domina linguaxes específicas básicas e as súas pautas de decodificación e transferencia, e aplica en distintas situacións e contextos o coñecemento dos												

diferentes tipos de información, as súas fontes, as súas posibilidades e a súa localización.													
Organiza a información, relaciona, analiza, sintetiza e fai inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade; compréndea e intégraa nos esquemas previos de coñecemento.													
Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento.													
Procesa e xestiona información abundante e complexa, resolve problemas reais, toma decisións, traballa en contornos colaborativos e xera producións responsábeis e creativas.													
Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación a partir da comprensión da natureza e do modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e sociolaboral.													
Identifica e resolve problemas habituais de software e hardware que poidan xurdir.													
Organiza a información, procésaa e oríentaa para conseguir obxectivos e fins estabelecidos.													
<p>▪ PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.</p>								
<p>▪ PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade).</p>								
Actividades								
<p>SB: px.96-ex.2; px.102-ex.2, 3, 4 Communication Video: <i>The Band</i> Cultural Video: <i>Getting Round the City</i></p>								
BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS								
<p>▪ PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc.</p>								
<p>▪ PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>								
<p>▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</p>								
<p>▪ PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiáns e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.</p>								

<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. 							
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. 							

Actividades

SB: px.96-ex.1, 2

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.). 							
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material. 							
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo). 							
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida 							

reler as seccións difíciles.								
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. 								
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadia de estudos no estranxeiro). 								
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional). 								
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela. 								

Actividades

SB: px.94- Anuncios; px.97-ex.3, 6; px.99-ex.8; px.100-ex.6; px.101-ex.8; px.103-ex.5

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. 								
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos. 								
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenil, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía. 								
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e 								

sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.								
▪ PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa).								
▪ PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass.								
▪ PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.								
▪ PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.								
Actividades								
SB: px.99- Enquisa; px.103- Project WB: px.143- Portfolio								
BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL								
▪ PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.								
▪ PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.								
▪ PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.								
▪ PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.								
▪ PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os								

recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta.								
▪ PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.								
▪ PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.								

Actividades

Tal como di o Decreto 86/2015 de 25 de xuño (DOG do 29/06/2015): Os estándares do Bloque 5 están integrados e, por tanto, son avaliados coas mesmas actividades empregadas nos bloques 1 a 4.

7. Elementos transversais

Dentro das posibilidades que ofrece o ensino dunha lingua estranxeira *New Action ESO 4* ofrece, a través do seu contido, a selección dos seus temas, textos e situacións de interacción entre alumnos, oportunidades para introducir aspectos dos elementos transversais ao longo do proxecto. Os elementos transversais que se desenvolven a continuación aprécianse de maneira integrada nos textos, ilustracións e actividades de *New Action ESO 4* (ver a secuencia das unidades e as rúbricas de avaliación por estándares de aprendizaxe).

- Na Ensinanza Secundaria Obrigatoria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as disciplinas.
- As Administracións educativas promoverán o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. As Administracións educativas promoverán a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que alicerzan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
A programación docente debe comprender en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.
Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
Os currículos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria e Bacharelato incorporarán elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas do inadecuado emprego das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.
- Os currículos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria e Bacharelato incorporarán elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, á adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como da ética empresarial. As Administracións educativas fomentarán as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- As Administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil. Para estes efectos, as devanditas Administracións promoverán a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar, nos termos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garantan un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida activa, saudábel e autónoma. O deseño, coordinación e supervisión das medidas que para estes efectos se adopten no centro educativo serán asumidos polo profesorado con cualificación ou especialización adecuada nestes ámbitos.
- No ámbito da educación e a seguridade vial, as Administracións educativas incorporarán elementos curriculares e promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicletas ou vehículos a motor, respecte as normas e sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

8. Secuenciación das unidades didácticas

UNIDADE DE INTRODUCCIÓN

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado co equipamento deportivo, os verbos de acción, a roupa, os accesorios de moda, os artigos de viaxe, as profesións, os teléfonos móbiles, a comida e a bebida.
- Expresar preferencias sobre a comida.
- Repasar o *Present Simple* e o *Present Continuous*, así como o contraste entre ambos. Facer preguntas e contestalas.
- escoitar, comprender e expresar información persoal e a linguaxe da clase.
- Pronuncia das letras do abecedario en inglés.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Repaso do vocabulario relacionado co equipamento deportivo, a roupa, os accesorios de moda, os artigos de viaxe, as profesións, os teléfonos móbiles, a comida e a bebida.
- Os verbos de acción.
- Realización de varios exercicios para practicar o uso de todo o vocabulario de repaso.

Grammar

- Repaso do *Present Simple* e do *Present Continuous*, en afirmativa, negativa e interrogativa.
- Contraste entre o *Present Simple* e o *Present Continuous*.
- Realización de varios exercicios para practicar o uso de toda a gramática de repaso.

Speaking

- Repaso das presentacións formais e informais, así como da linguaxe na aula. Intercambio de información persoal.
- Realización de varios exercicios para practicar as presentacións e a linguaxe típica da clase.

Getting to Know Your Book

- Realización dun exercicio que, mediante fotografías, permitirá que o alumno/a se familiarice cos contidos que verá en cada unidade.
- Realización dun exercicio no que o alumno/a ten que relacionar os temas que se dan coas unidades do libro.
- Realización dun exercicio para traducir á súa lingua materna as instrucións máis frecuentes que atopará ao longo do libro.

c) Competencias clave

- Comunicación lingüística:
 - *Vocabulary*, páxs. 4-5; *Language Builder*, LB, páxs. 4-5: repaso do vocabulario relacionado co equipamento deportivo, os verbos de acción, a roupa, os accesorios de moda, os artigos de viaxe, as profesións, os teléfonos móbiles, a comida e a bebida.
 - *Grammar*, páxs. 6 e 7: uso correcto do *Present Simple* e do *Present Continuous*.
 - *Speaking*, páx. 8: uso de expresións para intercambiar información persoal e de instrucións e

preguntas para interaccionar na aula co profesor/a e cos compañeiros/as.

- Competencia dixital:
 - Uso das imaxes e dos textos que aparecen ao longo da unidade, para poder realizar os exercicios que se expoñen.
 - Uso do *IS, Interactive Student*, páx. 9, que inclúe unha variedade de ferramentas para axudar e afianzar o estudante na súa aprendizaxe.
 - Uso do *IC, Interactive Classroom*, páxs.4-7, material interactivo dixital, para consolidar e practicar os coñecementos adquiridos en toda a unidade.
- Competencias sociais e cívicas:
 - *Speaking*, páx. 8: coñecemento das formas reguladas de comunicación en inglés, para utilízalas en situacións de comunicación adecuadas á contorna escolar.
 - *Grammar*, páxs. 6 e 7: respecto polo uso da linguaxe apropiada na clase; importancia dunha actitude respectuosa cara ao profesor/a, os compañeiros/as e as rutinas da clase.
- Aprender a aprender
 - *Speaking*, páx. 8: respecto das quendas de palabra e das rutinas da clase.
 - *Getting to Know Your Book*, páx. 9: adquisición de coñecementos para manexarse adecuadamente co libro de texto e facilitar a aprendizaxe.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:
 - *Speaking*, páx. 8: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados.
 - Fomento do traballo cooperativo na aula.

d) Temas interdisciplinares

- Educación física:
 - Coñecemento de vocabulario relacionado co equipamento deportivo.
- Valores Éticos:
 - Familiarización coas fórmulas adecuadas para saudar e presentarse.
 - Importancia de manter unha actitude de respecto, tanto cara ao profesor/a coma cara aos compañeiros/as da clase.
 - Aprendizaxe e respecto das quendas de palabra dentro e fóra da aula.
- Primeira Lingua Estranxeira:
 - Repaso de léxico relacionado co equipamento deportivo, os verbos de acción, a roupa, os accesorios de moda, os artigos de viaxe, as profesións, os teléfonos móbiles, a comida e a bebida.
 - O *Present Simple* e o *Present Continuous* en afirmativa, negativa e interrogativa.
 - Contraste entre o *Present Simple* e o *Present Continuous*.
 - Instrucións e preguntas típicas que se usan na linguaxe da clase e fórmulas para presentarse aos compañeiros/as.

UNIDADE 1: *Curious Places*

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado cos lugares das cidades e os elementos que as integran.
- Ler de forma comprensiva e autónoma unha guía turística sobre o Convento das Monxas Trinitarias Descalzas de Madrid e a entrada dun blog sobre a afección que levou un home de Nova York a gañar diñeiro.
- Practicar o uso do *Past Simple* en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas, e da estrutura *used to*. Os adverbios de tempo.
- escoitar e comprender tres conversacións que ilustran situacións típicas que se dan ao ser turista, e outra sobre as actividades realizadas a fin de semana pasada.
- Falar sobre como manexarse cando se viaxa e sobre actividades realizadas no pasado.
- Escribir unha entrada nun blog persoal sobre unha viaxe.
- Pronuncia correcta dos sons /j/ e /dʒ/. Ritmo e entoación das frases.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Os lugares da cidade.
- Recoñecemento, comprensión e expresión oral dos distintos lugares da cidade.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.
- **ACTION!**: exercicio en parellas para practicar o vocabulario visto na sección. Enquisa na clase para pescudar a que lugares foron os alumnos/as, a semana pasada, e cales son os máis populares.

Listening

- Comprensión oral de tres conversacións que ilustran situacións típicas que se dan ao ser turista.
- Contestar a preguntas relacionadas coa conversación que escoitaron.
- Volver escoitar a gravación e completar as frases.

Speaking

- *Useful Language*: práctica da linguaxe e expresións típicas que se utilizan ao ir de viaxe (*I'd like to book ... ; Excuse me, how do I get to ... ?; I'd like to reserve a single room; Go straight to the corner of ...*).
- Realización dun exercicio para practicar a linguaxe e as expresións aprendidas na sección.
- **STOP AND THINK!**: dicir que imperativos aparecen no exercicio 2.
- **ACTION!**: exercicio en parellas para practicar, mediante diálogos, o tema visto na sección.

Reading

- Comprensión oral e escrita dunha guía turística sobre o Convento das Monxas Trinitarias Descalzas de Madrid.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- **ART**: contestar a varias preguntas relacionadas coa novela máis recoñecida de Cervantes (*O Quixote*).

Grammar

- O *Past Simple* en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas.

- Os adverbios de tempo.
- *Used to* en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- *CULTURE*: datos curiosos e interesantes sobre o cabalo de Troia.
- *Grammar in ACTION!*: exercicios en parellas para practicar a gramática vista na sección.

Vocabulary

- Os elementos que integran a cidade.
- Recoñecemento, comprensión e expresión oral dos elementos que integran a cidade.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Reading

- Lectura da entrada dun blog sobre a afección que levou un home de Nova York a gañar diñeiro.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- *HISTORY*: información interesante sobre a febre do ouro en EE. UU.

English in ACTION!

Listening

- Comprensión oral dunha conversación sobre as actividades realizadas a fin de semana pasada.
- Realización de varios exercicios para demostrar que entenderon a información clave da conversación.

Speaking

- Unir as preguntas coas respostas que se dan, para formar unha conversación.
- *Pronunciation*: entoar e seguir o ritmo das frases correctamente.
- *ACTION!*: exercicio en parellas para practicar, mediante diálogos, o tema visto na sección.

Writing

- Lectura dunha entrada dun blog persoal para completar a ficha.
- *Writing Help*: aprendizaxe do uso correcto da linguaxe informal.
- Realización dun exercicio para poñer en práctica os coñecementos aprendidos.
- *Writing in ACTION!*: produción dunha entrada dun blog persoal.

Culture Magazine

- Facer un concurso de preguntas e respostas.
- Ler e escoitar os datos que se dan, e comprobar as respostas.
- Comprensión oral e escrita dun texto sobre o misterio do túnel Lincoln.
- Relacionar as imaxes que se dan coa súa descrición correspondente.

c) Competencias clave

- Comunicación lingüística:
 - *Vocabulary*, SB, páxs. 10, 11 e 16; *Language Builder*, LB, páxs. 6-7: uso de vocabulario relacionado cos lugares das cidades e os elementos que as integran.
 - *Listening*, SB, páx. 11; *English in ACTION!*, SB, páx. 18: comprensión oral de tres conversacións que ilustran situacións típicas que xorden ao ser turista, e outra sobre as actividades realizadas a fin de semana pasada.
 - *Grammar*, SB, páxs. 14-15: uso correcto do *Past Simple* e da estrutura *used to*.
 - *Speaking*, SB, páx. 12; *English in ACTION!*, SB, páx. 18: participación en conversacións e simulacións co compañeiro/a para falar sobre como manexarse cando se viaxa e sobre actividades

realizadas no pasado.

- *Reading*, SB, páxs. 12-13 e 17; *Culture Magazine*, SB, páx. 114; WB, páx. 13: comprensión escrita dunha guía turística sobre o Convento das Monxas Trinitarias Descalzas de Madrid, da entrada dun blog sobre a afección que levou un home de Nova York a gañar diñeiro e dun texto sobre o rei Ricardo III e o achado dos restos dos seus ósos.

- *Pronunciation*, SB, páxs. 11, 18 e 132: pronuncia dos sons /j/ e /dʒ/. Ritmo e entoación das frases.

- *Writing*, SB, páx. 19; WB, páxs. 14 e 124 (*Writing Plan*): capacidade para escribir unha entrada dun blog persoal sobre unha viaxe, utilizando as expresións e o vocabulario adecuados. Uso correcto da linguaxe informal.

- Competencia dixital:

- Uso das imaxes e dos textos que aparecen ao longo da unidade, para poder realizar os exercicios que se expoñen.

- Uso do *IS*, *Interactive Student*, páx. 19, que inclúe unha variedade de ferramentas para axudar e afianzar o estudante na súa aprendizaxe.

- Uso do *IC*, *Interactive Classroom*, páxs. 11, 14-16 e 19, material interactivo dixital, para consolidar e practicar os coñecementos adquiridos en toda a unidade.

- *Everything English Video*. Reprodución do capítulo 1. Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

- Competencias sociais e cívicas:

- *Listening*, SB, páx. 11; *Speaking*, SB, páx. 12: respecto pola opinión dos compañeiros/as.

- *Speaking*, SB, páx. 12: uso de linguaxe adecuada para interactuar con alguén cando se viaxa ou hai que axudar alguén a orientarse.

- *Culture Magazine*, SB, páxs. 114: conciencia sobre a existencia de diferentes lugares do mundo e os seus costumes.

- Competencia e expresións culturais:

- *ART*, páx. 13: demostración de coñecementos sobre *O Quixote*.

- *CULTURE*, páx. 14: capacidade para recoñecer ao cabalo de Troia nunha imaxe e explicar para que se utilizou.

- *HISTORY*, páx. 17: coñecementos sobre a febre do ouro en EE. UU.

- *Culture Magazine*, SB, páx. 114: interese por coñecer datos culturais e xeográficos sobre varios lugares do mundo.

- A prender a aprender:

- *Check Your Progress*, WB, páxs. 15-16; *My English Experience*, WB, páx. 153; *English and Me*, WB, páx. 154; *My Strategies for Progress*, WB, páxs. 155; *Self-Evaluation*, WB, páx. 156-157, *Language Builder*, LB, páxs. 6-7: uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos. Reflexión sobre os propios éxitos e fracasos.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- *Speaking*, SB, páx. 12; *English in ACTION!*, SB, páx. 18: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados. Fomento do traballo cooperativo na aula.

- *Reading*, SB, páxs. 12, 13 e 17; *Culture Magazine*, SB, páx. 114: sentido crítico ante a información cultural que se presenta.

- *Writing*, SB, páx. 19; WB, páxs. 14 e 124 (*Writing Plan*): uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos propostos. Capacidade de organización para presentar un traballo escrito.

- *Self-Evaluation*, WB, páx. 156: autonomía á hora de valorar o nivel de éxito dos obxectivos da unidade.

d) Temas interdisciplinares

- Xeografía e Historia:
 - Localización de diferentes cidades e países.
 - Costumes e datos curiosos sobre outros lugares do mundo.
 - Coñecementos sobre a chamada “febre do ouro” en California.
 - Identificación de lugares icónicos do mundo.
- Valores Éticos:
 - Aprendizaxe das fórmulas correctas para poder orientarse ao viaxar.
 - Respecto polas preferencias dos demais.
 - Respecto polas actividades e afeccións desempeñadas polos demais.
- Primeira Lingua Estranxeira:
 - O *Past Simple* (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves).
 - *Used to* (afirmativa, negativa, interrogativa e respostas breves).
 - Os adverbios de tempo.
 - Fórmulas para saber manexarse cando se viaxa e falar sobre actividades realizadas no pasado.
 - A linguaxe informal.
 - Tradución inglés-lingua propia no *Workbook* e no *Language Builder*.
 - Coñecementos sobre Cervantes e *O Quixote*.
- Tecnoloxía:
 - O blog como medio de comunicación e fonte de información.

UNIDADE 2: *That's a Laugh!*

a) Obxectivos

- Aprender adxectivos para describir cousas e situacións, así como adxectivos de personalidade.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo dunha revista sobre unha epidemia de risa orixinada en Tanzania e unha columna de opinión na que se pide consello para cambiar a forma de rir.
- Practicar o uso do *Past Continuous* e diferenciar o seu uso do que se fai do *Past Simple*.
- escoitar e comprender un diálogo sobre a descrición dun incidente e unha historia sobre algo que lle sucedeu a un dos interlocutores.
- Falar sobre incidentes graciosos e contar experiencias.
- Escribir unha narración sobre unha experiencia graciosa.
- Acentuación das palabras e pronuncia correcta das formas débiles de *was* e *were*.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Adxectivos para describir cousas e situacións.
- Identificación de adxectivos que se utilizan para describir cousas e situacións.
- Comprensión e expresión oral de adxectivos que se utilizan para describir cousas e situacións.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.
- *Pronunciation*: práctica da acentuación correcta das palabras.
- **ACTION!**: exercicio para practicar o vocabulario visto na sección.

Listening

- Dicar que farían no caso de que ocorrese un incidente que os puxese nunha situación vergoñenta.
- Comprensión oral dun diálogo sobre a descrición dun incidente.
- Contestar a varias preguntas relacionadas coa conversación que escoitaron.

Speaking

- *Useful Language*: práctica da linguaxe e expresións típicas para falar de incidentes graciosos (*Did anyone see it?, What happened?, Can you believe that?, etc.*).
- Realización dun exercicio para practicar a linguaxe e as expresións aprendidas na sección.
- **ACTION!**: exercicio en parellas para practicar, mediante diálogos, o tema visto na sección.

Reading

- Lectura dun artigo dunha revista sobre unha epidemia de risa orixinada en Tanzania.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- **ACTION!**: localización de Tanzania nun mapa. Dicar con que países linda, á parte de Kenya e Uganda.
- **GEOGRAPHY**: completar unha ficha con información sobre Tanzania.

Grammar

- O *Past Continuous* en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas.
- Os adverbios de tempo.
- Contraste entre o *Past Continuous* e o *Past Simple*.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.
- **HISTORY**: información interesante sobre Charlie Chaplin e o cinema mudo.
- *Pronunciation*: pronuncia correcta das formas débiles de *was* e *were*.

- *Grammar in ACTION!*: exercicios en parellas para practicar a gramática vista na sección.

Vocabulary

- Adxectivos de personalidade.
- Identificación de diferentes adxectivos de personalidade.
- Comprensión e expresión oral de diferentes adxectivos de personalidade.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Reading

- Lectura dunha columna de opinión na que se pide consello para cambiar a forma de rir.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- *Did You Know?!*: información interesante sobre a risa dalgúns animais coma os chimpancés, os cans ou as ratas.
- *ACTION!*: facer unha enquisa na clase para ver que tipo de risa é a máis común entre os alumnos/as.

English in ACTION!

Listening

- Dicir que é o que os pon nerviosos/as e que é o que os acouga.
- Comprensión oral dunha historia sobre algo que lle sucedeu a un dos interlocutores. Contestar a dúas preguntas relacionadas coa historia.
- Completar as frases que se dan coa información da historia.

Speaking

- Dicir que frases ou expresións, entre as que se propoñen, se din ao contar unha historia e ao escoitala.
- *ACTION!*: exercicio en parellas para practicar, mediante diálogos, as frases e expresións do exercicio anterior.

Writing

- Lectura dun modelo de narración para completar a ficha.
- *Writing Help*: aprendizaxe da orde correcta dos adxectivos.
- Realización dun exercicio para poñer en práctica os coñecementos aprendidos.
- *HISTORY*: información interesante sobre as primeiras festas de aniversarios dos reis do Antigo Exipto.
- *Writing in ACTION!*: produción dunha narración.

Culture Magazine

- Relacionar as imaxes coas descrições que se dan. Comprensión oral e escrita das descrições.
- Comprensión oral e escrita dun texto sobre a risa natural e a falsa.
- Completar os datos coas palabras que se dan.

c) Competencias clave

- Comunicación lingüística:
 - *Vocabulary*, SB, páxs. 20, 21 e 26; *Language Builder*, LB, páxs. 8-9: uso de adxectivos para describir cousas e situacións, así como adxectivos de personalidade.
 - *Listening*, SB, páx. 21; *English in ACTION!*, SB, páx. 28: comprensión oral da descrição dun incidente e dunha historia sobre algo que lle sucedeu a uns dos interlocutores.
 - *Grammar*, SB, páxs. 24-25: o uso do *Past Continuous*. Contraste entre o *Past Continuous* e o *Past*

Simple.

- *Speaking*, SB, páx. 22; *English in ACTION!*, SB, páx. 28: participación en conversacións e simulacións co compañeiro/a para falar sobre incidentes graciosos e contar historias.
- *Reading*, SB, páxs. 22-23 e 26-27; *Culture magazine*, SB, páx. 115; WB, páx. 21: comprensión escrita dun artigo dunha revista sobre unha epidemia de risa orixinada en Tanzania e dunha columna, na que se pide consello para cambiar a forma de rir; varios textos e datos sobre a risa e as súas diferentes formas; e un texto sobre o sentido do humor nos animais.
- *Pronunciation*, SB, páxs. 21, 25 e 132-133: acentuación das palabras e pronuncia das formas débiles de *was* e *were*.
- *Writing*, SB, páx. 29; WB, páxs. 22 e 125 (*Writing Plan*): expresión escrita dunha narración sobre unha experiencia graciosa, utilizando as expresións e vocabulario adecuados. Orde correcta dos adxectivos na oración.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:
 - *GEOGRAPHY*, SB, páx. 23: coñecementos sobre Tanzania.
- Competencia dixital:
 - Uso das imaxes e dos textos que aparecen ao longo da unidade, para poder realizar os exercicios que se expoñen.
 - Uso do *IS*, *Interactive Student*, páx.29, que inclúe unha variedade de ferramentas para axudar e afianzar o estudante na súa aprendizaxe.
 - Uso do *IC*, *Interactive Classroom*, páxs.21, 24-29, material interactivo dixital, para consolidar e practicar os coñecementos adquiridos en toda a unidade.
 - *Everything English Video. Culture Video*, reprodución de *The Band* (páx. 28) capítulo 2, práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional
- Competencias sociais e cívicas:
 - *Listening*, SB, páx. 21; *Speaking*, SB, páx. 22: respecto pola opinión dos compañeiros/as.
 - *Speaking*, SB, páx. 22: uso da linguaxe adecuada para falar con alguén sobre incidentes graciosos.
 - *Culture Magazine*, SB, páxs. 115: datos curiosos sobre a risa e a súa utilidade como forma de comunicación cos demais.
- Conciencia e expresións culturais:
 - *HISTORY*, páxs. 25 e 29: demostración de coñecementos sobre Charles Chaplin e a súa carreira cinematográfica. Coñecemento sobre as primeiras festas de aniversarios dos reis do Antigo Exipto.
 - *Culture Magazine*, SB, páxs. 115: coñecemento de datos curiosos sobre a risa, as súas diferentes formas e as súas connotacións culturais.
- Aprender a aprender.
 - *Check Your Progress*, WB, páxs. 23-24; *My English Experience*, WB, páx. 153; *English and Me*, WB, páx. 154; *My Strategies for Progress*, WB, páxs. 155; *Self-Evaluation*, WB, páx. 156-157, *Language Builder*, LB, páxs. 8-9: uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos. Reflexión sobre os propios éxitos e fracasos.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:
 - *Speaking*, SB, páx. 22; *English in ACTION!*, SB, páx. 28: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados. Fomento do traballo cooperativo na aula.
 - *Reading*, SB, páxs. 26 e 27; *Culture magazine*, SB, páx. 115: sentido crítico ante a información cultural que se presenta.
 - *Writing*, SB, páx. 29; WB, páxs. 22 e 125 (*Writing Plan*): uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos propostos. Capacidade de organización para presentar un

traballo escrito.

- *Self-Evaluation*, WB, páx. 156: autonomía á hora de valorar o nivel de éxito dos obxectivos da unidade.

d) Temas interdisciplinares

- Xeografía e Historia:
 - Coñecementos sobre Tanzania.
 - Localización de Tanzania nun mapa.
 - Costumes e datos curiosos sobre outros lugares do mundo.
 - Os faraóns como primeiras persoas en celebrar festas de aniversarios.

1

- Cultura Científica:
 - A risa nos animais.

2

- Valores Éticos:
 - Respecto polas preferencias alleas.
 - Respecto polas diferenzas culturais con respecto á risa.

3

- Educación Plástica, Visual e Audiovisual:
 - Coñecementos sobre Charles Chaplin e os inicios do cinema mudo.

4

- Primeira Lingua Estranxeira:
 - O *Past Continuous* en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas.
 - Os adverbios de tempo.
 - Contraste entre o *Past Simple* e o *Past Continuous*.
 - A orde dos adxectivos na oración.
 - Tradución inglés-lingua propia no *Workbook* e no *Language Builder*.

5

- Tecnoloxías da Información e da Comunicación:
 - As páxinas web que ofrecen consellos e axuda, como medio de comunicación e fonte de información.

UNIDADE 3: *Anything Is Possible*

a) Obxectivos

- Aprender expresións e verbos relacionados con experiencias.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre unha historia inspiradora para que os lectores dunha web a poidan votar, e un perfil dunha persoa cunha historia inspiradora.
- Practicar o uso o *Present Perfect Simple*. Comparalo e diferencialo do *Past Simple*.
- escoitar e comprender un diálogo relacionado co logro de obxectivos e unha conversación sobre a admiración que lle profesan a will.i.am.
- Falar sobre obxectivos e logros, e sobre persoas ás que se admira.
- Escribir unha redacción sobre unha persoa.
- A acentuación das palabras nas oracións e pronuncia correcta do *Past Participle* dos verbos.

b) Contidos didácticos

Vocabulary

- Verbos relacionados con experiencias.
- Identificación de diferentes verbos relacionados con experiencias.
- Comprensión e expresión oral de verbos relacionados con experiencias.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.
- *ACTION!*: exercicio en parellas para practicar o vocabulario aprendido na sección.

Listening

- Imaxinar que fixamos unha meta, ou reto persoal, e falar sobre iso.
- Comprensión oral dun diálogo relacionado co logro de obxectivos.
- Contestar a preguntas relacionadas coa conversación que escoitaron.
- Volver escoitar a conversación e dicir se as frases que se dan son verdadeiras ou falsas.

Speaking

- *Useful Language*: práctica da linguaxe e de expresións típicas para falar de logros e obxectivos (*I've always wanted to see ... , I've never been to ... , I can't imagine learning ... , etc.*).
- Realización de exercicios para practicar a linguaxe e as expresións aprendidas na sección.
- *Pronunciation!*: acentuación correcta das frases.
- *ACTION!*: exercicio en parellas para practicar, mediante diálogos, o tema visto na sección.

Reading

- Lectura dun artigo sobre unha historia inspiradora, para que os lectores dunha web a poidan votar.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- *GEOGRAPHY*: dicir que catro países se poden atopar nos crebacabezas e en cal deles o fútbol non é un deporte nacional.

Grammar

- O *Present Perfect Simple* en afirmativa, negativa, interrogativa, e en respostas curtas.
- Os adverbios de tempo.
- Contraste entre o *Present Perfect Simple* e o *Past Simple*.
- Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

- *CULTURE*: información interesante sobre a marca de lentes Ray-Ban.
- *Pronunciation*: pronuncia correcta das formas do *Past Participle*.
- *Grammar in ACTION!*: exercicio en parellas para practicar a gramática vista na sección.

Vocabulary

- Expresións relacionadas con experiencias.
- Identificación de diferentes expresións relacionadas con experiencias.
- Comprensión e expresión oral de expresións relacionadas con experiencias.
- Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Reading

- Lectura do perfil dunha persoa cunha historia inspiradora.
- Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.
- *ACTION!*: realización dunha enquisa na clase, para pescudar as cousas do colexio que lles gustan máis ou menos.

English in ACTION!

Listening

- Comprensión oral dunha conversación sobre a admiración que dous adolescentes lle profesan a will.i.am.
- Realización de varios exercicios para demostrar que entenderon a información clave da conversación.
- *CULTURE*: información interesante sobre a orixe do nome do grupo musical *Black Eyed Peas*.

Speaking

- Unir as preguntas coas respostas propostas.
- *ACTION!*: exercicio en parellas para practicar, mediante diálogos, o tema visto na sección.

Writing

- Lectura dun modelo de redacción sobre unha persoa, para completar a ficha.
- *Writing Help*: diferenciación entre feitos e opinións.
- Realización dun exercicio para poñer en práctica os coñecementos aprendidos na sección.
- *Writing in ACTION!*: produción dunha redacción sobre alguén que admiren.

Culture Magazine

- Comprensión oral e escrita de varios textos sobre adolescentes que alcanzaron o éxito. Contestar a unha pregunta sobre un dos adolescentes.
- Ler varias citas relacionadas co éxito e dicir se están de acordo ou non.

c) Competencias clave

- Comunicación lingüística:
 - *Vocabulary*, SB, páxs. 30, 31 e 36; *Language Builder*, LB, páxs. 10-11: uso de verbos e expresións relacionadas con experiencias.
 - *Listening*, SB, páx. 31; *English in ACTION!*, SB, páx. 38: comprensión oral dun diálogo relacionado co logro de obxectivos e dunha conversación sobre a admiración que uns adolescentes lle profesan a will.i.am.
 - *Grammar*, SB, páxs. 34-35: o uso correcto do *Present Perfect Simple*. Diferenciación co *Past Simple*. Os adverbios de tempo.
 - *Speaking*, SB, páx. 32; *English in ACTION!*, SB, páx. 38: participación en conversacións e

simulacións co compañeiro/a, para falar sobre obxectivos e logros, e sobre persoas ás que se admira.

- *Reading*, SB, páxs. 32-33 e 36-37; *Culture magazine*, SB, páx. 116; WB, páx. 29: comprensión escrita dun artigo sobre unha historia inspiradora para que os lectores dunha web a poidan votar, e dun perfil dunha persoa cunha historia inspiradora; datos e historias sobre éxitos e logros dalgúns adolescentes de diferentes países; e un texto sobre unha modelo con síndrome de Down e os seus éxitos.

- *Pronunciation*, SB, páxs. 32, 35 e 133: acentuación correcta das palabras en oracións e pronuncia correcta do *Past Participle* dos verbos.

- *Writing*, SB, páx. 39; WB, páxs. 30 e 126 (*Writing Plan*): expresión escrita dunha redacción sobre unha persoa á que admiran, utilizando as expresións e o vocabulario adecuados. Diferenciación entre datos obxectivos e opinións.

- Competencia dixital:

- Uso das imaxes e dos textos que aparecen ao longo da unidade, para poder realizar os exercicios que se expoñen.
- Uso do *IS*, *Interactive Student*, páx.39, que inclúe unha variedade de ferramentas para axudar e afianzar o estudante na súa aprendizaxe
- Uso do *IC*, *Interactive Classroom*, páxs. 31, 34-37 e 39, material interactivo dixital, para consolidar e practicar os coñecementos adquiridos en toda a unidade.
- *Everything English Video*, páx. 38, *The Band*, capítulo 3.
- *Culture Video*, reprodución de *School Days* (páx. 37), práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.

- Competencias sociais e cívicas:

- *Listening*, SB, páx. 31: respecto polas opinións dos compañeiros/as.
- *Speaking*, SB, páx. 32: uso da linguaxe adecuada para falar sobre obxectivos e logros.
- *Reading*, SB, páx. 37: datos sobre a educación noutros países e a dificultade para algunhas persoas de estudar neles.
- *Culture Magazine*, SB, páxs. 116: datos curiosos sobre persoas que lograron éxitos e historias inspiradoras.

- Conciencia e expresións culturais:

- *CULTURE*, páxs. 35 e 38: demostración de coñecementos sobre a popular marca de lentes *Ray-Ban*. Demostración de coñecementos sobre a orixe do nome do grupo musical *Black Eyed Peas*.
- *Reading*, SB, páxs. 36-37: coñecementos sobre algúns aspectos da cultura vietnamita.
- *Culture Magazine*, SB, páxs. 116: datos curiosos sobre logros e éxitos dalgúns adolescentes de diferentes países.

- A prender a aprender:

- *Check Your Progress*, WB, páxs. 31-32; *My English Experience*, WB, páx. 153; *English and Me*, WB, páx. 154; *My Strategies for Progress*, WB, páx. 155; *Self-Evaluation*, WB, páx. 156, *Language Builder*, LB, páxs. 10-11: uso de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos. Reflexión sobre os propios éxitos e fracasos.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- *Speaking*, SB, páx. 32; *English in ACTION!*, SB, páx. 38: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos dados. Fomento do traballo cooperativo na aula.
- *Reading*, SB, páxs. 33, 36 e 37; *Culture Magazine*, SB, páx. 116: sentido crítico ante a información cultural que se presenta.
- *Writing*, SB, páx. 39; WB, páxs. 30 e 126 (*Writing Plan*): uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos a partir de modelos propostos. Capacidade de organización para presentar un

traballo escrito.

- *Self-Evaluation*, WB, páx. 156: autonomía á hora de valorar o nivel de éxito dos obxectivos da unidade.

d) Temas interdisciplinares

- Xeografía e Historia:
 - Identificación de varios países.
 - Recoñecemento dalgunhas marcas recoñecidas que tiveron comezos difíciles.

- Educación física:
 - Historia dun grupo de nenos de Tailandia que xogan ao fútbol.
 - O fútbol como deporte nacional dalgúns países do mundo.

- Valores Éticos:
 - Respecto polas preferencias dos demais.
 - Educación baseada na premisa de que todo é posíbel e de que non hai límites á hora de fixar obxectivos para mellorar.
 - Logros e éxitos que melloran a vida das persoas e a sociedade actual.
 - Inspiración positiva para os demais.
 - Historias de superación e de loita polos soños arelados.

- Música:
 - A influencia de will.i.am e os *Black Eyed Peas* no mundo da música.

- Primeira Lingua Estranxeira:
 - *O Present Perfect Simple* en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas.
 - Os adverbios de tempo.
 - Contraste entre o *Past Simple* e o *Present Perfect Simple*.
 - Diferenzas entre a expresión de feitos e de opinións.
 - Tradución inglés-lingua propia no *Workbook* e no *Language Builder*.

UNIDADE 4: *Keeping It Green!*

a) Obxectivos

- Aprender vocabulario relacionado co ambiente e con materiais e tipos de envases.
- Ler de forma comprensiva e autónoma un folleto dun museo e un artigo de promoción.
- Practicar o uso da voz pasiva en Present *Simple* e *Past Simple*, en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas. Adverbios de tempo.
- A aprendizaxe das técnicas e recursos das diferentes linguaxes artísticas.
- A capacidade de percibir, comprender e enriquecerse coas producións do mundo da arte e da cultura.

- A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos.
- O interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais.
- A promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade.
- O desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina como requisitos necesarios para a creación de calquera produción artística de calidade, así como habilidades de cooperación que permitan a realización de traballos colectivos.

3. C) CONTRIBUCIÓN DA ÁREA E DO PROXECTO *INITIATIVE 2* Ao DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

- A materia de Lingua Estranxeira, nas súas distintas modalidades, contribúe de maneira fundamental, ao desenvolvemento de **a Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)**, non só en segundas linguas senón tamén con respecto ás linguas maternas. Por unha banda, a aprendizaxe das segundas linguas debe aproximarse ao proceso de adquisición das linguas maternas para producir uns resultados de carácter natural e directamente aplicables ao uso lingüístico no mundo real; por outro, a reflexión consciente e o desenvolvemento sistemático de competencias variadas que leva a aprendizaxe de segundas linguas pode estenderse ás linguas maternas co fin de mellorar as competencias nestas para comprender, expresarse, interactuar e articular pensamentos e sentimentos sobre un mesmo, o outro, e a contorna mental e físico no que se actúa e constrúense as relacións como axente social.

Initiative 2 axuda aos estudantes a mellorar o seu coñecemento formal da lingua gramaticalmente, morfolóxicamente, en sintaxe e pronuncia. Por outra banda, axúdalles a aprender os factores socioculturais que forman parte da comunicación, facéndolles conscientes dos distintos rexistros e as cousas apropiadas que dicir nun contexto determinado.

Podemos ver que esta competencia se desenvolve durante todo o curso, xa que todas as actividades das unidades utilizan a linguaxe como instrumento de comunicación.

- O carácter dinámico da lingua, tamén está presente nas **Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCT)** e outras áreas de coñecemento, ás que a Lingua Estranxeira pode contribuír facilitando e expandindo o acceso a datos, procedementos e técnicas de investigación; facendo posible un intercambio máis directo e frutífero entre comunidades científicas, e propiciando a construción conxunta do saber humano.

Podemos atopar a competencia matemática en Initiative **2**, por exemplo na unidade 1 falando dun horario semanal con horas totais de estudo, ou das cifras económicas da industria do cine e a televisión na unidade 2.

Tamén hai exemplos de ciencia e tecnoloxía, en toda a unidade 3 e na unidade 4.

- Neste e en calquera outro ámbito, a actividade lingüística realízase en gran parte hoxe en día a través de medios tecnolóxicos. Estes medios están recollidos no currículo como soportes naturais dos textos orais ou escritos que o alumno haberá de producir, comprender e procesar, polo que a **Competencia dixital (CD)** enténdese como parte substancial da competencia comunicativa.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación debe ter importantes repercusións na maneira en que as linguas estranxeiras ensínanse e apréndense, e as necesarias innovacións neste campo han de basearse nun novo concepto da lingua, que non é algo que meramente se sabe, senón, fundamentalmente, algo que a persoa fai.

Grazas aos recursos dixitais e multimedia do curso, o alumnos afaránse a usar as tecnoloxías da información e comunicación como ferramentas esenciais para aprender e comunicarse, e mostrarán que con frecuencia teñen iniciativa para usar os materiais dixitais e para buscar e comunicar información de maneira independente. Tamén se familiarizarán co vocabulario básico para falar de informática en inglés.

Initiative 2 promove a competencia dixital de diferentes maneiras. Inclúe a procura en internet, e utiliza paquetes de programas e ferramentas en liña para facer tarefas produtivas. A **Student Website** proporciona acceso adicional en liña con actividades prácticas para desenvolver a linguaxe. Os estudantes teñen tamén acceso a material interactivo dixital, que lles leva a usar ferramentas dixitais independentemente.

- No proceso mesmo de aprendizaxe desenvólvese outra competencia básica, a de **Aprender a aprender (CAA)**, polo que o currículo incide no carácter procedimental de todos os seus elementos constituintes e das súas relacións. Os contidos necesarios para alcanzar os Estándares de aprendizaxe avaliábel, cuxo grao de adquisición valórase aplicando os criterios de avaliación descritos así mesmo como accións, son considerados como contidos *competenciais*, isto é todo aquilo que o alumno debe, simultaneamente, saber, saber utilizar e saber incorporar ao seu perfil de competencias. O currículo axuda ao alumno a desenvolver a capacidade de aprender a aprender comezando por establecer de maneira transparente e coherente os obxectivos ou resultados pretendidos, que teñen que facer os estudantes como falantes da lingua estranxeira mediante o uso da mesma; determinando o que necesitan aprender para alcanzar eses obxectivos, e indicando as estratexias que poden aplicar para conseguilo. Marcarse obxectivos de diverso carácter segundo as necesidades de construción do perfil persoal de competencias é, así mesmo, o primeiro paso para unha eficaz aprendizaxe autónoma e ao longo da vida.

Initiative 2 reconece gran importancia ao desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe. Os cadros **Analyse** propoñen a reflexión ao estudante. A sección **Lifelong learning skills** ensínalles como levar a cabo diferentes tarefas.

- O uso efectivo de linguas estranxeiras supón necesariamente unha visión aberta e positiva destas relacións cos demais, visión que se materializa en actitudes de valoración e respecto cara a todas as linguas e culturas, cara a outras persoas cuxos usos, valores e crenzas difiren dos propios, así como na apreciación do carácter relativo de costumes, prácticas e ideas, circunstancia que debe entenderse como unha oportunidade única de enriquecemento mutuo e de evitación ou resolución de conflitos de maneira satisfactoria para todas as partes. As **Competencias Sociais e Cívicas (CSC)**, e a **conciencia e a expresión culturais (CCEC)**, tanto as circunscritas ás contornas máis inmediatas como as propias de ámbitos cada vez máis amplos de actuación, forman, así, parte das habilidades que comprende unha competencia intercultural integrada na aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Initiative 2 contén en cada unidade aspectos sociais e cívicos, por exemplo abordando o problema do desemprego na unidade 6.

- A **conciencia e a expresión culturais (CCEC)** supón ademais coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Initiative 2 proporciona aos estudantes medios para desenvolver esta competencia. A unidade 1 trata sobre o cine e a televisión.

- O enfoque orientado á acción adoptado no currículo concéntrase no alumno, que é quen aprende, constrúe as súas competencias e utilízalas, tanto para levar a cabo as tarefas de aprendizaxe na aula como as que demanda a comunicación real. Por tanto, a materia de Lingua Estranxeira contribúe decisivamente ao desenvolvemento do **sentido da iniciativa (SIE)**, en especial polo que respecta ás actividades de expresión e interacción oral e escrita, nas que, desde a súa mesma planificación, o alumno ha de tomar decisións sobre que dicir e como facelo, a través de que canle e con que medios, en que circunstancias e dependendo de que expectativas e reaccións dos interlocutores ou correspondentes, todo iso co fin de cumprir o propósito comunicativo que persegue co maior grao posible de éxito. A elección e aplicación consciente das estratexias de comunicación, de organización do discurso, de control sobre a súa execución e de reparación do mesmo, preparan aos alumnos para asumir as súas responsabilidades, atopar seguridade nas súas propias capacidades, reforzar a súa identidade e regular o seu comportamento.

A articulación clara e convincente de pensamentos e ideas e a capacidade de asumir riscos, xunto coa xestión adecuada da interacción e o estímulo que supón comunicarse noutras linguas para enfrontar novos retos ou resolver problemas en escenarios complexos, son fundamentais no desenvolvemento do **espírito emprendedor**. As linguas estranxeiras son ademais a porta a un mundo de infinitas posibilidades no terreo laboral e profesional, e o currículo pretende fomentar o emprendimento como actitude ante a vida incorporando actividades concretas nas que o alumno aprende a ser crítico, creativo e comprometido tamén nestes contextos.

Initiative 2 fomenta a iniciativa e a aprendizaxe individual, por exemplo, nas seccións **Assess yourself** ou **Self-study grammar notes**. Tamén fomenta o espírito emprendedor en discusións sobre diversos temas na sección **Let's talk**.

3. D) AS COMPETENCIAS CLAVE E OS OBXECTIVOS DA ETAPA

- As competencias clave deberán estar estreitamente vinculadas aos obxectivos definidos para Bacharelato.

- A relación das competencias clave cos obxectivos da etapa fai necesario deseñar estratexias para favorecer a incorporación dos alumnos á vida adulta e servir de cimento para a súa aprendizaxe ao longo da súa vida.
- A adquisición eficaz das competencias clave por parte do alumnado e a súa contribución ao logro dos obxectivos das etapas educativas, require do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que permitan avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

3. E) AS COMPETENCIAS CLAVE NO CURRÍCULO

- As competencias clave deben estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares, e nelas definirse, explicitarse e desenvolverse suficientemente os resultados de aprendizaxe que os alumnos e alumnas deben conseguir.
- As competencias deben cultivarse nos ámbitos da educación formal, non formal e informal ao longo de toda a vida.
- Todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.
- A selección dos contidos e as metodoloxías debe asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo da vida académica.
- Os criterios de avaliación deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área ou materia. Estes criterios de avaliación se desglosan en estándares de aprendizaxe avaliáveis.
- O conxunto de Estándares de aprendizaxe avaliáveis dunha área ou materia determinada dará lugar ao seu perfil de área ou materia.
- Todas as áreas e materias deben contribuír ao desenvolvemento competencial.

3. F) ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS PARA TRABALLAR POR COMPETENCIAS NA AULA

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e retroaliméntase o proceso.

Os métodos didácticos han de elixirse en función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes nos que ten lugar o ensino.

- Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a **motivación** cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.
- Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a **participación e implicación** do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiros.
- As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de **aprendizaxe cooperativa**, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.
- Para un proceso de ensino-aprendizaxe competencial as **estratexias interactivas** son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
- O **traballo por proxectos** axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

- Así mesmo, resulta recomendable o uso do **portfolio**, que achega información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.
- O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á **diversidade na aula**, considerando especialmente a integración das **Tecnoloxías da Información e a Comunicación** no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.
- Finalmente, é necesaria unha adecuada **coordinación entre os docentes** sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen.

3. G) A AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

- Tanto na avaliación continua nos diferentes cursos como nas avaliacións finais nas diferentes etapas educativas, para poder avaliar as competencias é necesario elixir **estratexias e instrumentos** para avaliar ao alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas e actitudes.
- Han de establecerse as relacións dos **estándares de aprendizaxe** avaliáveis coas competencias ás que contribúen, para lograr a avaliación dos niveis de desempeño competencial alcanzados polo alumnado.
- A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos **contidos**, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos e actitudes para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade ás aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.
- Os niveis de desempeño das competencias poderanse medir a través de indicadores de logro, tales como **Rúbricas** ou escalas de avaliación. Estes indicadores de logro deben incluír rangos dirixidos á avaliación de desempeños, que teñan en conta o principio de atención á diversidade.

- O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados e incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación. En todo caso, os distintos **procedementos de avaliación** utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.
- As **avaliacións externas** de fin de etapa terán en conta, tanto no seu deseño como na súa avaliación os estándares de aprendizaxe avaliábeis do currículo.

4. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E INDICADORES DE LOGRO

4. A) CONTIDOS, CRITERIOS, ESTÁNDARES E INDICADORES DE LOGRO ESPECÍFICOS DE 2º CURSO DE BACHARELATO

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	INDICADORES DE LOGRO E COMPETENCIAS clave
Estratexias de comprensión: - Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. - Identificación do tipo textual,	CE1.1. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e	EA1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade	IL1.1.1. escoita indicacións, instrucións, anuncios, e capta a información esencial. CCL, SIE IL1.1.2. Utiliza os recursos dixitais do curso para afianzar os coñecementos adquiridos na unidade. CCL, CD

<p>adaptando a comprensión ao mesmo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes, implicacións). - Formulación de hipótese sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. - Reformulación de hipótese a partir da comprensión de novos elementos. <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.</p> <p>Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, académico e profesional. - Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, 	<p>articulados a velocidade normal, que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo si son de carácter técnico cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, académico e laboral/profesional, sempre que as condicións acústicas sexan boas e poidanse confirmar certos detalles.</p> <p>CE1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión.</p> <p>CE1.3. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal até institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e</p>	<p>normal (p. e. declaracións ou mensaxes institucionais).</p> <p>EA1.2. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (p. e. para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes, ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación.</p> <p>EA1.3. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversacións e debates relativamente extensos e animados entre varios interlocutores que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.</p> <p>EA1.4. Comprende, en debates e conversacións informais sobre temas habituais ou do seu</p>	<p>IL1.2.1. escoita diálogos sobre xestións cotiás e extrae a información esencial. CCL, SIE</p> <p>IL1.2.2. escoita e entende as preguntas do profesor sobre temas familiares e cotiás. CCL</p> <p>IL1.2.3. escoita e interpreta diálogos sobre situacións cotiás respectando as convencións sociais. CCL, CSC, SIE</p> <p>IL1.3.1. Presenza conversacións sobre o tema da unidade e extrae a información esencial. CCL</p> <p>IL1.3.2. escoita conversacións relativas a valores de tipo ético e mostra respecto cara a outras opinións. CCL, CSC</p> <p>IL1.3.3. escoita debates extensos sobre temas de interese e extrae a información relevante</p> <p>IL1.4.1. escoita conversacións</p>
---	--	--	---

<p>actividades, procedementos e procesos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, medio e longo prazo. - Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. - Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. - Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. - Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios. - Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. 	<p>estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (p. e. históricos ou artísticos) que permitan captar as alusións máis directas sobre estes aspectos que poida conter o texto.</p> <p>CE1.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas tanto principais como secundarias do texto e apreciar as diferenzas de significación de distintos expoñentes das mesmas, así como distinguir os significados xerais asociados ao uso de distintos patróns discursivos típicos polo que respecta á presentación e organización da información (entre outros, topicalización (p. e. uso de estruturas pasivas ou enfáticas), contraste, digresión, ou recapitulación).</p> <p>CE1.5. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral os significados e funcións específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común segundo o contexto de comunicación (p. e. estrutura interrogativa para expresar admiración).</p>	<p>interese, a postura ou punto de vista dos seus interlocutores, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor.</p> <p>EA1.5. Comprende, nunha conversación formal na que participa, no ámbito académico ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.</p> <p>EA1.6. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas académicos ou profesionais da súa área de interese, tanto</p>	<p>informais relacionadas co tema da unidade e capta a información básica. CCL, CMCT</p> <p>IL1.4.2. escoita conversacións informais relacionadas con temas socioculturais e inter-curriculares. CCL, CSC</p> <p>IL1.4.3. Comprende debates ou discusións sobre temas do seu interese e participa respectando as normas</p> <p>IL1.4.4. É capaz de comprender o sentido do humor en charlas de tipo informal</p> <p>IL1.5.1. escoita e comprende conversacións formais relacionadas co tema da unidade. CCL, CMCT</p> <p>IL1.5.2. escoita conversacións formais relacionadas con temas socioculturais e inter-curriculares. CCL, CSC</p> <p>IL1.5.3. escoita entrevistas e extrae a información fundamental. CCL, SIE</p> <p>IL1.6.1. escoita gravacións sobre o tema da unidade e interpreta a información. CCL, CMCT</p>
---	--	---	--

<p>- Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p> <p>Estruturas sintáctico-discursivas.</p> <p>Léxico oral común e máis especializado (recepción).</p> <p>Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</p>	<p>CE1.6. Recoñecer léxico oral común e máis especializado, relacionado cos propios intereses e necesidades no ámbito persoal, público, académico e laboral/profesional, e expresións e modismos de uso habitual, así como as connotacións máis discernibles no uso humorístico ou poético do idioma cando o contexto ou o apoio visual facilitan a súa comprensión.</p> <p>CE1.7. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, e recoñecer os seus significados e intencións comunicativas expresas, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo a ironía e o humor) cando a articulación é clara.</p>	<p>concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.</p> <p>EA1.7. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal.</p>	<p>IL1.6.2. escoita gravacións sobre temas socioculturais e analiza as diferenzas respecto da propia cultura. CCL, CCEC, CSC</p> <p>IL1.6.3. escoita gravacións sobre temas inter curriculares e completa actividades relacionadas. CCL, CCEC, CMCT</p> <p>IL1.6.4. escoita charlas ou conferencias sobre temas de interese e capta a información fundamental. CCL, CCEC</p> <p>IL1.6.5. Utiliza recursos audiovisuais para afianzar os coñecementos adquiridos na unidade. CCL, CCEC</p> <p>IL1.7.1. escoita extractos de programas de radio ou de televisión e extrae información específica. CCL, CCEC, SIE</p> <p>IL1.7.2. Utiliza os recursos dixitais do curso para profundar nos coñecementos adquiridos na unidade. CCL, CD</p> <p>IL1.7.3. Utiliza recursos audiovisuais para afianzar os coñecementos adquiridos na unidade. CCL, CCEC</p> <p>IL1.7.4. É capaz de comprender o sentido do humor en charlas de tipo informal</p>
---	--	---	---

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	INDICADORES DE LOGRO E COMPETENCIAS clave
<p>Estratexias de produción:</p> <p>Planificación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Adecuar o texto ao destinatario, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso. <p>Execución</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar a mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoo adecuadamente e axustándose, no seu caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos 	<p>CE2.1. Construir textos claros e co detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do propio campo de especialidade ou de interese, e defender un punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os proles e os contras das distintas opcións, así como tomar parte activa en conversacións formais ou informais de certa lonxitude, desenvolvéndose cun grao de corrección e fluidez que permita manter a comunicación.</p> <p>CE2.2. Coñecer, seleccionar con coidado, e saber aplicar eficazmente e con certa naturalidade, as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, os interlocutores e a canle de</p>	<p>EA2.1. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese académico ou relacionados coa súa especialidade (p. e. o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda aos oíntes a fixarse nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.</p> <p>EA2.2. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, xa sexa cara a cara, por teléfono ou outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas e</p>	<p>IL2.1.1. Fai presentacións simples relacionadas co tema da unidade seguindo un exemplo. CCL, SIE</p> <p>IL2.1.2. Fala sobre temas socioculturais, mostrando respecto cara a outras culturas. CCL, SIE, CSC</p> <p>IL2.1.3. Fala sobre temas intercurriculares, mostrando os seus coñecementos sobre os mesmos. CCL, SIE, CMCT</p> <p>IL2.1.4. Responde adecuadamente ás preguntas do profesor sobre temas familiares e cotiás. CCL, SIE</p> <p>IL2.1.5. Participa en traballos cooperativos (proxectos, presentacións, etc.) e exponos ante a clase. CCL, SIE, CCEC</p> <p>IL2.2.1. Practica diálogos sobre situacións cotiás seguindo un modelo. CCL, SIE</p> <p>IL2.2.2. Practica e reproduce a pronuncia correcta en situacións cotiás de comunicación. CCL, SIE</p> <p>IL2.2.3. Utiliza a linguaxe xestual para favorecer a comunicación en situacións cotiás. CCL, CAA</p>

<p>dispoñibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe 'prefabricada', etc.). - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou Paratextuais : <p>Lingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modificar palabras de significado parecido. - Definir ou parafrasear un termo ou expresión. <p>Paralingüísticos e Paratextuais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir axuda. - Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. - Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica). - Usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais. <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións</p>	<p>comunicación; recorrendo á paráfrases ou a circunloquios cando non se atopa a expresión precisa, e identificando e corrixindo os erros que poidan provocar unha interrupción da comunicación.</p> <p>CE2.3. Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais ben axustados ao contexto específico, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando erros serios de formulación ou comportamento que poidan conducir a situacións potencialmente conflitivas.</p> <p>CE2.4. Planificar e articular o texto oral segundo a función ou funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os diferentes expoñentes de devanditas funcións segundo os seus distintos</p>	<p>desenvolvendo a súa argumentación de maneira satisfactoria na resolución dos problemas que xurdan.</p> <p>EA2.3. Participa con soltura en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante as mesmas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos.</p>	<p>IL2.2.4. Practica como pedir información, solicitar axuda, dar consellos de forma educada, etc. CCL, CSC; SIE</p> <p>IL2.2.5. Practica como resolver problemas relacionados con xestións cotiás, respectando as normas sociais. CCL, CSC, SIE</p> <p>IL2.3.1. Interpreta conversacións informais por parellas respectando as normas e convencións sociais . CCL, SIE, CSC</p> <p>IL2.3.2. Practica e reproduce a pronuncia correcta en conversacións informais. CCL, SIE</p> <p>IL2.3.3. Mostra acordo ou desacordo respecto das opinións dos demais de forma respectuosa. CCL, CSC; SIE</p> <p>IL2.3.4. É capaz de narrar historias complexas, describindo o argumento e os puntos principais. CCL, CCEC, SIE</p> <p>IL2.3.5. Conversa acerca de valores de tipo ético mostrando respecto cara ao resto de opinións. CCL, CSC, SIE</p> <p>IL2.3.6. Participa en xogos pondo en práctica as explicacións gramaticais e de vocabulario da unidade. CCL, SIE, CAA</p> <p>IL2.3.7. Fai preguntas aos</p>
---	--	---	--

<p>sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.</p> <p>Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, académico e profesional. - Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. - Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, medio e longo prazo. - Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. - Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. - Expresión da vontade, a 	<p>matices de significación, e os distintos patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (p. e. mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou digresións con respecto ao tema principal.</p> <p>CE2.5. Utilizar correctamente, sen erros que conduzan a malentendidos, as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de coherencia e de cohesión de uso común e máis específico, seleccionándoos en función do propósito comunicativo no contexto concreto (p. e. o uso da voz pasiva en presentacións de carácter académico, ou de frases de relativo para facer unha descrición detallada).</p> <p>CE2.6. Coñecer, e saber seleccionar e utilizar léxico oral común e expresións e modismos de uso habitual, e máis especializado segundo os propios intereses e necesidades no ámbito persoal, público, académico e laboral/profesional, así como un reducido repertorio de palabras e</p>	<p>EA2.4. Toma parte adecuadamente en conversacións formais, entrevistas, reunións e debates de carácter académico ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando, e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.</p>	<p>compañeiros respectando as convencións sociais. CCL, SIE, CSC</p> <p>IL2.4.1. Interpreta conversacións formais por parellas seguindo un modelo. CCL, SIE, CSC</p> <p>IL2.4.2. Practica e reproduce a pronuncia correcta en conversacións formais. CCL, SIE</p> <p>IL2.4.3. Expressa a súa opinión sobre cuestións formais, respectando as opinións dos demais. CCL, CSC, SIE</p> <p>IL2.4.4. Mostra acordo ou desacordo con opinións diferentes á súa, de forma respectuosa. CCL, SIE, CSC</p>
---	---	---	---

<p>intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios. - Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. - Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso. <p>Estruturas sintáctico-discursivas.</p> <p>Léxico oral común e máis especializado (producción)</p> <p>Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</p>	<p>expresións que permita un uso humorístico, poético ou estético sinxelo do idioma.</p> <p>CE2.7. Reproducir, axustándose debidamente a algunha variedade estándar da lingua, patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, seleccionándoos en función das propias intencións comunicativas, incluíndo a expresión sinxela da ironía e do humor.</p> <p>CE2.8. Expresarse con relativa facilidade e naturalidade, e cun grao de fluidez que permita desenvolver o discurso sen moita axuda do interlocutor, aínda que poidan darse algúns problemas de formulación que retarden algo o discurso ou que requiran expor de maneira distinta o que se quere dicir.</p> <p>CE2.9. Xestionar a interacción de maneira eficaz en situacións habituais, respectando e tomando a quenda de palabra con amabilidade e cando se desexa, e axustando a propia contribución á dos interlocutores percibindo as súas reaccións, así como defenderse en situacións menos</p>		
---	--	--	--

	rutineiras, e mesmo difíciles, p. e. cando o interlocutor acapara a quenda de palabra, ou cando a súa contribución é escasa e haxa que encher as lagoas comunicativas ou animarlle a participar.		
--	--	--	--

BLOQUE 3: COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	INDICADORES DE LOGRO E COMPETENCIAS clave
<p>Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. - Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes, implicacións). - Formulación de hipótese sobre 	<p>CE3.1. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo si son de carácter técnico cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e laboral/profesional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.</p>	<p>EA3.1. Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (p. e. acerca de instrumentos de medición ou de procedementos científicos).</p> <p>EA3.2. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (p. e. flyers, pancartas, grafitti), académico</p>	<p>IL3.1.1. Le instrucións, indicacións , carteis, fichas informativas, etc. e comprende información específica. CCL, CCEC</p> <p>IL3.1.2. Le e identifica información básica e instrucións nos enunciados dos exercicios. CCL</p> <p>IL3.1.3. Le e pon en práctica instrucións e consellos para mellorar as súas técnicas de aprendizaxe. CCL, CAA</p> <p>IL3.2.1. Le un anuncio publicitario, un folleto turístico, unha guía de viaxes, etc. e analiza a información. CCL, CCEC</p> <p>IL3.2.2. Utiliza os recursos dixitais do</p>

<p>contido e contexto.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. - Reformulación de hipótese a partir da comprensión de novos elementos. <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.</p> <p>Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, académico e profesional. - Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. - Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, medio e longo 	<p>CE3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto si están claramente sinalizadas; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua, formulados de maneira clara.</p> <p>CE3.3. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal até institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (p. e. históricos ou artísticos) que permitan captar as alusións máis directas sobre estes aspectos que poida conter o texto.</p> <p>CE3.4. Distinguir a función ou funcións comunicativas tanto principais como secundarias do</p>	<p>(p. e. pósteres científicos) ou profesional (p. e. boletíns informativos, documentos oficiais).</p> <p>EA3.3. Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e xustifican de maneira detallada información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese.</p> <p>EA3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e académico dentro da súa área de interese ou a súa especialidade.</p> <p>EA3.5. Comprende a información, e ideas e opinións implícitas, en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de</p>	<p>curso para profundar nos coñecementos adquiridos na unidade. CCL, CD</p> <p>IL3.3.1. Le cartas, e-mails, blogs, postais, etc. de carácter persoal e utilízalos como modelo . CCL, CSC, SIE</p> <p>IL3.3.2. Le descricións persoais e analiza a súa dimensión social. CCL, CSC</p> <p>IL3.3.3. Le opinións persoais, expresión de sentimentos, desexos, etc. e compáraos cos propios. CCL, CSC</p> <p>IL3.4.1. Le cartas, e-mails, faxes, etc. de carácter formal e extrae información específica. CCL, CEEC</p> <p>IL3.4.2. Utiliza os recursos dixitais do curso para profundar nos coñecementos adquiridos na unidade. CCL, CD</p> <p>IL3.5.1. Le artigos de prensa, revistas, páxinas web, etc., e</p>
---	---	--	--

- Fomentarase as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Adoptaranse medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil.
- Potenciarase a educación e a seguridade viaria.

VALORES E ACTITUDES

- Educación e respecto na lingua estranxeira.
- Esforzo co vocabulario e estruturas novos.
- Interese e respecto cara ás opinións dos compañeiros, a súa lingua materna, acento, orixe, etc.
- Superar o bloqueo mental cando se coñece a novos falantes da lingua estranxeira
- escoita atenta e mostrando seguridade
- Uso da lingua estranxeira na clase

ELEMENTOS TRANSVERSAIS NO PROXECTO *INITIATIVE 2*

Os temas intercurriculares, afloran en distintas partes do currículo, e non serven unicamente para “coñecer”, senón para “saber como comportarse na sociedade”.

Initiative integra este particular no proceso de aprendizaxe. Dunha ou outra maneira, tanto no tema da unidade como nas tarefas específicas, todas tratan temas morais e cívicos, educación ambiental, para a tolerancia, para a igualdade sexual, educación para a saúde, para o consumidor e para o lecer.

Unidade	<i>Initiative 2</i>
1	Educación Moral e Cívica: Respecto aos demais no uso das novas tecnoloxías. Educación para o Lecer: Valorar a importancia do entretemento que proporcionan as redes sociais e as novas tecnoloxías.
2	Educación Moral e Cívica: Comprender a importancia do comportamento antisocial, a delincuencia e o castigo Educación Moral e Cívica: Entender os perigos do roubo de identidade en Internet.
3	Educación para a Saúde: A importancia de previr enfermidades para gozar dunha vida saudable. Educación Moral e Cívica: Valorar a importancia de aprender primeiros auxilios para axudar aos demais.
4	Educación para o Consumidor: A importancia de comprar con moderación. Educación para o Medio Ambiente: Recoñecer o valor das empresas que respectan o medioambiente.
5	Educación para a Paz: Aceptar a convivencia de persoas doutras culturas no noso país. Educación para o lecer: A importancia de gozar das vacacións.
6	Educación Moral e Cívica: Comprender os problemas das tensións relacionadas co traballo. Educación para a igualdade de ambos os sexos: O coñecemento de calidades persoais para desempeñar unha profesión.

11. UTILIZACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

A incorporación xeneralizada ao sistema educativo das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), que terán en conta os principios de deseño para todas as persoas e accesibilidade universal, permitirá personalizar a educación e adaptala ás necesidades e ao ritmo de cada alumno ou alumna.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación serán unha peza fundamental para producir o cambio metodolóxico que leve a conseguir o obxectivo de mellora da calidade educativa. Así mesmo, o uso responsable e ordenado destas novas tecnoloxías por parte dos alumnos e alumnas debe estar presente en todo o sistema educativo

Os alumnos e alumnas son persoas do século XXI e non poden estar afastados do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, tamén vai aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as Tecnoloxías da Información e a Comunicación ofrécenlles para a adquisición de destrezas na área de Lingua Estranxeira.

USO DO TIC NO PROXECTO *INITIATIVE*

Initiative promove a competencia dixital de diversas maneiras. Inclúe o uso de internet como fonte de ideas para traballo de **speaking** e **writing**, e o uso de paquetes de programas para preparar diapositivas que acompañen presentacións orais. A **Student's Website** dá acceso a actividades prácticas en liña para a linguaxe e as habilidades. Adicionalmente, os alumnos aprenden sobre ferramentas como **Sounds: The Pronunciation App** e o **Macmillan Online Dictionary** para mellorar a súa pronuncia e aumentar o seu vocabulario activo.

En cada aula onde impartimos clase, hai unha pantalla interactiva, cun ordenador portátil con acceso á Internet.

12. RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZATIVOS

Centro IES PRIMEIRO DE MARZO, BAIONA, (PONTEVEDRA)			
Dirección Rúa Virxe da Rocha, nº29			
Cidade/Poboación	Baiona	Provincia	Pontevedra
			Código postal 36300

DEPARTAMENTO DE LINGUA ESTRANXEIRA

1. O material xa foi explicado no Documento Principal.

DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO

Ano	Nº de alumnos	Nº de grupos
2º curso de Bacharelato	71	3

NECESIDADES DOS DISTINTOS GRUPOS

Os obxectivos do 2º de curso de Bacharelato están configurados pola proba ABAU que os estudantes deberán facer para acceder á universidade e implica uns coñecementos previos de anos anteriores. Con só tres horas semanais algúns estudantes necesitarán traballar e revisar anos anteriores para acadar unha boa calificación nesta materia.

ORGANIZACIÓN DE RECURSOS (Ver documento principal: Programación Definitiva 2022-23)

Recursos materiais dispoñibles no centro

Xa foi explicado no Documento Principal.

Espazos dispoñibles no centro

Aula de computadores

Salón de actos.

Biblioteca

Distribución do espazo dentro da aula

Distribución de pupitres en filas.

Áreas de traballo concretas: aulas 14, 17 e 20 e as que sexan adxudicadas

13. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Considéranse actividades complementarias as organizadas durante o horario escolar polos centros, de acordo co seu proxecto curricular e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que utiliza.

- O departamento colaborará naquelas actividades que se estean a realizar no centro e que requiran ou permitan a nosa colaboración: **O Magosto, O Samaín, O Antroido, o Día do Libro** e a celebración do **Día das Letras Galegas**, que xa son tradición no Instituto.
- Se contamos co Auxiliar de Conversa non descartamos realizar algunha outra actividade que acordemos.

Programación didáctica da Formación Profesional Básica 1º.

a - Introdución e contextualización da programación.

Este é o cuarto ano no que se imparte o ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios. Nos anos anteriores impartimos un ciclo de FP de Electricidade e Electrónica, e despois de moitos esforzos conseguimos que se implante un ciclo da mesma familia profesional que o Ciclo Superior. Como xa coñecemos as características do alumnado, intentaremos motivalos para conseguir obxectivos básicos e que lles sirvan na vida cotiá e no seu traballo.

O proceso de matriculación non rematou aínda, así que descoñecemos o número final de alumnos que cursarán 1º de FP Básica. En 2º de FP Básica hay 5 ou 6 estudantes.

(A continuación preséntase un extracto dos obxectivos xerais das ensinanzas da FP Básica, Decreto 71/2017 de 24 de maio publicado no DOG o luns 7 de agosto de 2017 no anexo II). Páx. 37247.

a. Obxectivos xerais do título.

Os obxectivos xerais do ciclo formativo de formación profesional básica de Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios son os seguintes:

- a) Aplicar técnicas de limpeza de moblaxe e desinfección de aseos, cociñas e estancias, seleccionando o procedemento requirido e utilizando os recursos necesarios, segundo prescricións establecidas para os produtos empregados.
- b) Preparar e elaborar os pratos de comida caseira máis habituais, utilizando técnicas básicas de cociña e receitas culinarias, e aplicando normas de hixiene.
- c) Lavar, pasarlles o ferro e coser á man roupa de fogar e pezas de vestir, seleccionando e aplicando a técnica requirida en función da súa natureza, as súas características, o seu tipo e o seu estado, para as conservar en condicións de bo uso.
- d) Aplicar técnicas de limpeza de chans, cristais e paramentos de materiais diversos, utilizando os produtos requiridos e segundo recomendacións de uso, para evitar riscos propios e a outras persoas.
- e) Aplicar técnicas industriais de limpeza e tratamento de superficies, utilizando as principais máquinas específicas, seguindo as prescricións establecidas no uso dos produtos empregados e nos manuais de conservación e mantemento.
- f) Realizar, de xeito simulado, actividades de acompañamento no coidado de nenos e nenas e persoas adultas non dependentes e describir e valorar as actividades segundo as necesidades cotiás ou puntuais dunha unidade convivencial e o tipo de servizo que se desenvolva.

- g) Describir os procedementos para a solicitude de axuda ou os protocolos establecidos e, de ser o caso, realizar operacións sinxelas de soporte vital básico, e describir os aspectos para considerar na comunicación das incidencias detectadas.
- h) Comprender os fenómenos que acontecen no ámbito natural mediante o coñecemento científico como un saber integrado, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver problemas básicos nos campos do coñecemento e da experiencia.
- i) Desenvolver habilidades para formular, interpretar e resolver problemas, e aplicar o razoamento de cálculo matemático para se desenvolver na sociedade e no ámbito laboral, e para xestionar os seus recursos económicos.
- j) Identificar e comprender os aspectos básicos de funcionamento do corpo humano e pólos en relación coa saúde individual e colectiva, e valorar a hixiene e a saúde, para permitir o desenvolvemento e o afianzamento de hábitos saudables de vida en función do contorno.
- k) Desenvolver hábitos e valores acordes coa conservación e a sustentabilidade do patrimonio natural, comprendendo a interacción entre os seres vivos e o medio natural, para valorar as consecuencias que derivan da acción humana sobre o equilibrio ambiental.
- l) Desenvolver as destrezas básicas das fontes de información utilizando con sentido crítico as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter e comunicar información nos contornos persoal, social ou profesional.
- m) Recoñecer características básicas de producións culturais e artísticas, aplicando técnicas de análise básica dos seus elementos, para actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas.
- n) Desenvolver e afianzar habilidades e destrezas lingüísticas, e alcanzar o nivel requirido de precisión, claridade e fluidez, utilizando os coñecementos sobre as linguas galega e castelá para se comunicar no seu contexto social, na súa vida cotiá e na actividade laboral.
- ñ) Desenvolver habilidades lingüísticas básicas en lingua estranxeira para se comunicar de forma oral e escrita en situacións habituais e predicibles da vida cotiá e profesional.
- o) Recoñecer causas e trazos propios de fenómenos e acontecementos contemporáneos, a súa evolución histórica e a súa distribución xeográfica, para explicar as características propias das sociedades contemporáneas.
- p) Desenvolver valores e hábitos de comportamento baseados en principios democráticos, aplicándoos nas súas relacións sociais habituais e na resolución pacífica dos conflitos.
- q) Comparar e seleccionar recursos e ofertas formativas existentes para a aprendizaxe ao longo da vida, para se adaptar ás novas situacións laborais e persoais.
- r) Desenvolver a iniciativa, a creatividade e o espírito emprendedor, así como a confianza en si mesmo/a, a participación e o espírito crítico, para resolver situacións e incidencias da actividade profesional ou de índole persoal.
- s) Desenvolver traballos en equipo asumindo os deberes e cooperando coas demais persoas con tolerancia e respecto, para a realización eficaz das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal.
- t) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para se informar, se comunicar, aprender e facilitar as tarefas laborais.

- u) Relacionar os riscos laborais e ambientais coa actividade laboral, co propósito de utilizar as medidas preventivas correspondentes para a protección persoal, evitando danos ambientais e ás demais persoas.
- v) Desenvolver as técnicas da súa actividade profesional, asegurando a eficacia e a calidade no seu traballo, e propor, se procede, melloras nas actividades de traballo.
- w) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- x) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero e o coñecemento da realidade homosexual, transexual, transxénero e intersexual.

b- Breve descripción do Currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios.

ANEXO II: Currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios.

3.2. Módulos profesionais.

Os módulos deste ciclo formativo son os que se relacionan:

MP3009. Ciencias aplicadas I.

MP3011. Comunicación e sociedade I.

MP3012. Comunicación e sociedade II.

MP3042. Ciencias aplicadas II.

MP3098. Mantemento de pezas de vestir e roupa de fogar.

MP3102. Cociña doméstica.

MP3104. Limpeza de domicilios particulares, edificios, oficinas e locais.

MP3116. Limpeza con máquinas.

MP3145. Actividades de apoio a persoas non dependentes na unidade convivencial.

MP3146. Seguridade no ámbito doméstico.

MP3147. Formación en centros de traballo.

Módulo profesional: Comunicación e sociedade I

- Código: MP3011.
- Duración: 206 horas.

Unidade formativa 2: Comunicación en lingua inglesa I

- Código: MP3011_23.
- Duración: 59 horas.

c- Contribución da área/materia ao logro das competencias clave.

Comunicación lingüística. Aprender unha lingua estranxeira contribúe ó progreso nesta competencia mediante as habilidades comunicativas dos estudantes (listening, speaking, reading e writing). Ademais as competencias na comunicación oral e escrita se enriquecen ao comprender a forma na que está estruturada a lingua. Os estudantes deben mostrar que son capaces de usar as convencións da lingua adecuadas á situación, e que saben distinguir os diferentes contextos da lingua. Poden relacionar esto no estudio doutras linguas (Castelán e Galego). Todas as actividades da clase de idioma teñen un componente comunicativo dun xeito ou doutro. O estudio do idioma potencia as competencias lingüísticas da persoa e afecta ás outras linguas que estudia.

Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Tampouco esta é unha competencia directamente relacionada coa aprendizaxe do inglés. Pero hai temas nos que tocamos de diversos modos a competencia matemática, por exemplo cando os estudantes entran en contacto co uso dos números cardinais, ordinais, as operacións básicas e a súa aplicación á vida diaria. As tarefas que requiren do alumnado interpretar os datos numéricos – porcentaxes, fraccións, ...- contribúen a esta competencia. Bingo de números, falar de estatísticas de poboación, prezos dos produtos, comparacións con cifras, etc. Tamén entrar en páxinas web de tecnoloxía...

Competencia dixital. O coñecemento da lingua inglesa permite ó alumnado acceder a máis tipo de información e a comunicarse con máis tipo de xente. Na clase favoreceremos o uso do e-mail para relacionarse con rapaces da súa idade en inglés. Realizaremos actividades online de búsqueda de información na rede, visitando páxinas web de interese: a do Natural History Museum, dicionarios, noticias, ... entre outras que deixamos a criterio do profesor segundo as circunstancias.

Aprender a aprender. Esta competencia implica que os estudantes son conscientes da súa propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e dos recursos que deben usar para ese fin, así como das destrezas e a motivación que deben aplicar co fin de garantir a aprendizaxe do idioma ao longo de toda a vida. Os estudantes deben ser conscientes tanto do seu potencial para aprender a lingua como das súas debilidades. A técnica de autoavaliación e a elaboración de técnicas de aprendizaxe propias son imprescindibles. Recoñecer que os erros son parte da aprendizaxe e non avergonzarse por eles é imprescindible para progresar. Os alumnos deberán por en práctica as rutinas que lles axudarán a aprender: orde na libreta, rutinas, facer sempre os deberes, presentación de traballos regularmente, uso do inglés falado na aula, subliñar, anotar, utilizar cores para destacar, elaborar listas co vocabulario, memorizar, ler en voz alta, falar en inglés na clase, preguntar as dúbidas...En suma, ter un método propio de traballo.

Competencias sociais e cívicas. O idioma estranxeiro é unha ferramenta de comunicación: na clase entre os compañeiros e co profesor/a. Estas actividades favorecen a interacción e

a cohesión do grupo. Tamén fóra da aula, na vila cos estranxeiros que nos visitan, e nos desprazamentos ao estranxeiro. Permítenos entendernos cos outros e coñecer a cultura doutras comunidades así como compartir a nosa cultura. Deste xeito grazas a poder contactar con outras comunidades - intercambios escolares, visitas de profesores de EEUU ou doutro país de fala inglesa son algunhas das maneiras de facelo real - o alumnado percibe as diferenzas culturais, os diferentes comportamentos sociais e persoais e isto axúdalle a respectar as diferenzas e a ser tolerante coas posturas dos demais, aínda que non coincidan coas súas. O estudo da lingua estranxeira enriquece a súas experiencias vitais e fórmao como cidadán.

Competencia do sentido da iniciativa e do espírito emprendedor. Grazas ao estudo e á práctica do idioma inglés, o alumnado poderá percibir que un novo eido de actuación mercantil ábrese perante os seus ollos e o porá en contacto con outros emprendedores, non necesariamente de fala inglesa como lingua nai pero si como moderna “lingua franca” dos negocios e da relación internacional do comercio.

Competencia da conciencia e expresións culturais. O estudo do inglés require a comprensión da cultura dos países de fala inglesa. Ademais de promover a comprensión da contribución doutros ó patrimonio cultural e artístico dun país, aprender 80na lingua estranxeira permítelle ós alumnos expresar a súa propia creatividade dun xeito adecuado. As tarefas que requiren ó estudante expresar a súa opinión, dar 80na resposta emocional ou crear un traballo orixinal falado ou escrito, por exemplo 80na narración ou un diálogo, contribúen a alcanzar esta competencia cultural e artística. Estas tarefas son habituais na clase de inglés.

d- Resultados de aprendizaxe (RA) e criterios de avaliación (CA):

• **RA1. Utiliza estratexias para interpretar e comunicar información oral en lingua inglesa, elaborando presentacións orais de pouca extensión, ben estruturadas, relativas a situacións habituais de comunicación cotiá e frecuente de ámbito persoal, público ou profesional.**

– CA1.1. Aplicáronse as estratexias de escoita activa para a comprensión precisa das mensaxes recibidas.

– CA1.2. Identificouse a intención comunicativa básica de mensaxes directas ou recibidas mediante formatos electrónicos, valorando as situacións de comunicación e as súas implicacións no uso do vocabulario empregado.

– CA1.3. Identificouse o sentido global do texto oral que presenta a información de xeito secuenciado e progresivo en situacións habituais frecuentes e de contido predicible.

– CA1.4. Identificáronse trazos fonéticos e de entoación común e evidente que axuden a entender o sentido xeral da mensaxe.

- CA1.5. Realizáronse presentacións orais breves de textos descritivos, narrativos e instrutivos dos ámbitos persoal, público ou profesional, de acordo cun guión sinxelo, aplicando a estrutura de cada tipo de texto e utilizando, de ser o caso, medios informáticos.
- CA1.6. Utilizáronse estruturas gramaticais básicas adaptadas a contextos diferentes (formal, non formal e situacións profesionais), e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases e palabras de situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible segundo o propósito comunicativo do texto.
- CA1.7. Expresouse con certa claridade, usando unha entoación e unha pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes.
- CA1.8. Amosouse unha actitude reflexiva acerca da información que supoña calquera tipo de discriminación.
- CA1.9. Identificáronse as normas de relacións sociais básicas e estandarizadas dos países onde se fale a lingua estranxeira.
- CA1.10. Identificáronse os costumes ou as actividades cotiás da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.

• **RA2. Participa en conversas en lingua inglesa utilizando unha linguaxe sinxela e clara en situacións habituais frecuentes dos ámbitos persoal ou profesional, activando estratexias de comunicación básicas.**

- CA2.1. Dialogouse, de xeito dirixido e seguindo un guión ben estruturado, utilizando un repertorio memorizado de modos de oracións e conversas breves e básicas, sobre situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible.
- CA2.2. Mantívoase a interacción utilizando estratexias de comunicación sinxelas para amosar o interese e a comprensión.
- CA2.3. Utilizáronse estratexias básicas de compensación para suplir carencias na lingua estranxeira, como a observación da persoa interlocutora e a procura da súa axuda para facilitar a bidireccionalidade da comunicación.
- CA2.4. Utilizáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, segundo o propósito comunicativo do texto.
- CA2.5. Expresouse con certa claridade, utilizando unha entoación e unha pronuncia comprensibles, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes, nun rexistro formal ou neutro e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada.

• **RA3. Elabora textos escritos breves e sinxelos en lingua inglesa, en situacións de comunicacións habituais e frecuentes dos ámbitos persoal, público ou profesional, desenvolvendo estratexias estruturadas de composición, e aplica estratexias de lectura comprensiva.**

- CA3.1. Leuse o texto de xeito comprensivo, recoñecendo os seus trazos básicos, o seu contido global, e analizouse a súa intención e o seu contexto.

- CA3.2. Identificáronse as ideas fundamentais e a intención comunicativa básica do texto.
- CA3.3. Identificáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio limitado de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, en situacións habituais frecuentes, de contido moi predicible.
- CA3.4. Completáronse e reorganizáronse frases e oracións, atendendo ao propósito comunicativo e a normas gramaticais básicas.
- CA3.5. Elaboráronse textos breves e adecuados a un propósito comunicativo, seguindo modos estruturados.
- CA3.6. Utilizouse o léxico esencial axeitado para situacións frecuentes e para o contexto dos ámbitos persoal ou profesional.
- CA3.7. Amosouse interese pola boa presentación dos textos escritos, respectando as normas gramaticais, ortográficas e tipográficas, e seguindo sinxelas pautas de revisión.
- CA3.8. Utilizáronse dicionarios impresos e en liña e correctores ortográficos dos procesadores na composición dos textos.
- CA3.9. Amosouse unha actitude reflexiva acerca da información que supoña calquera tipo de discriminación.

Outros criterios de avaliación:

O alumnado deberá alcanzar unha avaliación positiva en tódolos aspectos obxecto de forma que amose un equilibrio entre as diferentes competencias lingüísticas: reading, writing, listening and speaking.

Á hora de avaliar terase en conta:

- O nivel inicial do alumnado e a súa progresión da aprendizaxe avaliación, de:
- O interese pola asignatura e o esforzo (asistencia regular a clase, participación activa creativa e continuada, organización do caderno, colaboración co grupo e co profesorado...)
- A realización dos deberes
- As chamadas de clase, exercicios, controis e exámenes, tanto orais como escritos, propostos para cada avaliación

Na comunicación oral valorarase:

- O esforzo do alumnado por utilizar o inglés na interrelación co profesorado e os compañeiros e compañeiras
- O respecto ás intervencións dos demais compañeiros e compañeiras
- a capacidade para entender e facerse entender á marxe dos erros gramaticais que poda cometer.
- O esforzo por reproducir ou imitar a pronunciación e entonación propias do idioma inglés
- a fluidez e riqueza de vocabulario a corrección gramatical

Nas probas escritas atenderase principalmente ós seguintes aspectos:

- superación de erros de base correspondentes a aspectos traballados en niveis inferiores.

- orde e coherencia na composición de frases e parágrafos narrativo-descriptivos, argumentativos e explicativos
- ortografía e puntuación
- uso correcto do vocabulario e estruturas traballadas (con efecto acumulativo en cada avaliación)
- presentación dos traballos

Na lectura se valorará:

- a capacidade para comprender de forma global e específica
- a capacidade para ler de forma autónoma utilizando eficazmente o dicionario e outros recursos bibliográficos e multimedia ó seu alcance.

En canto á lectura en voz alta valorarase se o alumnado realiza as pausas propias das unidades significativas do discurso e o esforzo por reproducir a pronunciación e entonación propias do idioma inglés.

No aspecto sociolingüístico de actitudes e valores o alumnado deberá:

- Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe do idioma inglés.
- Ser capaz de interpretar tamén os aspectos non lingüísticos (xestos, ruidos, normas sociais etc) que facilitan a comunicación e comprensión do entorno socio-ecultural dos países de fala inglesa.
- Servirse dos medios lingüísticos e non lingüísticos para establecer, dende unha actitude de respecto cara á diferenza, similitudes e diferenzas entre a súa cultura e idiomas e o idioma e cultura inglesa.
- Utiliza a lingua inglesa como vehículo de comunicación na aula, integrando o novo vocabulario e estruturas traballadas neste curso.

e- Contidos básicos

BC1. Comprensión e produción de textos orais básicos en lingua inglesa

- Ideas principais en chamadas, mensaxes, ordes e indicacións moi claras.
- Descrición xeral de persoas, lugares e obxectos dos ámbitos profesional e público.
- Narración e explicación sobre situacións habituais e frecuentes do presente, do pasado e do futuro.
- Léxico, expresións e frases sinxelas frecuentes para se desenvolver en transaccións e xestións cotiás dos ámbitos persoal ou profesional.
- Recursos gramaticais. Tempos e formas verbais en presente e pasado; verbos principais, modais e auxiliares. Funcións comunicativas asociadas a situacións habituais e frecuentes. Elementos lingüísticos fundamentais. Marcadores do discurso para iniciar, ordenar e finalizar.
- Pronuncia de fonemas ou grupos fónicos de carácter básico que presenten maior dificultade.
- Uso de rexistros axeitados nas relacións sociais.

- Estratexias fundamentais de comprensión e escoita activa.
- Formatos electrónicos máis usuais.

BC2. Participación en conversas en lingua inglesa

- Estratexias de comprensión e escoita activa para iniciar, manter e rematar a interacción.
- Elaboración de mensaxes e textos sinxelos en lingua inglesa.
- Comprensión da información global e da idea principal de textos básicos cotiáns, dos ámbitos persoal, público ou profesional.
- Léxico frecuente para se desenvolver en transaccións e xestións cotiás e sinxelas dos ámbitos persoal, público ou profesional.
- Composición de textos escritos moi breves, sinxelos e ben estruturados.

BC3. Interpretación e elaboración de mensaxes sinxelas escritas en lingua inglesa

- Elementos lingüísticos fundamentais atendendo aos tipos de textos, aos contextos e aos propósitos comunicativos tendo en conta un enfoque centrado no uso da lingua e na súa dimensión social.
- Propiedades básicas do texto.
- Estratexias e técnicas de comprensión de lectura.
- Estratexias de planificación e de corrección escrita.
- Estratexias de expresión e de interacción escrita.
- Usos sociais da lingua: información xeral, opinión e valoración.
- Funcións comunicativas máis habituais dos ámbitos persoal, público ou profesional en medios escritos.
- Coherencia espazo-temporal e cohesión a través do uso de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito.
- Contidos léxico-semánticos sinxelos e básicos da lingua inglesa.
- Tempos e formas verbais. Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.
- Estruturas gramaticais básicas:
- A oración simple e a oración composta con and/or/but.
- Dicionarios impresos e en liña, e correctores ortográficos.

Morfosintácticos:

- Be • Have got • Present simple
- Present Simple adverbios de frecuencia
- Present Continuous
- Be: past simple
- Past simple: regular and irregular verbs
- Be going to and comparatives

Léxicos:

- Countries, nationalities and numbers

- Technology gadgets and technology verbs
- Transport
- Writing a CV
- Jobs, daily routine
- Clothes
- Food
- A prezi presentation
- Places in town
- Healthy lifestyle, future plans
- Different types of texts
- A powerpoint presentation

Fonéticos:

- Fonemas vocálicos e consonánticos, alfabeto e signos de puntuación.
- Pronunciación da terminación "-es" na desinencia da 3ª persoa singular do presente simple e do plural dos sustantivos.
- Pronunciación da terminación "-ing"
- Pronunciación da terminación "-ed" dos verbos regulares
- Formas débiles e fortes
- Entonación ascendente e descendente nas preguntas

Socioculturais, actitudes e valores:

- Festas: celebracións e tradicións propias da cultura británica e americana
- Semellanzas e diferencias entre culturas
- Interpretación semántica dos xestos, ruídos: exclamacións, etc.
- Distinción entre fórmulas de linguaxe formal e informal
- Uso de las fórmulas adecuadas en las relacións sociais
- Valoración da aprendizaxe doutras linguas como medio de enriquecemento persoal e como vehículo de comunicación e achegamento a outras culturas
- Participación activa creativa nas diversas situacións comunicativas que se presenten
- Desenvolvemento dunha actitude respectuosa e tolerante diante doutras formas de vida actitude positiva ante os erros propios e alleos
- Adquisición de hábitos de orde, estudo e esforzo por aprender de forma autónoma traballar en equipo co-responsabilizándose do proceso de aprendizaxe
- Reflexionar sobre a lingua e o contexto no que se desenvolve
- Servirse dos coñecementos adquiridos con anterioridade para progresar na aprendizaxe do inglés
- Interrelacionar os coñecementos adquiridos noutras áreas e linguas para assimilar mellor a aprendizaxe da lingua e cultura inglesas.

f) Obxectivos. Que o/a alumno/a sexa capaz de :

- utilizar estratexias para interpretar e comunicar información oral en lingua inglesa, elaborando presentacións orais de pouca extensión, ben estruturadas, relativas a situacións habituais de comunicación cotiá e frecuente de ámbito persoal, público ou profesional.

-identificar a intención comunicativa básica de mensaxes directas ou recibidas mediante formatos electrónicos, valorando as situacións de comunicación e as súas implicacións no uso do vocabulario empregado.

–realizar presentacións orais breves de textos descritivos, narrativos e instrutivos dos ámbitos persoal, público ou profesional, de acordo cun guión sinxelo, aplicando a estrutura de cada tipo de texto e utilizando, de ser o caso, medios informáticos.

– utilizar estruturas gramaticais básicas adaptadas a contextos diferentes (formal, non formal e situacións profesionais), e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases e palabras de situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible segundo o propósito comunicativo do texto.

–expresarse con certa claridade, usando unha entoación e unha pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes.

– amosar unha actitude reflexiva acerca da información que supoña calquera tipo de discriminación.

– identificar as normas de relacións sociais básicas e estandarizadas dos países onde se fale a lingua estranxeira.

– identificar os costumes ou as actividades cotiás da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.

- participar en conversas en lingua inglesa utilizando unha linguaxe sinxela e clara en situacións habituais frecuentes dos ámbitos persoal ou profesional, activando estratexias de comunicación básicas.

- expresarse con certa claridade, utilizando unha entoación e unha pronuncia comprensibles, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes, nun rexistro formal ou neutro e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada.

-elaborar textos escritos breves e sinxelos en lingua inglesa, en situacións de comunicacións habituais e frecuentes dos ámbitos persoal, público ou profesional, desenvolvendo estratexias estruturadas de composición, e aplica estratexias de lectura comprensiva.

- ler o texto de xeito comprensivo, recoñecendo os seus trazos básicos, o seu contido global, e analizar a súa intención e o seu contexto.
- identificar as ideas fundamentais e a intención comunicativa básica do texto.
- identificar estruturas gramaticais básicas e un repertorio limitado de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, en situacións habituais frecuentes, de contido moi predicible.
- redactar frases e oracións, atendendo ao propósito comunicativo e a normas gramaticais básicas.
- elaborar textos breves e adecuados a un propósito comunicativo, seguindo modos estruturados.
- utilizar léxico esencial axeitado para situacións frecuentes e para o contexto dos ámbitos persoal ou profesional.
- amosar interese pola boa presentación dos textos escritos, respectando as normas gramaticais, ortográficas e tipográficas, e seguindo sinxelas pautas de revisión.
- utilizar dicionarios impresos e en liña e correctores ortográficos dos procesadores na composición dos textos.

g- Temporalización:

Dependendo do nivel do alumno veremos se son capaces de rematar o proposto. Como en cursos anteriores preferimos consolidar obxectivos que avanzar só por mor de chegar á unidade final.

1º trimestre: unidades 1, 2, 3 e 4.

2º trimestre: unidades 5,6,7 e 8.

3º trimestre: unidades 9,10,11 e 12.

h- Mínimos esixibles:

Pídese que o alumno/a ó final do curso sexa capaz de:

- Saudar e responder ós saudos segundo a hora. Despedirse.
- Utilizar un vocabulario básico .
- Dar información sobre sí mesmo e a súa familia e recabala dos demais: Nome, idade, enderezo, mascotas, traballo...

- Expressar gustos e preferencias propias e alleas.
- Falar das súas rutinas, hábitos e habilidades.
- Expressar posesión.
- Describir persoas e obxectos dando información sobre as mesmas.
- Dar e pedir permiso.
- Dar instrucións
- Expressar obrigaón e prohibición.
- Falar sobre o que está a suceder.
- Describir e narrar feitos pasados, especificando o lugar e o tempo.
- Expressar plans e intencións para o futuro.
- Mercar diferentes obxectos
- Expressar preferencias
- Fijar datas para un encontro
- Dar dirección
- Falar sobre traballos

Para conseguilo deberá utilizar:

- Fórmulas de saúdo e despedida.
- Verbos BE e HA VE (GOT), en Presente e Pasado Simple
- Presente e Pasado Simple dos verbos regulares e irregulares.
- Presente Continuo
- BE GOING TO + verbo
- Imperativo
- Adverbios de frecuencia: Usually, never, always,..
- Expresións temporais: At 7 pm .../Now / On Mondays../Yesterday, Last week.../ Tomorrow, Next month...
- Pronomes persoais suxeto
- LIKE / DON'T LIKE / HATE + sustantivo
- THERE IS , THERE ARE I THERE WAS, THERE WERE
- Adxectivo calificativo: a sua colocación: Adxetivo + nome
- Adxectivos posesivos e o Caso Posesivo : My father 's car,...
- Singular e plural dos sustantivos: plurais irregulares mais comúns
- Determinantes: The , A / An , Some
- Cuantificadores; Some / Any
- Sustantivos contables e incontables.
- Question Words : What / What time / How old / When / Who
- Preposicións: In, on, under, next to, at, behind, under...

i- Criterios de cualificación:

Calcularase a nota da avaliación segundo o seguintes baremos:

40% Vocabulario e gramática

10% Oral e Listening

10 % Reading

10% Writing

30% Boa actitude, colaborando e cooperando nas clases, sen interrompir e molestar.

Tamén é necesario que traían sempre todo o material e que fagan os deberes.

j- Procedementos de avaliación:

A avaliación nesta asignatura é continua e acumulativa ó longo do curso: acumulativa porque en calquera momento do curso o alumnado debe amosar que ten acadados os obxectivos e que domina toda a materia explicada ata ese momento; continua porque a nota final reflectirá a situación acadada polo alumno/a no mes de xuño (ou setembro se é o caso), independentemente dos resultados que tivera nas outras avaliacións.

O profesor/a servirse dos seguintes procedementos para avaliar ó alumno:

- Chamadas en clase: diálogos, preguntas...
 - Control das tarefas feitas na casa
 - Entrega dos traballos requeridos, presentación dos mesmos
 - Exames de avaliación (2 o 3 exames por trimestre)
 - Exposicións orais
 - Actitude fronte ó traballo: participación, interese, iniciativa, traballo en cooperación.
- Terase en conta a actitude do alumno/a á hora de establecer a nota, tanto para subila coma para baixala.

k- Instrumentos de avaliación:

Os mesmos que os procedementos de avaliación.

l- Tratamento e fomento da lectura:

Con só dúas horas semanais de inglés non podemos máis que traballar textos sinxelos e anacos de libros que consideremos do seu interese.

m- Tratamento e fomento das TIC:

- O alumnado conta coa posibilidade de utilizar a Aula de Ordenadores do centro. Non contamos con ordenadores dentro da aula, pero sí cun cañón de vídeo e un ordenador.
- O alumnado accede á información online para realizar actividades puntuais: contestar preguntas dun cuestionario, preparar un traballo de investigación sinxelo, ou elaborar unha biografía dunha persoa relevante ou de interese.
- Tamén utilizamos *Youtube* para cantar cancións en inglés de cando en vez, ou mesmo Karaoke

n- Metodoloxía didáctica:

- Potenciarase a corresponsabilidade do alumnado no proceso de aprendizaxe, e non só no referente á realización das tarefas propostas polo profesorado senón colaborando na elaboración, selección e conservación dos materiais didácticos (facer carteis, traer cancións, recortar de revistas, gravar da televisión ou de internet, propor actividades...).
- Na selección de material didáctico, por unha banda poñerase especial coidado en que non contradigan os principios básicos dunha educación en valores non discriminatoria. De producirse esta contradición, someterase o propio material a unha análise crítica constructiva conxuntamente co alumnado (anuncios sexistas, violencia, etc). Preténdese así que os temas transversais se integren no currículo como unha constante e non como feitos illados e anecdóticos a considerar tan só no "Día Internacional de..."; por outra banda, procurarase que sexan motivadores, atractivos e variados, adecuados ós distintos intereses do alumnado.
- Procurarase utilizar o inglés como lingua vehicular na aula ou, alomenos, que o inglés vaia gañando terreo ó uso da lingua materna a medida que avance o curso. O alumnado debe aceptar o uso da lingua inglesa como instrumento de comunicación na clase, e valorar a importancia que ten na aprendizaxe amosando cooperación cos seus compañeiros no desenvolvemento de actividades comunicativas. Colocarase carteis que axuden a contextualizar a aprendizaxe e facilitar o uso do inglés na aula.
- Sempre que se poda abordarase os contidos de xeito interdisciplinar, potenciando o traballo en equipo tanto do alumnado dentro da aula como do profesorado, participando en proxectos interdisciplinares e coordinándose con outros departamentos.

o- Materiais e recursos didácticos, incluídos os libros de texto.

A día de hoxe e dado o perfil destes alumnos seguiremos como material básico o libro de texto de Nigel Bwyne and Patricia Reilly, English Comunicación y Sociedad-1 FP Básica Ed. Macmillan Profesional, pero os estudantes non terán que mercalo. O profesor proporcionará as copias e os alumnos terán que pagar dous euros, una cantidade simbólica, pero que os axuda a valorar as cousas mellor.

Por suposto o departamento coordinarase para utilizar e compartir os recursos que xa temos e traballar temas relacionados co ciclo que cursan

p- Programación de temas transversais:

- Aproveitarase as lecturas dos textos do Textbook para traballar os temas de xeito interdisciplinar. O ensino dunha lingua estranxeira permitendun xeito natural traballar os contidos lingüísticos utilizando múltiples disciplinas como soporte. Para traballar as competencias orais farase uso de temas transversais e de actualidade, que favorezcan a participación do alumnado.

- A través dos textos tocaremos os temas transversais que correspondan ás noticias que se traten: a tolerancia, a paz, os valores da sociedade, a solidariedade cos máis débiles, etc...

q- Medidas de atención á diversidade:

- O contacto diario co Departamento de Orientación fai que esteamos moi atentos ás diversas características vitais, emocionais e académicas de todo o alumnado matriculado na FP Básica para a súa integración na sociedade despois de pasar polas nosas aulas.

r- As actividades complementarias e extraescolares:

Os alumnos participarán nas actividades xerais do centro (Samaín, Magosto, Entroido, Días do Libro e das Letras Galegas) que tamén están dedicadas a estes dous grupos de FP. Se houber outras durante o curso escolar, pediríamos permiso ao Consello Escolar para levalas a cabo.

PROGRAMACIÓN DA FP BÁSICA 2º

a - Introdución e contextualización da programación.

Este o quinto ano en que se imparte este 2º curso deste ciclo, pero xa coñecemos as características do alumnado así que intentaremos motivalos para conseguir obxectivos básicos e que lles sirvan inicialmente na parte práctica que terán que levar a cabo na última parte do curso. Hai cinco ou seis alumnos en FP Básica 2º.

b- Breve descrición do Currículo do ciclo formativo de Formación Profesional Básica do título profesional básico de Actividades domésticas e limpeza de edificios

ANEXO II: Currículo do Ciclo Formativo de Formación Profesional Básica do Título Profesional Básico de Actividades domésticas e limpeza de edificios

Obxectivos xerais do título.

Os obxectivos xerais do ciclo formativo de formación profesional básica de Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios son os seguintes:

- a) Aplicar técnicas de limpeza de moblaxe e desinfección de aseos, cociñas e estancias, seleccionando o procedemento requirido e utilizando os recursos necesarios, segundo prescricións establecidas para os produtos empregados.
- b) Preparar e elaborar os pratos de comida caseira máis habituais, utilizando técnicas básicas de cociña e receitas culinarias, e aplicando normas de hixiene.

- c) Lavar, pasarlles o ferro e coser á man roupa de fogar e pezas de vestir, seleccionando e aplicando a técnica requirida en función da súa natureza, as súas características, o seu tipo e o seu estado, para as conservar en condicións de bo uso.
- d) Aplicar técnicas de limpeza de chans, cristais e paramentos de materiais diversos, utilizando os produtos requiridos e segundo recomendacións de uso, para evitar riscos propios e a outras persoas.
- e) Aplicar técnicas industriais de limpeza e tratamento de superficies, utilizando as principais máquinas específicas, seguindo as prescricións establecidas no uso dos produtos empregados e nos manuais de conservación e mantemento.
- f) Realizar, de xeito simulado, actividades de acompañamento no coidado de nenos e nenas e persoas adultas non dependentes e describir e valorar as actividades segundo as necesidades cotiás ou puntuais dunha unidade convivencial e o tipo de servizo que se desenvolva.
- g) Describir os procedementos para a solicitude de axuda ou os protocolos establecidos e, de ser o caso, realizar operacións sinxelas de soporte vital básico, e describir os aspectos para considerar na comunicación das incidencias detectadas.
